Asistencia técnica

Consello Económico e Social de Galicia – CES Galicia

- Universidade Vigo

TECIDO EMPRESARIAL GALEGO E DINÁMICA EMPRESARIAL. ANÁLISE COMPARADA

MEMORIA DO TRABALLO

Grupo de investigación GEN

Universidade Vigo

27 de xuño de 2023

EQUIPO DE TRABALLO:

Santiago Lago Peñas
José Franciso Armesto Pina
Alejandro Domínguez Lamela
Patricio Sánchez Fernández

Versión 27/06/2023

Contacto:

Facultade de CC. Empresariais e Turismo
Universidade de Vigo
Campus Universitario
32004 OURENSE

Email: patricio@uvigo.es
Tfno: 988 36 87 20 - Fax: 988 36 89 23

ÍNDICE

ÍNDICE DE TÁBOAS, FIGURAS E ILUSTRACIÓNS 4
INTRODUCIÓN 10
1. ANÁLISE DO CONTEXTO ECONÓMICO 13
1.1. A economía galega 13
2. TECIDO EMPRESARIAL 27
2.1. Evolución e composición do tecido empresarial. 27
2.2. Empresa e xeración de emprego 55
2.3. Empresa e forma xurídica 72
2.4. Empresa e sector exterior 83
2.5. Aspectos financeiros 94
3. DINÁMICA EMPRESARIAL 103
3.1. Empresas inscritas na Seguridade Social 104
3.2. Altas e baixas. Taxa de rotación 108
3.3. Taxas de creación e mortalidade empresarial 114
3.4. Taxa de supervivencia 121
4. CONDICIONANTES DA DINÁMICA EMPRESARIAL 125
4.1. O contexto galego 125
4.2. A dinámica empresarial. Resultados do cuestionario 131
4.3. A dinámica empresarial. Resultados dos *focus group*. 134
5. PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS 141
5.1. Consideracións xerais 141
5.2. Propostas e recomendacións concretas vencelladas os distintos factores determinantes 142
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS 146
ANEXOS 149

ÍNDICE DE TÁBOAS, FIGURAS E ILUSTRACIÓNS

FIGURAS

Figura 1: Evolución do PIB real na UE-27, zona euro e principais economías europeas, 2019-2021. Taxas de variación interanual 13

Figura 2: Evolución do PIB real Galicia e España, 2019-2021. Taxas de variación interanual 15

Figura 3: Evolución da actividade económica Galicia e España. 2008 e 2021 16

Figura 4: Evolución da actividade económica 2020-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100) 17

Figura 5: PIB real Galicia e España 2021. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual 19

Figura 6: Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2019-21 21

Figura 7: Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2017-2021 22

Figura 8: Evolución do paro rexistrado en Galicia 2017-2021..... 23

Figura 9: Exportacións galegas do sector da automoción, téxtil-confección e pesca 2009-2021..... 25

Figura 10: Exportacións galegas 2020-21. Principais países e sectores económicos..... 26

Figura 11: Evolución do número de empresas activas en Galicia 2008-2021..... 28

Figura 12: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincias. *(Base 2008=100)*. 29

Figura 13: Evolución do número de empresas activas na Unión Europea 2010-2020 .. 32

Figura 14: Evolución do número de empresas activas en España 2008-2021. Base 2008 = 100 34

Figura 15: Evolución do número de empresas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2008-2019..... 36

Figura 16: Evolución empresas activas (1) nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña 2008-2019..... 37

Figura 17: Evolución empresas activas nas áreas metropolitanas de Vigo, A Coruña e Porto 2008-2019. Base 2008=100 38

Figura 18: Evolución do tecido empresarial galego 2008-2021. Distribución segundo grandes sectores. (Base 2008 = 100)..... 40

Figura 19: Evolución do tecido empresarial galego 2008-2021. Base 2008 = 100) 45

Figura 20: Evolución do tecido empresarial na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2008-2019. Base 2008=100 48

Figura 21: Demografía empresarial en Galicia e España 2008-2021 49
Figura 22: Demografía empresarial en España 2021. Distribución segundo CC.AA. 50
Figura 23: Densidade empresarial e nivel de renda 2020 51
Figura 24: Densidade empresarial e variación do número de empresas 53
Figura 25: Converxencia en densidade e crecemento empresarial 2008-2021 54
Figura 26: Empresas activas, emprego e valor engadido bruto 2020. Distribución segundo tamaño empresarial 57
Figura 27: Tecido empresarial en España e CC.AA. consideradas 2021. Distribución segundo tamaño 58
Figura 28: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2020. Distribución segundo tamaño empresarial 59
Figura 29: Evolución do tecido empresarial en España e nas CC.AA. consideradas 2008-2020. Distribución segundo tamaño empresarial 60
Figura 30: Distribución porcentual das empresas segundo sector e tamaño 2021 64
Figura 31: Distribución porcentual das empresas segundo tamaño e sector 2021 65
Figura 32: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2020. Distribución segundo tamaño e provincia. (Base 2008 = 100) 67
Figura 33: Evolución do tecido empresarial na Eurorrexión Galicia—Norte de Portugal 2008-2020. Distribución segundo tamaño 68
Figura 34: Tamaño empresarial 2019. Rexións metropolitanas consideradas 70
Figura 35: Evolución do tamaño empresarial 2008-2019. Rexións metropolitanas consideradas 71
Figura 36: Tecido empresarial nas provincias galegas 2008, 2014, 2019 e 2021. Distribución segundo forma xurídica 76
Figura 37: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincia e forma xurídica 77
Figura 38: Poboación ocupada feminina en Galicia e España 2008-2021. Distribución segundo situación profesional 81
Figura 39: Evolución do PIB en Galicia 2008-2021. Achega da demanda interna e externa 84
Figura 40: Evolución do PIB galego 2008-2021. Compoñentes da demanda seleccionados 85
Figura 41: Peso relativo das exportacións no PIB 2008, 2013, 2019 e 2021 86
Figura 42: Porcentaxe acumulada de exportación por número de exportadores (ordenados por volume de exportación) en Galicia e España. 2008-2021 91
Figura 43: Porcentaxe acumulada de exportación por número de exportadores (ordenados por volume de exportación) en Galicia e España. 2008-2021 92

Figura 44: Evolución das taxas de valor engadido, gasto de persoa e marxe bruto de explotación 2008-2020 en Galicia e España 96

Figura 45: Evolución da rendibilidade económica e financeira en Galicia e España 2008-2020. 98

Figura 46: Evolución da taxa de valor engadido e taxa de gastos de persoal en Galicia. Distribución segundo sectores 100

Figura 47: Evolución dos rateos financeiros en Galicia e España 2008-2020. 102

Figura 48: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: taxa de variación anual. 106

Figura 49: Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-21 110

Figura 50: Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-21 111

Figura 51: Evolución da taxa de creación de empresas en España, Francia, Italia e Portugal 2011-2020 116

Figura 52: Evolución da taxa de mortalidade empresarial en España, Francia, Italia e Portugal 2011-2020 117

Figura 53: Demografía empresarial en Galicia e España 2011-2020. Taxas de creación e mortalidade empresarial. Taxas de rotación 119

Figura 54: Demografía empresarial na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal 2008-2020. Taxas de creación e mortalidade empresarial. Taxas de rotación. 120

Figura 55: Valoración do marco institucional e regulamentario 132

Figura 56: Valoración do marco fiscal e financeiro. 132

Figura 57: Valoración do entorno de mercado e factores competitivos. 133

Figura 58: Valoración dos factores organizacionais. 133

Figura 59: Valoración dos factores tecnolóxicos. 134

Figura 60: Factores determinantes do desenvolvemento empresarial. 136

TÁBOAS

Táboa 1: Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2021. Taxas de variación interanual 18

Táboa 2: Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2021 20

Táboa 3: Evolución do número de empresas en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincias 31

Táboa 4: Evolución do número de empresas na Unión Europea 2010-2020. Taxas de variación interanual 33

Táboa 5: Evolución do número de empresas activas en España 2008-2021. Distribución segundo Comunidades Autónomas 34

Táboa 6: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo grandes grupos de actividade 39

Táboa 7: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo ramas de actividade 41

Táboa 8: Tecido empresarial nas Comunidades Autónomas españolas 2008 e 2021. Distribución segundo grandes grupos de actividade 42

Táboa 9: Tecido empresarial en España e Galicia 2021. Distribución segundo ramas de actividade e provincia 44

Táboa 10: Tecido empresarial na Unión Europea e na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2019. Distribución segundo grupos de actividade 46

Táboa 11: Densidade empresarial en España 208-2021. Variación no período considerado 52

Táboa 12: Densidade empresarial en España 2008-2020. Variación no período considerado 62

Táboa 13: Tecido empresarial en Galicia 2021. Distribución segundo tamaño e provincia 66

Táboa 14: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo condición xurídica 73

Táboa 15: Tecido empresarial en España 2021. Distribución segundo forma xurídica . 74

Táboa 16: Peso relativo do emprego feminino na poboación ocupada total, por conta propia e conta allea. Distribución segundo Comunidade Autónoma. 79

Táboa 17: Peso relativo do emprego feminino por conta propia. Distribución segundo persoas empresarias con asalariados e persoas empresarias sen asalariados ou persoas traballadoras independentes. 80

Táboa 18: Poboación ocupada feminina en Galicia 2008-2021. Distribución segundo situación profesional 82

Táboa 19: Poboación ocupada por conta propia en Galicia. Distribución segundo grupos de idade 83

Táboa 20: Peso relativo das exportacións no PIB 2008, 2013, 2019 e 2020. Distribución segundo CC.AA. 87

Táboa 21: Base exportadora en Galicia 2008-2021..... 89

Táboa 22: Evolución do nº de exportadores por sectores ICEX..... 93

Táboa 23: Ranking dos 20 principais Sectores ICEX 94

Táboa 24: Indicadores económicos e financeiros nas Comunidades Autónomas 2020. 97

Táboa 25: Rateos económicos e financeiros en Galicia 2020. Distribución segundo sector económico 99

Táboa 26: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21 105

Táboa 27: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: distribución sectorial e segundo titularidade..... 107

Táboa 28: Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2021..... 108

Táboa 29: Demografía empresarial en Europa. Taxa de creación e mortalidade empresarial. Taxa de rotación..... 115

Táboa 30 Demografía empresarial en España. Taxa de creación e mortalidade empresarial. Taxa de rotación. Distribución segundo CC.AA. 118

Táboa 31: Supervivencia empresarial aos tres anos en España, 2014, 2019 e 2020... 122

Táboa 32: Supervivencia empresarial aos tres anos en Galicia, 2014, 2019 e 2020. Distribución segundo sectores 123

Táboa 33: Supervivencia empresarial aos tres anos en España, 2014, 2019 e 2020. Distribución segundo tamaño empresarial 124

Táboa 34: Factores determinantes do desenvolvemento empresarial. 128

Táboa 35: Factores de calidade institucional e regulamentarios con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas. 128

Táboa 36: Factores fiscais e financeiros con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas. 128

Táboa 37: Factores competitivos con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas. 129

Táboa 38: Factores organizacionais con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas. 129

Táboa 39: Factores tecnolóxicos con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas. 130

Táboa 40: Composición dos Grupos de Traballo. 135

ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1: Directorio central de empresas- páxina de inicio..... 151
Ilustración 2: Enquisa de Poboación Activa - páxina de inicio 154
Ilustración 3: Instituto de Comercio Exterior - páxina de inicio..... 158
Ilustración 4 : Rexistro Mercantil- páxina de inicio 162

INTRODUCIÓN

O presente traballo titulado "Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada" é froito do contrato asinado polo Consello Económico e Social de Galicia (CES Galicia) e a Universidade de Vigo co obxectivo de ofrecer un marco de reflexión consensuado sobre o tecido empresarial galego.

Os focos de atención son dous. En primeiro lugar analízase o impacto das dúas últimas crises económicas (anos 2008 e 2019) no tecido empresarial galego. En segundo lugar, estúdase a dinámica e demografía empresarial dende unha perspectiva comparada coas outras comunidades autónomas españolas.

Con esta finalidade, téñense en conta os principais resultados relativos aos indicadores sobre a actividade económica e empresarial dispoñibles. O ámbito temporal de estudo céntrase no período 2008-2021. Dito intervalo pódese dividir, á súa vez, en tres sub-períodos: dende o inicio da crise financeira de 2008 ata o ano 2013; o período de recuperación iniciada a finais de 2013 e a crise orixinada pola pandemia nos 2020-2021. Non contamos aínda con datos oficiais para 2022 para a totalidade das variables estudadas, nomeadamente as de carácter macroeconómico que son as que máis relevancia teñen para o propósito deste estudo. Pódese afirmar que este período temporal permite cubrir o impacto da pandemia, quedando á marxe os efectos da guerra de Ucraína comezada en febreiro de 2022 e que, lamentablemente, segue vixente.

A preocupación pola situación e evolución do tecido empresarial de Galicia é unha constante nos traballos do CES Galicia. Así, a súa Memoria socioeconómica de Galicia (CES-Galicia, 2021) dedica un capítulo completo á análise do tecido produtivo galego, prestando especial atención á súa estrutura produtiva, á demografía empresarial e, finalmente, ao sector exterior.

Asemade, diversos estudios e informes recentes fan fincapé es aspectos de especial incidencia para o entramado empresarial como pode ser o máis recente que versaba

sobre a dixitalización (CES-Galicia, 2022) ou ben o publicado en 2018 que tiña como interese principal os efectos do Brexit (CES-Galicia, 2018).

Mención especial sobre este particular merece o informe elaborado no ano 2017 que, baixo o título "Por unha alianza no sector industrial galego" centrábase na industria manufactureira e os servizos avanzados seguindo a iniciativa promovida pola Comisión Europea cara a unha integración da competitividade industrial (Comisión Europea, 2014). Nomeadamente, o informe parte da concepción de que as actividades industriais se integran en cadeas de valor globais e complexas, nas que conflúen empresas emblemáticas con pequenas e medianas empresas (PeMEs).

Con respecto a esta integración, cómpre sinalar que a interacción da industria co resto da economía vai moito máis lonxe da fabricación. En concreto, é preciso contemplar o subministro de materias primas (período anterior) como os servizos ás empresas e consumidores de loxística e posvenda (período posterior). Por este motivo, o sector industrial debe ser entendido dun xeito amplo, entendendo a unidade de produción non só como a manufactura final propiamente dita senón considerando tamén o proceso de produción e servizos asociados á cadea de valor.

Consecuencia directa deste traballo, en 2019, vía a luz un segundo informe titulado "Informe de seguimento do sector manufactureiro galego" (CES-Galicia, 2019) que, tomando como referencia o anterior, revisaba exclusivamente a marcha sector manufactureiro[1].

Ao igual que no informe precedente, destacábase do sector o seu carácter crucial para Galicia polos seus efectos de arrastre sobre variables tan importantes como o emprego, a innovación ou a internacionalización da nosa economía. Con esta finalidade, procurábase no traballo abordar o núcleo central dunha actividade sometida a crecentes presións tecnolóxicas e económicas, deixando constancia da súa pretensión facer un

[1] Nesta edición fronte ao que acontecera na primeira, sen os servizos asociados

seguimento regular destas actividades no CES-Galicia, con indicadores periódicos; nomeadamente de carácter anual.


O documento organizase en cinco bloques diferenciados. Unha primeira parte fai referencia ao contexto económico e social a través do cal se facilita unha visión de como se atopa Galicia así como o conxunto da economía mundial. Nun segundo bloque preséntase o marco do tecido empresarial atendendo a diferentes aspectos tales como a súa estrutura xurídica, a xeración de emprego, o sector exterior ou os aspectos financeiros. A continuación, o terceiro apartado aborda a dinámica empresarial no que atinxe ás altas e baixas e as súas correspondentes taxas de creación e mortalidade. Nesta parte faise especial fincapé á supervivencia das empresas procedendo á súa cuantificación a través de taxas de variación. O cuarto bloque do traballo presta atención aos diferentes aspectos que condicionan o desenvolvemento das empresas realizando unha revisión da literatura especializada e unha posterior análise demoscópica que constituíu no deseño dun cuestionario e a posta en marcha de grupos de traballo cunha selección de empresas representativas do tecido empresarial galego. Finalmente, o último apartado do documento expón e xustifica as principais recomendacións, suxestións e propostas que xorden do traballo.

1. ANÁLISE DO CONTEXTO ECONÓMICO

1.1. A economía galega

Do mesmo xeito que nas economías da nosa contorna, a crise económica provocada pola pandemia provocou unha forte contracción do Produto Interior Bruto (PIB) na economía galega, estando condicionado o seu comportamento pola evolución da pandemia e as medidas adoptadas para frear a súa expansión. Ao longo de 2021, tres trimestres consecutivos con taxas de variación interanuais positivas permitirían afirmar que se consolida a reactivación da actividade económica, aínda que cara ao futuro hai que ter presente non só o posible impacto negativo do atraso na recuperación e fondos de resiliencia e a maior ou menor capacidade das administracións públicas para canalizar estes recursos cara ao tecido produtivo ou repuntes en posibles casos de COVID, senón tamén o acusado encarecemento do prezo da enerxía e as materias primas.

Figura 1: Evolución do PIB real na UE-27, zona euro e principais economías europeas, 2019-2021. Taxas de variación interanual



	IV	I	II	III	IV	I	II	III	IV
	2020					2021			
Zona euro	1,2	-3,1	-14,5	-4,0	-4,4	-1,1	14,4	3,9	4,6
UE-27	1,4	-2,5	-13,7	-3,9	-4,1	-1,1	13,8	4,1	4,8
Alemaña	0,9	-1,9	-11,3	-3,7	-2,9	-2,8	10,4	2,9	1,8
Francia	0,9	-5,5	-18,6	-3,6	-4,3	1,7	19,0	3,5	5,4
Portugal	2,8	-2,6	-17,9	-6,3	-6,8	-5,3	16,5	4,4	5,8
España	1,7	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,3	17,7	3,4	5,2


Fonte: Eurostat e INE

O conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona do euro no cuarto trimestre de 2021 experimentaron un incremento interanual da súa actividade económica do 4,8% e 4,6%, respectivamente. O seu PIB medio anual aumentou un 5,3% en ambos os casos. Doutra banda, entre as principais economías da Eurozona, España e Francia, que sufriron o impacto inicial da crise máis acusado entre as principais economías europeas, presentan no último trimestre do ano taxas de crecemento superiores á media comunitaria, con medras interanuais do 5,2% e 5,4%, respectivamente, situándose esta porcentaxe de 5,8% en Portugal.

Pola contra, Alemaña freou o seu crecemento no cuarto trimestre do ano, crecendo un 1,8% respecto ao mesmo período do ano anterior. No conxunto do ano 2021, o crecemento máis intenso entre as grandes economías rexistrouse en Francia, cun incremento do 7% respecto ao ano anterior, por diante de Italia, cun 6,6%, que contrasta co crecemento do 2,9% estimado para a economía alemá (4,9% en Portugal).

En canto á evolución da economía galega, a incidencia negativa da crise provocada polo COVID ao longo de todo o ano 2020 e o primeiro trimestre de 2021 é menor en Galicia que no conxunto do Estado. Coa reactivación da economía no segundo trimestre de 2021, a economía galega presenta unha taxa de variación interanual do PIB inferior á española nese segundo trimestre sendo moi similar nos dous últimos trimestres do ano. No conxunto do ano 2021, a actividade económica galega creceu un 5,2% respecto ao ano anterior fronte ao 5,0% de media en España (5,2% e 5,1% no cuarto trimestre do ano, respectivamente).


Figura 2: Evolución do PIB real Galicia e España, 2019-2021. Taxas de variación interanual



Fonte: INE e IGE

A pesar de que a orixe da crise económica de 2008 e a de 2019 son diferentes, cando se compara o seu impacto inicial na actividade económica de Galicia e España, a incidencia desta última é significativamente superior, pero a recuperación tamén parece ser que vai ser moito máis intensa. Tomando como referencia o valor máis elevado do PIB antes da crise, o PIB galego sitúase no cuarto trimestre de 2021 un 2,3% por baixo do nivel previo ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 4% no caso da economía española. En termos comparativos, cabe sinalar que dous anos despois do inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego e español situábase 4,1 puntos por baixo do nivel anterior á crise.

Figura 3: Evolución da actividade económica Galicia e España. 2008 e 2021




Fonte: INE e IGE

A recuperación da actividade económica foi máis rápida no conxunto de España, superando o nivel previo á crise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española superárao no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido alcánzase en Galicia no último trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).

Cando se fai a comparación coa evolución noutras comunidades que computan tamén o PIB trimestralmente tomando como referencia a situación no cuarto trimestre de 2019, cabe sinalar que só a Comunidade Foral de Navarra ten un mellor comportamento. No cuarto trimestre de 2021 a súa actividade económica sitúase 1,6 puntos por baixo do PIB de 2019, sendo esta porcentaxe de 2,3 puntos no caso de Galicia. A recuperación da actividade económica galega segue sendo superior á de Cataluña e o País Vasco, que no último trimestre do ano situábanse 2,7 e 3,8 puntos porcentuais por baixo do nivel de 2019, respectivamente.

Figura 4: Evolución da actividade económica 2020-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: INE e IGE

A reactivación económica en Galicia e España vén motivada tanto por unha contribución positiva da demanda interna como da externa. Mentres que o inicio do proceso vén motivado por unha forte contribución da demanda interna tanto en Galicia como en España, o crecemento agregado do PIB de Galicia no terceiro e cuarto trimestre de 2021 explícase por unha achega da demanda externa superior á interna, ao contrario do que ocorre no Estado no seu conxunto.

Para 2021, o crecemento do 5,2% experimentado pola economía galega explícase por unha achega da demanda interna de 3,2 puntos fronte aos 2 puntos da demanda externa (en 2019 a demanda interna detraía seis décimas ao crecemento agregado do PIB, mentres que o externo achegou 1,7 puntos).

Todos os compoñentes da demanda interna presentan en Galicia e España taxas de crecemento interanuais positivas, sendo estas máis elevadas na economía española. En primeiro lugar, hai que destacar que é o investimento onde se rexistra o maior diferencial ao crecer un 6,6% no conxunto do Estado, cinco puntos e medio por encima da economía galega. Doutra banda, o consumo privado crece en Galicia un 4,2% respecto ao ano anterior, cinco décimas menos que o experimentado en España,


mentres que no caso do consumo público o diferencial é de décimas, situándose a taxa de variación interanual no 2,7% en Galicia fronte ao 3% en España.

Táboa 1: Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2021. Taxas de variación interanual

	2019	2020	2021	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV
				(%)								
Produto Interior Bruto	**1,1**	**-8,9**	**5,2**	**0,3**	**-4,3**	**-17,9**	**-6,4**	**-7,0**	**-2,4**	**16,0**	**3,5**	**5,1**
Demanda												
Gasto en consumo final	-1,4	-7,2	3,7	-1,3	-4,6	-16,6	-3,7	-3,8	-1,3	14,2	1,4	2,0
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,5	-11,4	4,2	-2,2	-7,7	-22,7	-6,1	-8,8	-3,1	17,3	0,5	4,1
AA. Públicas	1,8	4,8	2,7	1,3	4,6	1,0	3,0	10,5	3,3	7,3	3,7	-3,0
Formación Bruta de Capital	3,7	-11,8	1,1	-0,6	-7,9	-23,8	-8,5	-6,6	-2,3	16,4	-3,3	-4,1
Achega demanda interna ao PIB	**-0,6**	**-7,9**	**3,2**	**-1,2**	**-5,1**	**-17,6**	**-4,4**	**-4,2**	**-1,5**	**14,3**	**0,6**	**1,0**
Exportacións	0,6	-5,8	9,9	3,7	-0,7	-23,8	2,3	-1,8	4,5	38,2	-0,4	5,0
Importacións	-2,5	-4,0	6,5	1,0	-2,3	-23,9	6,2	3,6	6,5	35,8	-5,5	-2,2
Achega demanda externa ao PIB	**1,7**	**-1,0**	**2,0**	**1,5**	**0,8**	**-0,3**	**-2,0**	**-2,8**	**-0,9**	**1,7**	**2,9**	**4,1**
Oferta												
Sector primario	0,2	-3,9	-0,5	-0,8	-3,0	-3,1	-3,6	-5,7	-3,9	-1,0	-0,2	3,4
Industria	-6,9	-9,2	4,1	-6,2	-6,4	-20,9	-4,5	-4,9	0,4	17,9	0,8	-0,4
Industria manufactureira	0,0	-10,4	6,1	0,8	-4,1	-27,8	-5,4	-4,4	-0,5	28,0	0,2	2,1
Construción	5,8	-9,4	-2,4	2,7	-3,3	-19,4	-7,2	-7,6	-6,8	8,9	-5,1	-5,0
Servizos	2,9	-8,8	6,6	2,0	-3,7	-17,8	-6,5	-7,3	-2,3	17,4	5,0	7,7
Comercio, transporte e hostalería	0,4	-21,9	15,0	-1,3	-10,6	-39,9	-17,5	-19,8	-10,1	46,7	12,5	22,3
Información e comunicacións	11,4	0,2	-0,1	9,2	9,4	-5,0	-1,3	-1,8	-6,0	1,5	1,3	3,2
Actividades financeiras e de seguros	1,4	4,8	6,7	6,8	-0,8	5,1	7,7	7,1	12,9	7,7	4,1	2,8
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	0,3	1,1	0,6	0,0	-0,5	-0,6	-0,3	0,2	0,5	0,8
Actividades profesionais	11,6	-10,2	4,8	8,8	-4,1	-25,2	-5,0	-6,7	-0,6	27,6	-1,7	-1,0
Administración pública, sanidade e educación	2,2	1,0	3,2	1,6	1,8	-0,4	0,6	2,1	2,2	4,6	4,4	1,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	5,9	-20,1	9,6	4,1	-9,8	-41,7	-13,3	-15,4	-4,4	50,4	2,4	3,7

Fonte: IGE

Figura 5: PIB real Galicia e España 2021. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

A aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ha de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado de traballo e a súa comparación co resto de comunidades: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo hai que mencionar a mellora, en termos anuais, das taxas de actividade, ocupación e desemprego. Doutra banda, a taxa de temporalidade aumenta en Galicia.

Polo que se refire á á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no último ano ata o 52,5%, tres décimas por encima da estimada en 2020. Así, Galicia mantense como a segunda comunidade autónoma coas taxas máis baixas despois de Asturias, cun 50,7%, aumentando o diferencial respecto ao conxunto do Estado, onde

tras un incremento de 1,1 puntos porcentuais sitúase no 58,5%. No conxunto do Estado, o diferencial mantense por encima do de Galicia, situándose en 9,8 puntos, aumentando a taxa de actividade feminina ata o 53,7% e a masculina ata o 63,6%.

En canto á taxa de ocupación, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos en Galicia ascende ao 46,4%, aínda que o diferencial aumenta respecto a a media estatal que se sitúa en 3,5 puntos fronte aos 2,6 puntos do anterior ano (no conxunto do estado ascende ao 49,9%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a quinta comunidade autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (44,3%), Estremadura (44,4%), Canarias (44,5%) e Andalucía (44,7%). A taxa de paro galega descendeu en 2021 ata o 11,7%, máis de tres puntos por baixo da media estatal (14,8%), o que a sitúa nunha posición intermedia respecto ao resto de comunidades autónomas.

Táboa 2: Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2021


	2019	2020	2021	2019 IV	2020 IV	2021 I	2021 II	2021 III	2021 IV
				(en miles de persoas)					
Poboación maior de 16 anos	2.335,3	2.339,0	2.340,9	2.337,1	2.339,6	2.341,3	2.340,5	2.340,9	2.340,8
Poboación activa	1.241,1	1.220,9	1.228,2	1.241,7	1.223,5	1.218,1	1.229,1	1.239,2	1.226,4
25 - 34 anos	223,3	210,7	207,0	221,4	210,3	206,2	206,4	209,3	206,0
Poboación ocupada	1.095,2	1.074,2	1.085,1	1.096,0	1.080,9	1.059,8	1.076,7	1.112,5	1.091,3
Conta propia	216,6	205,3	208,2	212,4	208,6	207,6	209,5	209,1	206,6
Conta allea	878,3	868,6	876,4	883,3	871,7	851,8	867,0	902,5	884,3
Outra situación	0,3	0,4	0,5	0,4	0,6	0,4	0,2	0,9	0,4
Poboación parada	145,9	146,7	143,1	145,8	142,6	158,3	152,4	126,7	135,1
Parado longa duración	57,1	49,9	59,0	55,7	50,1	61,4	63,7	51,5	59,4
Poboación inactiva	1.094,3	1.118,1	1.112,7	1.095,4	1.116,1	1.123,2	1.111,4	1.101,7	1.114,4
Taxa de actividade	53,1%	52,2%	52,5%	53,1%	52,3%	52,0%	52,5%	52,9%	52,4%
Taxa de ocupación	46,9%	45,9%	46,4%	46,9%	46,2%	45,3%	46,0%	47,5%	46,6%
Taxa de paro	11,8%	12,0%	11,7%	11,7%	11,7%	13,0%	12,4%	10,2%	11,0%
Taxa de temporalidade	26,5%	24,0%	24,5%	25,1%	24,3%	23,3%	24,2%	26,0%	24,3%
Afiliacións (media trimestral)	1.015,3	996,0	1.014,4	1.016,5	1.002,1	992,8	1.008,5	1.030,9	1.025,4
Paro rexistrado (media trimestral)	163,2	180,3	163,4	165,1	186,1	184,0	164,6	152,1	153,1

Fonte: IGE

A reactivación da economía galega trasládase directamente ao mercado laboral considerando a evolución das grandes cifras do nivel de ocupación e desemprego. Doutra banda, o incremento da ocupación estimado pola EPA e o rexistrado nas oficinas de emprego é inferior ao rexistrado no conxunto de España, onde as afiliacións

rexistradas nas oficinas de emprego redúcense un 2,6% e a poboación ocupada un 3%. Pola contra, cando se considera o indicador de postos de traballo equivalentes a tempo completo en 2021, mostra un incremento en España do 6,7%, medio punto porcentual inferior ao que indican as contas económicas trimestrais de Galicia.

Figura 6: Evolución trimestral da ocupación en Galicia 2019-21




Fonte: IGE

En canto ao número medio de afiliacións ao Sistema de Seguridade Social en Galicia, tras a caída interanual rexistrada en 2020 polo impacto do COVID, a reactivación da economía en 2021 tradúcese nun aumento do 1,8% do número medio de afiliacións, chegando a 1.014.385 persoas, 18.360 afiliacións máis que o ano anterior. España comportouse mellor, ao crecer un 2,6% respecto ao ano anterior, ascendendo o número medio de afiliacións a 19.249.223 persoas.

Cando se considera a evolución mensual experimentada ao longo de todo o ano, cabe destacar o lixeiro descenso que se produce entre xaneiro e marzo, aumentando significativamente ata o mes de xullo no que o número de afiliacións supera os datos de afiliación de 2019. Cabe subliñar que desde maio Galicia superou uno millóns de afiliacións mensuais, finalizando o ano con 1.009.111 afiliacións, 1,9% superiores ás rexistradas en igual período do ano anterior.

Figura 7: Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2017-2021




Fonte: IGE

Con todo, o crecemento económico non se traduce nunha mellora da calidade do emprego na mesma intensidade, tendo presente tanto o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto á ocupación a tempo completo como un aumento dos empregados con contrato temporal significativamente máis intenso que dos que teñen un contrato indefinido. Por unha banda, a ocupación a tempo parcial en 2021 aumentou un 3,4% respecto ao ano anterior (4.800 persoas máis) fronte ao 0,6% no caso da ocupación a tempo completo (6.000 persoas máis). Isto contrasta co ocorrido no conxunto do Estado, onde o traballo a tempo completo ten un incremento interanual do 3,2%, o dobre do que ocorreu no caso da ocupación a tempo parcial.

Os datos do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia tamén reflicten ese descenso do desemprego, con maior intensidade que o reflectido pola EPA. En 2021, o número de persoas paradas rexistradas descendeu un 9,3% respecto ao ano anterior, ata situarse nuns 163.450. Este descenso relativo sitúase case cinco puntos porcentuais e medio inferior ao rexistrado no conxunto do estado, onde o paro reduciuse un 3,9% respecto ao ano anterior. Dada a súa evolución ao longo do ano, hai que destacar a caída do paro rexistrado ata o mes de agosto, manténdose relativamente estable desde

entón. Precisamente desde ese mes de agosto, o desemprego sitúase por baixo do nivel alcanzado no ano 2019.

Figura 8: Evolución do paro rexistrado en Galicia 2017-2021



Fonte: IGE

Centrándonos na análise da poboación ocupada (EPA), as taxas de paro reflicten que o paro afecta en maior medida ao desemprego feminino. Por unha banda, a taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, situándose na 12,8% fronte ao 10,6% entre os homes. Respecto ao conxunto do estado, a brecha entre homes e mulleres é menos acusada no conxunto do estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 16,7%, 3,7 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (2,2 puntos en Galicia).


En relación co resto de comunidades autónomas, a taxa de paro galega sitúase nunha posición intermedia, manténdose o País Vasco (9,8%) como a C.A. con menor desemprego, seguido no último ano por Aragón (10,2%) e Navarra (10,6%). En canto á taxa de paro masculino, Galicia é a sétima comunidade con menor taxa de paro, tras Aragón e A Rioxa, que teñen unha taxa de paro inferior ao 9%, Castela e León, País Vasco, Cantabria e Cataluña. Entre as mulleres, a taxa só é superior á estimada para Navarra, que está por baixo do dez por cento, País Vasco, Aragón e Madrid.

Finalmente nesta contextualización da situación e evolución da economía galega é preciso facer referencia ao comercio exterior. Neste eido, fronte á maior contribución da demanda externa no segundo semestre do 2021, os datos correspondentes ao conxunto do ano reflicten que a súa contribución é dous puntos porcentuais, inferior aos 3,2 puntos da demanda interna. Na economía española, a demanda interna achega 4,6 puntos porcentuais fronte aos 0,4 no caso da demanda externa.

Considerando unicamente as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no cuarto trimestre de 2021 crece un 33,3% respecto ao ano anterior, en gran parte polo comportamento experimentado polo sector téxtil-confección, que case duplica o valor das súas vendas a terceiros países e sitúase como o primeiro sector exportador por diante do automóbil e da pesca (un 6,6% e un 25,6% máis que o ano anterior). Doutra banda, pola súa importancia, cabe destacar a caída das exportacións do sector de compoñentes de automoción, cun descenso interanual do 64,8%. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 9,6%, máis dun punto por encima da estimada o ano anterior (8,5%), o que supón a cota máis alta nun cuarto trimestre do últimos quince anos.

No conxunto do ano 2021, as vendas dirixidas a terceiros países aumentaron un 20,6% ata os 25.269,6 millóns de euros, manténdose as actividades de téxtil e confección e o sector da automoción como os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Por unha banda, tras un incremento interanual de só o 3,2%, o sector téxtil-confección vendeu aos exterior produtos por valor de 5.837,9 millóns de euros, o que supón o 23,1% das exportacións galegas, case catro puntos menos que o ano anterior. Doutra banda, o importe das vendas no sector da automoción aumentou un 29,7% respecto ao ano anterior, alcanzando os 5.762,4 millóns de euros, un 22,8% (21,2% o ano anterior). En conxunto, as dúas ramas de actividade concentran o 45,9% das vendas galegas a terceiros países, máis de dous puntos por baixo do rexistrado no mesmo período do ano anterior (48,2%). Pola contra, o peso relativo das exportacións pesqueiras descendeu ata o 9,5%, o peso máis baixo do últimos cinco anos.

Figura 9: Exportacións galegas do sector da automoción, téxtil-confección e pesca 2009-2021




Fonte: ICEX

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior, cabe sinalar que este incremento do valor monetario das exportacións débese en gran medida a un aumento do 18,8% nas vendas ao conxunto da UE-27 (2.846 millóns de euros máis). Con todo, en termos porcentuais destaca o incremento experimentado nos mercados de África, cun 48,8% (487,8 millóns) e en América, cun aumento do 43,9% (538,2 millóns de euros máis), sendo o incremento interanual do 22,1% no caso do continente asiático (194,6 millóns de euros). Tras esta evolución, o 71,2% das exportacións diríxense á UE-27 fronte ao 72,3% no mesmo período do ano anterior, concentrando o resto dos países europeos un 10% cando o ano anterior esta porcentaxe superaba lixeiramente o 11%. O norte de África mantense como a terceira zona comercial ao acoller o 5% das exportacións galegas (4% en 2020).

A pesar da evolución do sector da automoción (as exportacións crecen só un 3,2%), Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas, concentrando o 20,6% do total, cando o ano anterior representaba o 24,4%. Séguenlle Portugal e Italia, que achegaron o 12,9% e o 9,6%, respectivamente (13,4% e 8,4% o ano anterior). Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos, sete son países da UE, con Reino Unido no quinto lugar, que acolle o 5,2% das exportacións (6,4% o ano anterior), Marrocos no

oitavo lugar, e Estados Unidos, no décimo. A diferenza do Reino Unido, estes dous países aumentan a súa importancia relativa ao acoller o 4,1% e o 2,7% das exportacións.

Figura 10: Exportacións galegas 2020-21. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

Finalmente, en canto á balanza comercial dos distintos sectores, hai que destacar o comportamento do sector da automoción, que en 2021 mantén un saldo positivo de 668,1 millóns de euros, importe 205,9 millóns inferior ao anterior. ano (-23,6%). Esta redución vén motivada polo comportamento das vendas de compoñentes de motor cuxo saldo deficitario aumenta case un 40% respecto ao ano anterior (o déficit ascende a 3.229,8 millóns de euros), presentando o subsector fabricación de automóbiles un superávit de 3.897,8 millóns (un 21,5% superior). Ademais, o saldo positivo do subsector téxtil e confección aumentou máis dun 40% ata os 3.799,1 millóns de euros fronte aos 2.710,2 millóns do ano anterior. Por último, cabe mencionar que, no ámbito da alimentación, a pesca mantén o seu saldo negativo ao alcanzar un déficit de 427,9 millóns de euros, case un 7% menos que o ano anterior (459,2 millóns en 2020).

2. TECIDO EMPRESARIAL

O dinamismo empresarial dun territorio ven determinado ou condicionado en parte polas peculiaridades do seu tecido produtivo, quen constitúe o motor de crecemento da súa actividade económica e, por tanto, da xeración de riqueza, emprego e benestar social. O obxectivo deste segundo apartado é a descrición da estrutura e evolución do tecido empresarial galego, dende un punto de vista macroeconómico, atendendo aos cambios que se rexistran tanto no seu tamaño como na forma xurídica, sector ou rama de actividade e o perfil exportador entre outros aspecto.s

Asemade, realízase unha análise comparada coa media europea, cos principais socios comerciais de Galicia, coa Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e rexións metropolitanas, e co resto das Comunidades Autónomas. Para que esta análise sexa homoxénea e máis clara, para cada ámbito territorial ou variable a estudiar, considerarase a fonte estatística que permita un mellor coñecemento e comparabilidade. Neste senso, empregaranse fundamentalmente dúas fontes estatísticas. Primeiro, a Regional Structural Business Statistics e a Regional Business Demography elaboradas por Eurostat. Estas recollen todas as empresas activas industriais, construción e servizos agás servizos financeiros e de seguros e sociedades de investimento, o que permite a comparación entre países, rexións e rexións metropolitanas. Segundo, o Directorio Central de Empresas (DIRCE), censo elaborado polo INE e que recolle todas as empresas activas españolas agás as agrícolas e empresas públicas.


2.1. Evolución e composición do tecido empresarial.

O Directorio Central de Empresas reflicte que, a 1 de xaneiro de 2021, o número de **empresas activas en Galicia** ascende a 197.657, o que supón que a Comunidade Autónoma aínda non recuperou o nivel existente antes da crise económica e financeira de 2008 (un 4,3% inferior). Porén, no último ano o tecido empresarial galego representa o 5,8% do total estatal, o que supón medio punto superior ao peso relativo do PIB (5,3%),

unha décima máis que o peso poboación (5,7%) e dúas se a referencia é a poboación ocupada (5,6%).

Na **Figura 11** observánse tres momentos clave, que coinciden co inicio da crise económica e financeira de 2008, cando o número de empresas acada o seu nivel máis elevado da serie publicada; o ano 2014, primeiro da recuperación e posterior expansión económica; e, por último, o ano 2019, cando se inicia a crise sociosanitaria e económica orixinada pola pandemia da COVID. En termos absolutos, entre os anos 2008 e 2014 Galicia perde 11.629 empresas activas, sendo esta caída de 3.315 empresas polo impacto da crise orixinada pola expansión do coronavirus. Pola contra, a expansión económica entre 2014 e 2019 tradúcese nunha medra de 9.227 empresas.


Figura 11: Evolución do número de empresas activas en Galicia 2008-2021



Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Tomando como referencia o ano 2008, o impacto da crise no tecido empresarial é sensiblemente superior en España que en Galicia. Entre os anos 2008 e 2014 Galicia presenta unha redución do número de empresas activas do 5,7% fronte ao 8,9% no conxunto do Estado. Pola contra, na fase de expansión económica entre 2014 e 2019 o incremento experimentado en Galicia foi do 4,8%, tres puntos menos que no conxunto do Estado (en España o número de empresas aumenta ata o ano 2020). Como se aprecia no **Figura 12**, a recuperación é incompleta atendendo a que o número de empresas activas en Galicia e España en 2021 é inferior ao rexistrado no ano 2008.

Figura 12: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincias. *(Base 2008=100)*.



Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

As catro provincias galegas presentan unha tendencia similar ao longo do período considerado, sendo o impacto negativo da crise económica de 2008 inferior á media estatal, a diferencia do que acontece na crise de 2019, onde tan só Pontevedra amosa unha caída inferior á media española no primeiro ano de destrución empresarial. En 2021 a provincia de A Coruña é a que ten máis empresas activas, con 80.233 empresas fronte ás 68.043 no caso de Pontevedra. En conxunto, estas provincias concentran o 76,2% do total das empresas galegas, fronte ao 12,4% de Lugo (24.059 empresas) e ao 11,5% de Ourense (22.322). Con todo, ao considerar os ratios correspondentes por cada mil habitantes, todas as provincias galegas presentan unha densidade superior á media española, sendo Lugo e Ourense as que presentan o valor máis elevado nese ano con 73,8 e 73,1 empresas respectivamente (71 empresas en España e 72,2 no conxunto de Galicia).

Tomando como referencia o ano 2008, a provincia de Pontevedra foi a que experimentou o impacto máis negativo da crise, cunha redución do seu número de empresas activas do 6,9% (4.883 empresas menos), por diante de Lugo, cunha redución de 5,3% (1.332 empresas) e A Coruña, co 5,2% (4.366 empresas). Ourense, presenta o descenso menos acusado, cunha redución do 4,4% (1.048 empresas menos). Pola contra, tanto no período de expansión económica entre 2014 e 2019 como na crise orixinada pola COVID (2019-2021), Pontevedra compórtase como a provincia co mellor comportamento, cunha medra do 6,4% e unha contracción do 2,4%, respectivamente, entre os dous extremos da serie.

Cando se considera o período 2008-2021 a redución do número de empresas en Pontevedra foi do 3,4% (2.365 empresas activas menos), o que supón 2,5 puntos menos que a caída experimentada na provincia de Ourense (1.389 empresas menos). En termos absolutos, A Coruña presenta a redución máis acusada, con 3.987 empresas menos (-4,7%), presentando Lugo unha minoración de 976 empresas (-3,9%).

Táboa 3: Evolución do número de empresas en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincias

	España	Galicia				
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
		(número de empresas)				
2008	3.422.239	203.374	84.220	25.035	23.711	70.408
2014	3.119.310	191.745	79.854	23.703	22.663	65.525
2019	3.363.197	200.972	83.316	24.792	23.166	69.698
2021	3.366.570	194.657	80.233	24.059	22.322	68.043
2008-2014	-302.929	-11.629	-4.366	-1.332	-1.048	-4.883
2014-2019	243.887	9.227	3.462	1.089	503	4.173
2019-2021	3.373	-6.315	-3.083	-733	-844	-1.655
2008-2021	-55.669	-8.717	-3.987	-976	-1.389	-2.365
		(taxa de variación entre os dous anos considerados; %)				
2008-2014	-8,9%	-5,7%	-5,2%	-5,3%	-4,4%	-6,9%
2014-2019	7,8%	4,8%	4,3%	4,6%	2,2%	6,4%
2019-2021	0,1%	-3,1%	-3,7%	-3,0%	-3,6%	-2,4%
2008-2021	-1,6%	-4,3%	-4,7%	-3,9%	-5,9%	-3,4%


Densidade empresarial. Empresas por cada 1.000 habitantes

	España	Galicia				
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2008	74,1	73,0	73,9	70,4	70,5	73,8
2014	66,7	69,8	70,5	69,2	70,3	68,9
2019	71,5	74,4	74,4	75,2	75,3	73,9
2021	71,0	72,2	71,6	73,8	73,1	72,1
2008-2014	-7,4	-3,3	-3,4	-1,3	-0,2	-4,9
2014-2019	4,8	4,7	3,9	6,1	5,0	5,0
2019-2021	-0,5	-2,2	-2,8	-1,4	-2,2	-1,9
2008-2021	-3,1	-0,8	-2,3	3,4	2,6	-1,8

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, DIRCE e Padrón municipal de habitantes

No que atinxe á evolución seguida no **conxunto da Unión Europea e nos principais socios comerciais** de Galicia (Francia, Portugal, Alemaña e Italia), os datos de Eurostat non permiten facer unha comparación homoxénea dende o ano 2008, pero si ofrece datos para o período 2010-2020 para o conxunto de empresas agás as de actividade financeira e de seguros. A Figura 13 amosa que, tras o descenso interanual do 6,4% rexistrado no ano 2011, a UE-27 presenta unha tendencia crecente do número de empresas, superando ou igualando as taxas de crecemento o 3,5% os anos 2014 e 2016. Pola contra, no ano 2017 rexístrase unha redución do 0,3% respecto ao ano anterior.

Figura 13: Evolución do número de empresas activas na Unión Europea 2010-2020



Fonte: Eurostat

A **Táboa 4** reflicte o desigual comportamento nas principais economías europeas. Así, ao longo de todo o período considerado o número de empresas en Francia tan só se reduce nos anos 2025 e 2017, se ben cunha forte intensidade (-8,8% e -9,0%, respectivamente). Pola contra, Italia presenta o peor comportamento entre os cinco países considerados, presentando unha redución do seu tecido empresarial todos os anos agás 2016, cun incremento do 1,0%, e 2020, cun 0,7%. Alemaña é o país que máis nota o impacto negativo da crise económica orixinada pola pandemia da COVID.

Táboa 4: Evolución do número de empresas na Unión Europea 2010-2020. Taxas de variación interanual

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
					e variación interanual)					
UE-27	-6,4%	1,2%	0,7%	3,6%	0,1%	3,5%	-0,3%	2,1%	2,0%	0,9%
España	-2,8%	-1,8%	-1,3%	0,9%	3,7%	8,8%	-0,8%	-0,4%	1,6%	-0,3%
Alemaña			0,2%	13,9%	-3,6%	2,5%	1,5%	3,9%	-0,3%	-4,1%
Francia	2,1%	12,3%	4,7%	5,7%	-8,8%	5,1%	-9,0%	2,7%	3,8%	3,9%
Italia			-1,4%	-1,5%	-0,9%	1,0%	-0,2%	-0,4%	-2,2%	0,7%
Portugal	-3,4%	-4,6%	-2,0%	0,7%	3,1%	3,2%	4,2%	3,2%	3,8%	-1,5%

Fonte: Eurostat

Se a comparación se realiza co acontecido nas **comunidades españolas**, no ano 2021 cinco Comunidades Autónomas superaban xa o número rexistrado en 2008, salientando a evolución de Madrid e Baleares, cunha medra superior ao 5%, e Canarias que supera o 3%. O número de empresas activas en Andalucía e Navarra supera o nivel de empresas de 2008 nun 1,6% e 1,1%, respectivamente. No extremo oposto, a maior destrución do tecido empresarial rexístrase no País Vasco, onde o número de empresas de 2021 é un 20,2% inferior ao de 2008.

No ano 2021, catro comunidades concentran o 61,5% das empresas activas españolas: Cataluña (18,5%), Madrid (16,2%), Andalucía (15,8%) e Comunidade Valenciana (10,9%). Porén, Baleares, con 85,4 empresas por cada mil habitantes, é a Comunidade Autónoma con maior densidade empresarial, superando as 80 empresas por cada mil habitantes en Cataluña e Madrid. Pola contra, Andalucía presenta un dos valores máis reducidos (62,7 empresas activas), situándose en 73,3 empresas na Comunidade Valenciana.

Atendendo á súa evolución ao longo de toda a serie considerada, a meirande parte das autonomías seguen unha evolución procíclica, acadando no ano 2014 o tecido empresarial máis reducido, (en Navarra e Aragón este nivel acádase no ano 2013). O número de empresas activas aumenta a partir dese ano consecuencia do crecemento da actividade económica, incremento que se frea en2 2019 ou 2020 por mor do impacto da crise orixinada pola pandemia. Como se aprecia na **Figura 14**, o País Vasco segue unha


evolución diferente ao resto das comunidades, acadando o tecido empresarial máis reducido en 2021 e 2017.

Táboa 5: Evolución do número de empresas activas en España 2008-2021. Distribución segundo Comunidades Autónomas

	2008	2014	2019	2021	2014	2019	2021
	(número de empresas)				*(2008 = 100)*		
España	3.422.239	3.119.310	3.363.197	3.366.570	91,1	98,3	98,4
Andalucía	522.815	468.930	518.532	531.160	89,7	99,2	101,6
Aragón	94.931	88.114	91.114	88.602	92,8	96,0	93,3
Asturias	73.124	66.342	68.661	67.573	90,7	93,9	92,4
Balears	93.335	84.270	98.712	98.120	90,3	105,8	105,1
Canarias	143.471	128.518	151.661	147.999	89,6	105,7	103,2
Cantabria	40.393	36.698	38.702	38.636	90,9	95,8	95,7
Castela e León	173.209	159.473	161.407	157.131	92,1	93,2	90,7
Castela A Mancha	137.823	123.095	128.106	127.673	89,3	92,9	92,6
Cataluña	626.020	576.565	620.031	622.967	92,1	99,0	99,5
C. Valenciana	376.093	330.855	363.428	368.044	88,0	96,6	97,9
Estremadura	67.852	62.929	67.687	66.386	92,7	99,8	97,8
Galicia	203.374	191.745	200.972	194.657	94,3	98,8	95,7
Madrid	519.307	494.509	540.544	547.040	95,2	104,1	105,3
Murcia	100.075	86.782	95.456	95.294	86,7	95,4	95,2
Navarra	43.847	41.582	44.224	44.334	94,8	100,9	101,1
País Vasco	175.303	149.245	142.198	139.824	85,1	81,1	79,8
A Rioxa	23.834	22.314	22.669	22.357	93,6	95,1	93,8
Ceuta	3.724	3.590	3.789	3.749	96,4	101,7	100,7
Melilla	3.709	3.754	5.304	5.024	101,2	143,0	135,5

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Figura 14: Evolución do número de empresas activas en España 2008-2021. Base 2008 = 100




Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Por último, desagrégrase a evolución do tecido empresarial a nivel da **eurorrexión** e das **rexións metropolitanas** que a compoñen. O número total de empresas industriais, de construción e servizos, agás servizos financeiros e de seguros e sociedades de investimento, ascendeu na Eurorrexión ata as 616.358. Delas o 64,6% están na Rexión Norte de Portugal, case un punto máis que no ano 2008, o que supón 398.024 empresas.

A diferenza do ocorrido en Galicia, tanto a Rexión Norte de Portugal como o conxunto da Eurorrexión acadan no ano 2019 o nivel precrise. En concreto, na Eurorrexión o número de empresas supera nese ano nun 2,1% o nivel de empresas do ano 2008, o que supón 12.880 empresas activas máis, fronte ao 3,5% no norte de Portugal (13.464 empresas máis). Pola contra, Galicia conta con 584 empresas menos que ao comezo da crise financeira (-0,3%). Atendendo á evolución ao longo do período considerado, cómpre resaltar o maior incidencia da crise de 2008 no tecido empresarial do norte de Portugal, que en 2013 contaba con 45.688 empresas menos (-11,9%) fronte a unha redución de 10.867 empresas no caso galego (-5,0%), sendo significativamente máis acusada a incidencia da recuperación e crecemento económico posterior na rexión portuguesa. Neste senso, entre os anos 2008 e 2013 a Eurorrexión rexistra unha destrución do 9,4% do seu tecido empresarial, aumentando un 12,7% entre ese ano e o 2019.


Figura 15: Evolución do número de empresas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2008-2019



Fonte: Eurostat

Tanto a área metropolitana da Coruña, como a de Vigo e Oporto presentaban en 2019 (último dato dispoñible) un número de empresas lixeiramente superior ao rexistrado no 2008. En concreto, A Coruña contaba en 2019 cun total de 90.500 empresas fronte ás 76.161 en Vigo, o que supón o 76,3% do total de empresas existentes en Galicia nese ano. Na área de Oporto o número de empresas activas ascendeu a 211.693 empresas, o 53,2% das da Rexión Norte de Portugal.

Figura 16: Evolución empresas activas (1) nas áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña 2008-2019




(1) Empresas industriais, construción e servizos agás servizos financeiros e de seguros e sociedades de investimento.

Fonte: Eurostat (consulta 3-XI-2022)

Atendendo á súa evolución ao longo do período considerado, as tres rexións metropolitanas experimentaron unha destrución empresarial entre os anos 2008 e 2013, sendo este impacto negativo máis intenso na área metropolitana de Oporto que en Vigo ou A Coruña. Como se aprecia no **Figura 17**, entre os anos 2008 e 2013 o número de empresas activas descendeu en Oporto un 13,7%, case tres veces máis que na Coruña (-4,6%) e máis do dobre que en Vigo (-5,6%). Tras esta caída, a recuperación económica tradúcese nun forte incremento empresarial, de xeito que en 2019 o número de empresas activas na rexión metropolitana é un 2,7% superior ao nivel de 2008 fronte ao 0,2% na área de Vigo e 0,1% na da Coruña.

Figura 17: Evolución empresas activas nas áreas metropolitanas de Vigo, A Coruña e Porto 2008-2019. Base 2008=100



(1) Empresas industriais, construción e servizos agás servizos financeiros e de seguros e sociedades de investimento.

Fonte: Eurostat (consulta 3-XI-2022)

2.1.1. Empresa e ramas de actividade

Dende o punto de vista da estrutura sectorial, o comercio no seu conxunto constitúe a actividade principal do tecido empresarial galego, que acolle no ano 2021 o 22,7% das empresas activas, por diante da construción, que concentra o 14,1% das empresas galegas, actividades profesionais, científicas e técnicas, co 11%, e a hostalaría, co 9,2%. Salienta a proporción de empresas dedicadas ao denominado no cadro "resto servizos", que supón no último ano o 30,9%, entre as que adquiren un papel importante as actividades administrativas e de servizos sociais (5,1%) e a educación e actividades inmobiliarias que superan o 4% cada unha delas. As empresas industriais manufactureiras concentran o 5,7% do total galego.

A **Táboa 6** amosa a estrutura do tecido empresarial nos catro momentos reflectidos anteriormente, o inicio das dúas crisis económicas consideradas, o ano 2014, no que acada o mínimo no número de empresas activas do período analizado, e o ano 2021. A tecido empresarial presenta unha crecente terciarización. O sector servizos concentraba en 2008 o 73,8% das empresas galegas recollidas no *DIRCE*, seis puntos menos que no ano 2021, situándose esta porcentaxe no 78% no ano 2014 e no 79% en 2019.

Fronte ao significativo descenso experimentado no comercio, e en menor medida da hostalería e o transporte, Galicia experimenta un forte incremento da importancia relativa no denominado "resto de servizos"; particularmente no caso das actividades inmobiliarias e das administrativas e auxiliares, cunha medra de 2,3 puntos e 2,2 puntos, respectivamente.

Táboa 6: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo grandes grupos de actividade


	2008		2014		2019		2021	
Total	203.374	100	191.745	100	200.972	100	194.657	100
Industria manufacturerira	14.308	7,0	11.637	6,1	11.726	5,8	11.010	5,7
Resto industria	1.042	0,5	1.039	0,5	844	0,4	841	0,4
Construción	37.707	18,5	29.475	15,4	29.686	14,8	27.427	14,1
Comercio	53.990	26,5	49.542	25,8	47.484	23,6	44.091	22,7
Transporte	14.127	6,9	12.054	6,3	11.439	5,7	11.919	6,1
Hostalería	21.437	10,5	19.856	10,4	19.052	9,5	17.924	9,2
Actividades profesionais científicas e técnicas	21.067	10,4	19.593	10,2	22.022	11,0	21.382	11,0
Resto servizos	39.696	19,5	48.549	25,3	58.719	29,2	60.063	30,9

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Atendendo á súa evolución ao longo do período considerado, a destrución de empresas máis importante en termos relativos rexístrase na construción e na industria manufactureira (Figura 18). O número de empresas destes sectores a 1 de xaneiro de 2021 é un 27,3% e 23,2% inferior ao rexistrado na mesma data de 2008. A caída nos subsectores de comercio e hostalería, tras o forte impacto da pandemia do coronavirus, sitúase no 18,3% no caso da actividade comercial respecto ao ano 2008 e do 16,4% no da hostalería. Fronte a esta destrución empresarial cómpre mencionar a evolución das

actividades profesionais, científicas e técnicas, que dende o ano 2017 supera o nivel precrise, situándose en 2021 un 1,5% por riba do acadado en 2008.

Figura 18: Evolución do tecido empresarial galego 2008-2021. Distribución segundo grandes sectores. (Base 2008 = 100)



Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Cando se descende ao nivel de rama de actividade, as máis importantes en termos de número de empresas son os de comercio polo miúdo (CNAE 47), que concentran o 13,5% das empresas activas en 2021, servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), cun 8,3%, construción de edificios (CNAE 41), co 7,3%, e comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), co 6,6%. Como se aprecia na **Táboa 7**, as sete primeiras ramas de actividade con maior número de empresas experimentaron unha minoración do tecido empresarial, destacando en termos absolutos as actividades de comercio polo miúdo e construción de edificios, con 8.495 e 7.610 empresas menos, respectivamente. En termos relativos, este descenso foi do 24,4% e 34,9%, respectivamente. No extremo oposto cómpre mencionar o incremento experimentado no caso das actividades inmobiliarias e educación, con 4.416 (126% máis) e 2.971 empresas activas máis (72,8%) entre 2008 e 2021.

Táboa 7: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo ramas de actividade

Rk	CNAE		2008	(%)	2021	(%)	2008 / 2021 número	Taxa
1	47	Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor	34.756	17,1	26.261	13,5	-8.495	-24,4%
2	56	Servizos de comidas e bebidas	19.988	9,8	16.099	8,3	-3.889	-19,5%
3	41	Construción de edificios	21.831	10,7	14.221	7,3	-7.610	-34,9%
4	46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	14.432	7,1	12.755	6,6	-1.677	-11,6%
5	43	Actividades de construción especializada	14.778	7,3	12.531	6,4	-2.247	-15,2%
6	49	Transporte terrestre e por tubería	12.227	6,0	9.445	4,9	-2.782	-22,8%
7	69	Actividades jurídicas e de contabilidad	8.956	4,4	8.605	4,4	-351	-3,9%
8	96	Outros servizos personais	6.702	3,3	8.385	4,3	1.683	25,1%
9	68	Actividades inmobiliarias	3.505	1,7	7.921	4,1	4.416	126,0%
10	86	Actividades sanitarias	5.840	2,9	7.555	3,9	1.715	29,4%
11	85	Educación	4.083	2,0	7.054	3,6	2.971	72,8%
12	71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicos	6.838	3,4	5.796	3,0	-1.042	-15,2%
13	45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	4.802	2,4	5.075	2,6	273	5,7%
14	66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.353	2,1	4.693	2,4	340	7,8%
15	82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	2.553	1,3	4.506	2,3	1.953	76,5%
16	81	Servizos a edificios e actividades de xardinería	1.502	0,7	3.332	1,7	1.830	121,8%
17	74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.783	0,9	2.906	1,5	1.123	63,0%
18	93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	1.776	0,9	2.874	1,5	1.098	61,8%
19	94	Actividades asociativas	1.715	0,8	2.747	1,4	1.032	60,2%
20	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.149	0,6	2.611	1,3	1.462	127,2%
21	25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	2.541	1,2	1.986	1,0	-555	-21,8%
22	10	Industria da alimentación	2.047	1,0	1.918	1,0	-129	-6,3%
23	95	Reparación de ordenadores, efectos personais e artigos de uso doméstico	1.341	0,7	1.875	1,0	534	39,8%
24	55	Servizos de aloxamento	1.449	0,7	1.825	0,9	376	25,9%
25	73	Publicidade e estudios de mercado	1.240	0,6	1.743	0,9	503	40,6%
26	62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	685	0,3	1.391	0,7	706	103,1%
27	52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.520	0,7	1.249	0,6	-271	-17,8%
28	53	Actividades postais e de correos	340	0,2	1.164	0,6	824	242,4%
29	77	Actividades de aluguer	1.153	0,6	1.126	0,6	-27	-2,3%
30	70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	723	0,4	1.046	0,5	323	44,7%
		Subtotal	186.608	91,8	180.695	92,8	-5.913	-3,2%
		Total	203.374	100	194.657	100	-8.717	-4,3%

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas - DIRCE

No que atinxe á comparación co resto das comunidades autónomas, a **Táboa 8** recolle o predomino do peso relativo do sector servizos, que supera o 85% en Baleares e Madrid (en torno ao 90% en Ceuta e Melilla) situándose no extremo oposto Castela-A Mancha, co 76%, Navarra e A Rioxa, co 77,1% e 77,8%. Dende un punto de vista estático, os datos correspondentes ao ano 2021 reflicten que A Rioxa, Castela A Mancha e País Vasco son as comunidades co maior peso relativo da industria manufactureira, salientando Baleares e Castela A Mancha no caso da construción. No caso do comercio, tan só dúas autonomías, Estremadura e Murcia, ademais de Ceuta e Melilla, presentan un peso relativo superior a 25%.

Táboa 8: Tecido empresarial nas Comunidades Autónomas españolas 2008 e 2021. Distribución segundo grandes grupos de actividade

Empresas activas 2021

	Total	Industria manufactura	Construción	Comercio	Transporte	Hostalería	Actividades profesionais científicas e técnicas	Resto servizos
España	3.366.570	5,1	12,4	21,2	6,3	8,1	12,5	33,8
Andalucía	531.160	4,8	11,1	24,9	5,8	9,1	11,4	32,3
Aragón	88.602	6,2	13,0	19,7	6,8	8,3	11,2	33,8
Asturias	67.573	4,7	11,9	20,3	7,1	11,1	11,5	32,9
Baleares	98.120	4,4	17,2	15,8	4,8	10,6	11,5	35,4
Canarias	147.999	3,2	11,1	20,9	6,2	10,9	12,6	34,7
Cantabria	38.636	4,9	14,3	19,8	6,3	10,5	10,5	33,3
Castela e León	157.131	6,1	14,3	22,5	6,1	10,1	10,1	29,7
Castela A Mancha	127.673	7,6	15,4	24,6	7,1	8,1	8,7	27,5
Cataluña	622.967	5,3	12,0	19,2	6,9	7,1	13,0	36,2
C. Valenciana	368.044	5,8	12,3	22,6	5,1	8,4	11,6	33,5
Estremadura	66.386	6,3	12,5	28,2	5,1	9,4	9,5	28,0
Galicia	194.657	5,7	14,1	22,7	6,1	9,2	11,0	30,9
Madrid	547.040	3,2	11,0	16,9	6,8	5,4	17,0	39,2
Murcia	95.294	6,4	12,8	25,4	5,4	7,3	11,0	30,7
Navarra	44.334	6,5	14,3	20,4	7,7	7,5	12,3	29,2
País Vasco	139.824	7,0	13,7	21,0	6,8	9,1	13,9	28,1
A Rioxa	22.357	8,8	12,3	21,5	4,5	8,5	10,3	33,0
Ceuta	3.749	1,7	7,7	35,9	6,4	7,7	10,5	29,8
Melilla	5.024	2,2	8,1	41,5	8,3	6,3	8,5	24,9

Empresas activas 2008

	Total	Industria manufactura	Construción	Comercio	Transporte	Hostalería	Actividades profesionais científicas e técnicas	Resto servizos
España	3.422.239	6,7	18,2	24,0	7,0	8,5	12,1	23,1
Andalucía	522.815	6,1	16,6	27,6	6,5	9,2	11,8	21,6
Aragón	94.931	7,8	19,7	22,8	7,4	8,2	10,3	23,2
Asturias	73.124	5,6	16,5	23,8	7,7	12,1	11,4	22,5
Baleares	93.335	5,4	21,8	20,7	5,2	11,1	11,0	24,3
Canarias	143.471	4,2	15,8	25,6	7,5	11,3	12,0	23,2
Cantabria	40.393	5,9	20,0	23,0	7,1	11,2	10,4	22,1
Castela e León	173.209	7,1	19,5	25,2	6,9	10,9	10,0	19,5
Castela A Mancha	137.823	9,3	23,7	25,2	7,5	8,4	7,7	17,2
Cataluña	626.020	7,4	18,7	22,0	7,6	6,9	12,4	24,8
C. Valenciana	376.093	7,6	18,7	24,9	6,4	8,6	10,9	22,5
Estremadura	67.852	7,4	16,6	30,4	6,3	10,2	9,7	18,6
Galicia	203.374	7,0	18,5	26,5	6,9	10,5	10,4	19,5
Madrid	519.307	4,8	16,2	19,8	7,1	6,1	17,4	28,3
Murcia	100.075	7,5	21,6	26,0	6,4	7,5	10,0	20,2
Navarra	43.847	8,5	18,9	22,6	8,8	7,5	11,9	21,0
País Vasco	175.303	8,0	18,0	23,0	7,8	8,1	10,6	24,2
A Rioxa	23.834	11,1	19,2	24,6	4,7	8,9	9,8	21,3
Ceuta	3.724	2,0	9,3	40,6	6,1	7,6	11,7	22,3
Melilla	3.709	2,2	9,8	45,8	4,0	7,4	10,9	19,7

Empresas activas 2008 = 100

2008 = 100	Total	Industria manufactura	Construción	Comercio	Transporte	Hostalería	Actividades profesionais científicas e técnicas	Resto servizos
España	98,4	75,1	67,0	86,9	88,0	94,8	102,1	143,8
Andalucía	101,6	80,1	67,8	91,7	90,9	100,3	98,1	152,2
Aragón	93,3	74,0	61,5	80,5	86,1	94,0	101,6	135,8
Asturias	92,4	78,3	66,6	78,9	85,9	85,1	93,2	135,1
Baleares	105,1	87,1	82,7	80,0	97,6	100,3	109,0	153,3
Canarias	103,2	77,6	72,4	84,2	85,3	99,0	107,6	154,5
Cantabria	95,7	79,6	68,4	82,2	84,9	90,4	95,8	144,3
Castela e León	90,7	77,7	66,4	81,1	80,0	84,0	91,7	137,9
Castela A Mancha	92,6	75,6	60,4	90,4	86,8	89,5	103,7	148,5
Cataluña	99,5	70,4	64,2	87,2	90,4	102,3	104,4	145,2
C. Valenciana	97,9	74,9	64,4	88,8	78,0	96,3	104,1	145,6
Estremadura	97,8	84,2	74,1	90,7	79,3	90,6	96,5	147,4
Galicia	95,7	76,9	72,7	81,7	84,4	83,6	101,5	151,3
Madrid	105,3	70,7	71,9	89,8	101,2	93,7	102,9	146,0
Murcia	95,2	80,6	56,5	92,9	80,5	91,8	104,6	144,5
Navarra	101,1	77,5	76,4	91,2	88,7	101,1	104,8	140,4
País Vasco	79,8	69,3	60,6	72,5	70,1	89,0	104,2	92,8
A Rioxa	93,8	73,8	60,3	82,1	88,4	90,3	98,8	145,5
Ceuta	100,7	81,6	83,3	89,0	104,4	102,1	90,8	134,4
Melilla	135,5	140,0	112,1	122,8	280,5	113,8	106,2	171,3

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas - DIRCE

Ao comparar a evolución con respecto ao ano 2008, País Vasco, Cataluña e Madrid son as Comunidades con maior destrución de empresas manufactureiras, cunha caída en torno ao 30% (23,1% menos en Galicia), situándose Galicia como unha da que menos reduce as empresas de construción, xunto con Estremadura, Navarra e Baleares, o que contrasta cunha redución do 43,5% en Murcia ou en torno ao 39% en A Rioxa, País Vasco e Castela A Mancha. Asemade, a **Táboa 8** amosa como Galicia é a sexta C.A. con maior descenso do número de empresas comerciais, superada por País Vasco, cunha caída do 27,5%, Asturias, Baleares, Aragón e Castela e León. Por último, cómpre mencionar que Galicia é a Comunidade Autónoma con peor comportamento no caso das empresas de hostalería, cunha redución do 16,4%, superando a Castela e León, cunha caída do 16%.

A nivel provincial, os datos recollidos na **Táboa 9** demostran o predominio do sector servizos. Todas as provincias galegas presentan un peso relativo inferior a media estatal, superando o 80% en Pontevedra e A Coruña, e descendendo esta porcentaxe ata o 78,1% en Lugo e o 75,6% en Ourense. No ámbito dos servizos a actividade comercial é a máis importante no que ao número de empresas activas se refire, concentrando case o 25% das empresas de Pontevedra e superando o 23% en Lugo e Ourense; tan só A Coruña presenta un peso relativo inferior á media española, acollendo o 21,5% das empresas da provincia. Ao tempo, salienta a importancia relativa da hostalería, que supera nas catro provincias a media española, ao contrario do que acontece no caso das actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares.

Fronte a este menor peso do sector servizos, tanto a industria como en maior medida a construción supera a importancia relativa rexistrada en España. Dunha banda, Ourense é a provincia con maior peso relativo en ambos os dous sectores, por diante de Lugo. En concreto, a construción representa o 17% do tecido empresarial de Ourense e o 15,5% en Lugo, situándose estas porcentaxes no 7,4% e 6,4% no sector industria, respectivamente. Doutra banda, a industria concentra na Coruña o 5,5% das empresas activas da provincia en 2021, o único caso cun peso inferior á media española.

Táboa 9: Tecido empresarial en España e Galicia 2021. Distribución segundo ramas de actividade e provincia

	España	Galicia				
			A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Industria	211.567	13.244	4.982	1.716	1.857	4.689
Construción	470.329	31.817	13.159	4.120	4.256	10.282
Comercio e reparación vehículos	810.607	50.459	19.473	6.350	5.830	18.806
Transporte e almacenamento	223.130	12.774	5.053	2.136	1.319	4.266
Hostalaría	319.524	21.212	8.763	2.633	2.711	7.105
Información e comunicación	77.865	2.973	1.490	207	222	1.054
Actividade financeira e de seguros	285.548	13.607	5.694	1.539	1.480	4.894
Actividadades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	698.028	34.935	15.759	3.648	3.320	12.208
Educación; actividades sanitarias e servizos sociais	308.381	16.710	7.298	1.790	1.843	5.779
Actividades artísticas, recreativas e entretemento; resto servizos	342.055	20.603	8.829	2.487	2.209	7.078
Total tecido empresarial	3.747.034	218.334	90.500	26.626	25.047	76.161

	España	Galicia				
			A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Industria	5,6%	6,1%	5,5%	6,4%	7,4%	6,2%
Construción	12,6%	14,6%	14,5%	15,5%	17,0%	13,5%
Comercio e reparación vehículos	21,6%	23,1%	21,5%	23,8%	23,3%	24,7%
Transporte e almacenamento	6,0%	5,9%	5,6%	8,0%	5,3%	5,6%
Hostalaría	8,5%	9,7%	9,7%	9,9%	10,8%	9,3%
Información e comunicación	2,1%	1,4%	1,6%	0,8%	0,9%	1,4%
Actividade financeira e de seguros	7,6%	6,2%	6,3%	5,8%	5,9%	6,4%
Actividadades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares	18,6%	16,0%	17,4%	13,7%	13,3%	16,0%
Educación; actividades sanitarias e servizos sociais	8,2%	7,7%	8,1%	6,7%	7,4%	7,6%
Actividades artísticas, recreativas e entretemento; resto servizos	9,1%	9,4%	9,8%	9,3%	8,8%	9,3%
Total tecido empresarial	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%


Fonte: INE, Directorio Central de Empresas - DIRCE

Atendendo á súa evolución dende o inicio da crise económica en 2008, a **Figura 19** reflicte o forte impacto da mesma no sector industrial, construción e o comercio e a recuperación incompleta. En 2019, último dato dispoñible, ambos sectores atopábanse significativamente por baixo do nivel precrise. A crise económica e financeira incidiu de xeito máis significativo na construción, que rexistra en Galicia unha redución do 20% entre os anos 2008 e 2014. Este descenso é moito máis intenso en Pontevedra, cunha caída do 24% entre os dous anos considerados. En 2019 a redución era do 25,9% en Pontevedra, situándose no 23,3% en Ourense. Ao igual que no caso da construción, a Pontevedra é a provincia que máis se ve afectada pola crise industrial, cunha redución do 21,5% entre 2008 e 2014, sendo esta caída do 19,5% no ano 2019. Tras o forte

descenso experimentado en Ourense nos dous últimos anos o número de empresas industriais en 2019 é un 21,5% inferior ao de 2008.

No que ao comercio se refire, o impacto máis intenso rexístrase na Coruña e Lugo, que en 2019 presentaba unha caída do 14,1% e 13,4%, respectivamente respecto ao ano 2008.

Figura 19: Evolución do tecido empresarial galego 2008-2021. Base 2008 = 100)



Fonte: Eurostat

A **Táboa 10** recolle a distribución sectorial do tecido empresarial nos países da Unión Europea correspondente ao ano 2019. En primeiro lugar, cómpre mencionar o elevado peso relativo da industria na República Checa e Eslovaquia, co 16,6% e 14,6% do seu tecido empresarial (6,1% en Galicia), superando o 10% en Croacia e Polonia. No caso da

construción, tan só Eslovaquia e a República Checa presentan un peso relativo superior ao rexistrado no tecido empresarial galego, situándose no 15,2% e 19,1%.

No ámbito do sector servizos, a diferenza do que acontece en España, en trece dos vinte países recollidos na **Táboa 10** a rama de actividade que concentra o maior número de empresas é o de actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares, onde destaca Portugal, Países Baixos e Suecia, cun peso relativo superior ao 25%. Asemade, o tecido empresarial de educación e actividades sanitarias e de servizos sociais concentra o 18,5% das empresas de Austria e o 15,3% nos Países Baixos, porcentaxes significativamente máis elevadas ás rexistradas no conxunto de España ou en Galicia.

Táboa 10: Tecido empresarial na Unión Europea e na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2019. Distribución segundo grupos de actividade


	Industria	Construción	Comercio	Hostalería	Actividades financeiras e de seguros; actividades inmobiliarias	Act, profesionais, científicas e técnicas; acti. Administrativas e servizos auxiliares	Educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	resto de servizos
Bulgaria	8,3	5,1	34,8	6,7	6,9	14,4	4,5	19,3
República Checa	16,5	15,2	18,6	5,0	6,3	19,5	4,0	14,9
Dinamarca	7,0	12,1	14,6	5,3	13,8	20,5	8,6	18,1
Estonia	8,8	12,1	18,3	3,4	8,0	21,1	3,7	24,6
España	5,6	12,6	21,6	8,5	7,6	18,6	8,2	17,2
Francia	6,1	13,1	18,0	6,6	6,3	19,5	13,8	16,6
Croacia	11,6	11,1	17,8	10,5	3,3	21,4	4,4	20,1
Italia	9,1	11,1	24,5	7,7	7,5	20,8	7,8	11,6
Letonia	8,3	8,0	17,8	2,8	10,5	19,2	6,8	26,6
Lituania	8,3	12,1	21,2	2,8	9,3	16,5	7,2	22,6
Hungría	7,1	11,4	16,8	3,9	7,4	23,9	9,1	20,4
Malta	6,0	10,6	21,2	6,7	8,0	19,9	6,4	21,3
Países Baixos	4,3	11,1	14,3	3,6	3,4	26,3	15,3	21,7
Austria	6,3	7,1	16,4	9,1	4,8	20,8	18,5	16,9
Polonia	10,2	14,4	21,8	2,8	4,9	17,1	10,6	18,2
Portugal	6,3	7,5	18,2	9,8	5,3	26,7	13,3	12,9
Romania	9,3	9,2	30,6	4,5	4,0	15,9	4,3	22,2
Eslovaquia	14,6	19,1	18,6	3,4	5,1	22,1	3,4	13,8
Finlandia	7,9	13,0	13,9	3,8	11,4	20,1	8,3	21,7
Suecia	6,2	11,6	13,9	3,8	9,0	25,2	7,3	23,0
Eurorrexión Galicia norte de Portugal	8,0	10,2	21,4	8,8	5,4	21,0	12,0	13,2
Galicia	6,1	14,6	23,1	9,7	6,2	16,0	7,7	16,6
Norte de Portugal	9,0	7,9	20,5	8,3	4,9	23,7	14,3	11,4

Fonte: Eurostat

Na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, o sector servizo presenta un peso relativo do 81,8% no ano 2019, onde salientan o sector comercial e de actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares, que supoñen o 21,4% e 21% das empresas activas nese ano, respectivamente. A construción representa o 10,2% e ao sector industrial, o 8%. Os datos relativos ás dúas rexións presentan importantes diferencias entre Galicia e o Norte de Portugal, salientando dunha banda un maior peso relativo no norte de Portugal tanto da industrial (6,1% e 9,0%, respectivamente) como do sector servizos (79,4% e 83,1%, respectivamente), o que contrasta co sector da construción, que concentra o 146% das empresas galegas no ano 2019 fronte ao 7,9% na rexión portuguesa. No ámbito dos servizos o peso das actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares é significativamente máis elevado no norte de Portugal que en Galicia (23,7% e 16%, respectivamente) ao igual que acontece no caso da educación e actividades sanitarias e de servizos sociais (14,3% e 7,7%), ao contrario do que ocorre coa actividade comercial, que representa en Galicia o 23,1% fronte ao 20,5% no norte de Portugal.

Atendendo á súa evolución ao longo do período analizado, a **Figura 20** representa a evolución do tecido empresarial na Eurorrexión e nos seus principais sectores tomando como base o ano 2008. Con carácter xeral pódese afirmar que o impacto da crise económica e financeira de 2008 tivo un maior impacto negativo no norte de Portugal, se ben a recuperación posterior tamén foi significativamente máis intensa.

Figura 20: Evolución do tecido empresarial na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2008-2019. Base 2008=100




Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat

2.1.2. Densidade empresarial

Xunto á estrutura e evolución do tecido empresarial galego analizada nos puntos anteriores, a percepción do tecido empresarial compleméntase coa análise da densidade empresarial, entendida como a rateo entre o número de empresas activas por cada mil habitantes. Este indicador reflicte o nivel de empresarialidade ou implantación de empresas nun territorio.

Figura 21: Demografía empresarial en Galicia e España 2008-2021




Fonte: INE

No ano 2021 a densidade empresarial de Galicia acada as 72,2 empresas por cada mil habitantes, manténdose por riba da media española dende o ano 2009. Como se amosa na **Figura 21**, este indicador descende nos períodos de crise entre 2008 e 2013 e 2019-2021 tanto en Galicia como en España, se ben o impacto das mesmas é desigual. O descenso da densidade empresarial é máis acusado no conxunto do Estado na crise económica e financeira iniciada en 2008; porén o impacto inicial da crise orixinada pola pandemia tradúcese nunha caída deste indicador máis acusada en Galicia que no conxunto de España. Pola contra, entre os anos 2014 e 2019, Galicia e España presentan

unha medra similar (4,6 e 4,8 puntos respectivamente). Tras esta evolución, en ambos os dous casos a densidade empresarial de 2021 é inferior á do ano 2008, pasando de 73 sociedades por cada mil habitantes en Galicia ata os devanditos 72,2 empresas activas en 2021, e de 74,1 sociedades a 71,0 empresas por cada mil habitantes no conxunto do Estado.


Figura 22: Demografía empresarial en España 2021. Distribución segundo CC.AA.



Fonte: INE

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia non só presenta un valor superior á media senón que no último ano sitúase como a quinta CA con maior densidade, tras Baleares (83,6 empresas por cada 1.000 habitantes), Madrid (81 empresas activas), Cataluña (80,2 empresas) e Comunidade Valenciana (72,8 empresas). No extremo oposto cómpre mencionar que cinco comunidades autónomas (País vasco, Murcia, Andalucía, Estremadura e Castela A Mancha) presentan valores inferiores a 65 empresas activas por cada mil habitantes.

Figura 23: Densidade empresarial e nivel de renda 2020



Fonte. Elaboración propia a partir de INE

Os datos da Contabilidade Rexional do INE permiten observar como entre as rexións con maior nivel de renda, situadas na franxa noroeste peninsular, ademais de Madrid, tan só Madrid e Cataluña presentan unha densidade empresarial superior á media española (cuadrante superior dereita). Pola contra, tres autonomías sitúanse no cuadrante inferior dereito, que se corresponde con aquelas Comunidades Autónomas que en 2020 presentan un nivel de renda per capita inferior á media española pero que a súa densidade empresarial é superior: Galicia, a Comunidade Valenciana e Baleares.

Atendendo á evolución do indicador da densidade empresarial nos tres períodos considerados, a **Táboa 11** mostra o desigual impacto das crises económicas nas distintas comunidades, así como do crecemento no período de expansión económica. O impacto da crise económica e financeira de 2009 tradúcese en Galicia nunha caída do indicador da densidade empresarial de 3,3 puntos entre 2008 e 2013, o que supón a menor redución en España (7,4 puntos no conxunto do Estado), rexistrándose no País Vasco e Murcia unha redución superior a 11 puntos. En contraste, na crise de 2019 Galicia presenta unha das maiores caídas, con 2,2 puntos entre 2021 e 2019, cifra tan só superada por Melilla con 3.1 puntos, e Aragón e Canarias con 2.3 puntos.

Fronte ao devandito impacto negativo da crise económica na meirande parte das autonomías, entre os anos 2013 e 2019 a densidade empresarial aumenta en todas as CCAA agás no País Vasco (-5,7), situándose Galicia nunha situación intermedia, cunha medra en 4,7 puntos (pasa de 69,8 empresas activas por cada mil habitantes en 2013 a 74,4 empresas en 2019), sendo este diferencial de 48 puntos en España (66,8 empresas e 71,5 empresas, respectivamente).

Táboa 11: Densidade empresarial en España 208-2021. Variación no período considerado

	2008-2021	2008-2013	2013-2019	2019-2021
España	-3,1	-7,4	4,8	-0,5
Andalucía	-1,0	-7,9	5,8	1,1
Aragón	-4,7	-6,2	3,7	-2,3
Asturias	-0,9	-5,1	4,5	-0,3
Balears	-3,3	-10,5	9,4	-2,2
Canarias	-1,0	-8,0	9,3	-2,3
Cantabria	-3,3	-6,6	3,8	-0,5
Castela e León	-1,8	-3,4	2,9	-1,3
Castela A Mancha	-5,2	-8,2	3,8	-0,7
Cataluña	-4,8	-8,1	3,9	-0,5
C. Valenciana	-2,0	-8,8	6,7	0,1
Estremadura	0,8	-4,4	6,0	-0,7
Galicia	-0,8	-3,3	4,7	-2,2
Madrid	-1,8	-6,4	4,8	-0,1
Murcia	-7,4	-11,0	4,7	-1,1
Navarra	-3,7	-7,3	4,2	-0,6
País Vasco	-18,1	-11,1	-5,7	-1,3
A Rioxa	-5,2	-5,8	2,3	-1,6
Ceuta	-3,2	-5,2	1,8	0,2
Melilla	6,3	-6,6	16,0	-3,1

Fonte: INE


Converxencia

Un aspecto importante na análise do tecido empresarial é a súa evolución en termos de converxencia, considerando o indicador de densidade empresarial no ano 2008 (España = 100) e a taxa de crecemento medio anual do número de empresas activas no período 2008-2020. Tomando como referencia o valor de España, a **Figura 24** pon de releve que, entre as Comunidades que parten en 2008 dunha densidade superior á media española, catro presentan unha taxa de crecemento do tecido empresarial tamén superior á media

(Comunidade Valenciana, Cataluña, Madrid e Baleares), polo que aumenta a fenda respecto á media española e do resto das comunidades (diverxencia positiva). Pola contra, as que se posicionan no cuadrante inferior dereito (País Vasco e A Rioxa) presentan unha evolución inferior á do conxunto do Estado (converxencia negativa).

Galicia atópase no cuadrante inferior esquerdo, que se corresponde con aqueles territorios que parten dunha densidade empresarial inferior á media española pero que presenta ao mesmo tempo unha taxa de crecemento do número de empresas activas inferior á media española. É dicir, son Comunidades Autónomas que presentan unha diverxencia negativa respecto á situación española. Por último, Canarias, Andalucía e Navarra, ademais de Ceuta e Melilla presentan unha converxencia positiva, situándose no cuadrante superior esquerdo.

Figura 24: Densidade empresarial e variación do número de empresas




Fonte: elaboración propia a partir de INE

Por último, cómpre facer referencia á evolución en densidade e o crecemento no número de empresas activas entre os anos 2008 e 2021, o que permite apreciar rasgos distintivos con respecto ao gráfico anterior. Galicia, xunto a Estremadura e Castela e

León, estaría situada entre as que presentan unha mellora da densidade empresarial aínda que o seu crecemento medio anual entre os dous anos considerados é negativo. Pola contra, cinco autonomías (Baleares, Madrid, Canarias, Andalucía e Comunidade Valenciana) presentan unha variación no número de empresas activas e na densidade empresarial superior ao promedio estatal, situándose no cuadrante superior dereito.

En contraste, no cadrante interior esquerdo estarían situadas Murcia, Cantabria, A Rioxa, Castela A Mancha, Aragón, e País Vasco, o que significa unha tendencia dinámica negativa. Nestas comunidades, tanto a variación do número de empresas activas como do rateo de dinámica empresarial no devandito período, é inferior á media. Doutra banda, Navarra e Ceuta amosan unha medra no número de empresas aínda que a taxa de crecemento da densidade empresarial mantense por baixo da media.

Figura 25: Converxencia en densidade e crecemento empresarial 2008-2021



(1) O País Vasco situaríase no cuadrante inferior esquerdo

Fonte: elaboración propia a partir de INE

2.2. Empresa e xeración de emprego

Existe unha disparidade de criterios convencionais para definir o tamaño empresarial: volume de capital, emprego, valor das vendas, identidade entre propiedade e control empresarial, etc. Asemade, como indica Villalba (2009), hai que ter en conta que pequeno e grande ten significados diferentes cando se comparan ramas de actividade distintas. Con todo, o criterio máis estendido fai referencia aos limiares de emprego. A Comisión Europea (2014), no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño, establece os efectivos e límites financeiros que definen as PEMEs.

A categoría de micropeme está constituída por empresas de menos de 10 persoas e cun volume de negocios anual ou balance xeneral anual non supera os 2 millóns de euros; por pequena empresa enténdese aquela que ocupa entre 10 e 49 persoas e cun volume de negocios anual ou balance xeneral por baixo dos 10 millóns; e empresa mediana é aquela que ocupa de 50 a 249 persoas e o seu volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeneral anual non supera os 43 millóns.

Neste documento adóptase o criterio de delimitación en base aos limiares de emprego, a partir dos datos facilitados por *Eurostat* e o Directorio Central de Empresas (*DIRCE*) do INE, o que permite facer unha análise comparada.

Con todo, non sempre se atopa información en base á devandita diferenciación entre micropeme, pequena, mediana e empresa grande, e a medida que se avanza na desagregación territorial redúcese a citada clasificación. Así, na análise das rexións metropolitanas, a información dispoñible tan só permite diferenciar entre empresas sen asalariados, de 1-9 persoas traballadoras e empresas con máis de dez traballadores.


A primeira característica da estrutura do tecido empresarial é o seu moi reducido tamaño medio, tamaño que é inferior ao do conxunto da Unión Europea, España e as principais comunidades autónomas españolas. Como se expón en CEPYME (2021), un reducido tamaño do tecido empresarial incide negativamente tanto na economía como no conxunto da sociedade. Entre as consecuencias negativas menciona que tenden a

amosar unha menor produtividade, o que incide en salarios promedio máis reducidos; as pequenas empresas son máis vulnerables ás crises e presentan unha vida media máis curta; presentan unha menor capacidade para exportar; maiores dificultades para buscar financiamento non bancario; ou menores posibilidades de financiar proxectos de I+D+i.

Esta característica é común ao conxunto dos países da UE-27 (Figura 26), se ben Alemaña presenta unha porcentaxe significativamente inferior no caso das empresas con menos de 10 traballadores. Os datos de *Eurostat* reflicten que o 93,45% das empresas europeas son micropemes, e un 5,51% PeMEs, en tanto que tan só o 0,18% ten máis de 250 persoas empregadas. En España, o peso relativo das micropemes é do 94,49%, o que contrasta co 84,40% en Alemaña, en tanto que as medianas e grandes empresas en España representan o 0,60% e 0,13%, respectivamente, fronte ao 2,05% e 0,44% en Alemaña.

O tamaño medio das empresas españolas é de 4,7 traballadores fronte ás 11,8 persoas empregadas no caso de Alemaña ou en torno a 9 no caso de Luxemburgo e Austria. A media europea ascende a 5,5 persoas, situándose por baixo da media comunitaria Francia, con 5,3 traballadores, e Italia e Portugal, con 4,1 e 3,8 persoas empregadas, respectivamente.

Figura 26: Empresas activas, emprego e valor engadido bruto 2020. Distribución segundo tamaño empresarial




Fonte: Eurostat

A pesar do predominio das microempresas, estas concentran unha porcentaxe menor de emprego e sobre todo de valor engadido, No extremo oposto, as empresas grandes tan só representan en España o 0,13% do tecido empresarial, mais concentran o 42% do

valor engadido e o 32,2% do emprego, porcentaxe inferiores á media da Unión Europea e en maior medida á distribución en Alemaña ou Francia. En concreto, na UE-27 o 0,18% das empresas acollen ao 35,7% do emprego e xeral o 47,5% do valor engadido bruto. Doutra banda, en Alemaña as grandes empresas concentran o 43,1% do emprego e o 53,0% do valor engadido, en tanto que en Francia estas porcentaxes ascende ata o 48,3% e o 55,8%, respectivamente.

Cando se considera o conxunto de España e as Comunidades, os datos do INE mostran que Galicia presenta un peso relativo das empresas de menos de dez traballadores (microempresas) superior tanto á media española como ás catro Comunidades Autónomas. A 1 de xaneiro de 2021 o 96,34% das empresas galegas consideradas no Directorio Central de Empresas son microempresas, fronte ao 95,78% no conxunto do Estado, presentando o País Vasco a porcentaxe máis reducida, co 94,52%, seguida de Navarra co 95%. Pola contra, as medianas e grandes empresas representan o 0,57% das empresas en total, situándose no 1% no caso de Madrid, País Vasco e Navarra.


Figura 27: Tecido empresarial en España e CC.AA. consideradas 2021. Distribución segundo tamaño



Fonte: INE, Directorio central de empresas

Atendendo a evolución dende o ano 2008 ata o 2000, os distintos tamaños empresariais sitúanse no ano 2020 por baixo do nivel precrise; -30,2% a pequena empresa e -18,9% no caso da mediana empresa. Os datos do *DIRCE* correspondentes ao período 2008-2020 seguen unha estratificación diferente, de xeito que neste período as grandes empresas en España serán aquelas que teñen 200 ou máis traballadores, e as medianas empresas de 20 a 199 persoas. Tanto no caso das pequenas como das medianas, o número máis reducido de empresas activas rexistrase en 2014, cunha caída do 36% e 28,5%, rexistrándose este valor mínimo en 2015 se nos referimos ás empresas grandes, cunha redución do 24,7% respecto a 2008.


Figura 28: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2020. Distribución segundo tamaño empresarial



Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Tanto Madrid como Navarra e Cataluña presentan en 2020 un número de empresas activas superior ao de 2008, por mor da recuperación experimentada no caso das microempresas. Asemade, tamén no conxunto do Estado o número de empresas activas con menos de dez persoas traballadoras é superior ao existente en 2008. No extremo oposto, o número de microempresas redúcese un 18% no País Vasco en relación ás empresas existentes en 2008.

Figura 29: Evolución do tecido empresarial en España e nas CC.AA. consideradas 2008-2020. Distribución segundo tamaño empresarial



Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

No que atinxe ás pequenas empresas, a **Figura 29** amosa que Galicia é a Comunidade que presenta unha maior redución entre os nos 2008 e 2020 das cinco comunidades autónomas consideradas, cunha caída superior ao 30%. No período 2008-2014 o conxunto do Estado presentou unha redución lixeiramente superior á experimentada en Galicia, malia que coa recuperación económica posterior o crecemento do número de empresas é superior ao experimentado en Galicia.

Ao igual que acontece aos pequenas empresas, Galicia presenta unha evolución máis rezagada que as outras catro autonomías consideradas e que o conxunto do Estado no caso das grandes empresas. Con todo, a diferenza do que acontece coas pequenas empresas, neste caso dúas Comunidades Autónomas, Cataluña e País Vasco, superan en 2020 o número de empresas activas existente en 2008.

Antes de avanzar na análise do tamaño empresarial atendendo á distribución sectorial, cómpre facer referencia ao indicador da **densidade empresarial**, que nos permite unha mellor comparación entre comunidades. No ano 2020 Galicia conta con 70,40 empresas activas con menos de nove persoas asalariadas (microempresas) por cada mil habitantes, case dous máis que no conxunto do Estado (68,51), o que a sitúa como a cuarta Comunidade Autónoma con maior densidade empresarial por detrás de Baleares, Cataluña e Madrid. Como se desprende da Táboa 12, a situación cambia significativamente se consideramos as pequenas e medianas empresas. Tan só cinco autonomías., ademais de Ceuta e Melilla presentan valores inferiores aos rexistrados en Galicia (2,38 e 0,35 empresas por cada mil habitantes). No caso das grandes empresas, Galicia conta con 0,08 empresas por cada mil habitantes, cifra que sitúa a Galicia como a C.A. co quinto valor máis reducido ademais de Ceuta e Melilla.

Táboa 12: Densidade empresarial en España 2008-2020. Variación no período considerado

	2008					2020					Diferencia				
	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran
España	74,14	69,75	3,73	0,53	0,14	71,75	68,51	2,68	0,43	0,13	-2,40	-1,24	-1,04	-0,10	-0,01
Andalucía	63,74	60,16	3,12	0,39	0,08	62,74	60,17	2,21	0,29	0,07	-1,00	0,01	-0,90	-0,10	-0,01
Aragón	71,54	67,04	3,88	0,51	0,11	68,21	64,86	2,78	0,46	0,11	-3,33	-2,18	-1,09	-0,06	0,00
Asturias	67,70	64,29	2,93	0,38	0,10	67,17	64,65	2,13	0,31	0,09	-0,53	0,36	-0,80	-0,07	-0,01
Balears	87,00	82,18	4,20	0,48	0,14	85,38	81,56	3,26	0,43	0,12	-1,62	-0,63	-0,93	-0,05	-0,02
Canarias	69,11	65,05	3,41	0,53	0,12	70,20	67,16	2,54	0,40	0,10	1,09	2,11	-0,87	-0,13	-0,02
Cantabria	69,39	65,50	3,35	0,44	0,09	66,70	63,86	2,41	0,34	0,09	-2,69	-1,64	-0,94	-0,10	0,00
Castela e León	67,73	64,24	3,07	0,35	0,07	66,89	64,26	2,27	0,29	0,07	-0,84	0,02	-0,80	-0,06	0,00
Castela A Mancha	67,46	63,59	3,46	0,35	0,06	62,93	60,29	2,31	0,28	0,06	-4,52	-3,29	-1,15	-0,08	0,00
Cataluña	85,01	79,68	4,49	0,67	0,18	80,96	77,13	3,11	0,55	0,17	-4,05	-2,55	-1,38	-0,12	0,00
C. Valenciana	74,78	70,16	3,99	0,52	0,11	73,29	69,94	2,82	0,43	0,11	-1,49	-0,22	-1,16	-0,10	0,00
Estremadura	61,81	58,83	2,63	0,31	0,05	63,29	60,98	2,00	0,27	0,04	1,48	2,15	-0,63	-0,03	-0,01
Galicia	73,05	69,23	3,31	0,42	0,09	73,21	70,40	2,38	0,35	0,08	0,17	1,17	-0,93	-0,07	-0,01
Madrid	82,80	77,75	3,99	0,75	0,31	81,42	77,50	3,06	0,60	0,27	-1,38	-0,25	-0,93	-0,15	-0,04
Murcia	70,17	65,30	4,24	0,50	0,13	64,03	60,73	2,79	0,39	0,11	-6,14	-4,57	-1,45	-0,11	-0,01
Navarra	70,68	65,51	4,20	0,77	0,20	67,20	63,53	2,93	0,56	0,17	-3,48	-1,98	-1,27	-0,21	-0,03
País Vasco	81,27	76,18	4,28	0,64	0,17	64,41	60,72	3,01	0,52	0,16	-16,86	-15,46	-1,27	-0,13	0,00
A Rioxa	75,07	70,11	4,37	0,53	0,06	70,96	67,13	3,28	0,46	0,09	-4,11	-2,98	-1,10	-0,07	0,03
Ceuta	48,12	45,86	1,99	0,23	0,04	45,66	43,85	1,56	0,20	0,06	-2,46	-2,01	-0,43	-0,03	0,02
Melilla	51,91	49,74	1,90	0,24	0,03	60,11	58,42	1,50	0,16	0,02	8,20	8,68	-0,40	-0,08	-0,01

	2008					2013					Diferencia 08-13				
	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran
España	74,14	69,75	3,73	0,53	0,14	66,76	63,86	2,41	0,38	0,11	-7,38	-5,88	-1,32	-0,15	-0,03
Andalucía	63,74	60,16	3,12	0,39	0,08	55,87	53,84	1,75	0,23	0,05	-7,88	-6,32	-1,36	-0,16	-0,03
Aragón	71,54	67,04	3,88	0,51	0,11	65,37	62,30	2,61	0,38	0,09	-6,17	-4,74	-1,27	-0,13	-0,03
Asturias	67,70	64,29	2,93	0,38	0,10	62,60	60,13	2,11	0,29	0,07	-5,10	-4,16	-0,82	-0,09	-0,02
Balears	87,00	82,18	4,20	0,48	0,14	76,50	73,55	2,52	0,35	0,09	-10,50	-8,63	-1,68	-0,13	-0,05
Canarias	69,11	65,05	3,41	0,53	0,12	61,15	58,53	2,19	0,35	0,09	-7,96	-6,53	-1,22	-0,18	-0,04
Cantabria	69,39	65,50	3,35	0,44	0,09	62,83	60,22	2,22	0,31	0,08	-6,55	-5,28	-1,13	-0,13	-0,01
Castela e León	67,73	64,24	3,07	0,35	0,07	64,35	61,90	2,12	0,27	0,06	-3,38	-2,34	-0,95	-0,08	-0,01
Castela A Mancha	67,46	63,59	3,46	0,35	0,06	59,21	57,04	1,93	0,21	0,04	-8,25	-6,55	-1,53	-0,14	-0,02
Cataluña	85,01	79,68	4,49	0,67	0,18	76,89	73,25	2,99	0,51	0,14	-8,12	-6,43	-1,50	-0,16	-0,03
C. Valenciana	74,78	70,16	3,99	0,52	0,11	65,93	63,24	2,27	0,33	0,08	-8,84	-6,92	-1,71	-0,19	-0,02
Estremadura	61,81	58,83	2,63	0,31	0,05	57,38	55,38	1,74	0,22	0,04	-4,43	-3,44	-0,88	-0,09	-0,01
Galicia	73,05	69,23	3,31	0,42	0,09	69,78	67,09	2,29	0,32	0,08	-3,27	-2,14	-1,02	-0,10	-0,01
Madrid	82,80	77,75	3,99	0,75	0,31	76,36	72,62	2,91	0,59	0,24	-6,44	-5,13	-1,09	-0,16	-0,07
Murcia	70,17	65,30	4,24	0,50	0,13	59,20	56,58	2,23	0,31	0,08	-10,97	-8,72	-2,01	-0,19	-0,05
Navarra	70,68	65,51	4,20	0,77	0,20	63,40	59,66	3,03	0,55	0,16	-7,28	-5,85	-1,17	-0,22	-0,04
País Vasco	81,27	76,18	4,28	0,64	0,17	70,13	66,16	3,29	0,55	0,14	-11,13	-10,02	-0,99	-0,10	-0,02
A Rioxa	75,07	70,11	4,37	0,53	0,06	69,30	65,77	3,06	0,40	0,06	-5,77	-4,34	-1,31	-0,13	0,01
Ceuta	48,12	45,86	1,99	0,23	0,04	42,88	41,03	1,62	0,21	0,02	-5,24	-4,83	-0,37	-0,02	-0,02
Melilla	51,91	49,74	1,90	0,24	0,03	45,35	43,52	1,69	0,12	0,02	-6,56	-6,22	-0,22	-0,12	0,00


	2013					2019					Diferencia 13-19				
	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran	total	micro-pemes	pequena	mediana	gran
España	66,76	63,86	2,41	0,38	0,11	71,52	68,34	2,65	0,41	0,13	4,75	4,47	0,23	0,03	0,02
Andalucía	55,87	53,84	1,75	0,23	0,05	61,63	59,16	2,13	0,27	0,07	5,76	5,33	0,38	0,04	0,01
Aragón	65,37	62,30	2,61	0,38	0,09	69,06	65,77	2,75	0,42	0,12	3,69	3,48	0,14	0,04	0,03
Asturias	62,60	60,13	2,11	0,29	0,07	67,13	64,63	2,13	0,29	0,08	4,53	4,50	0,02	0,00	0,01
Balears	76,50	73,55	2,52	0,35	0,09	85,88	82,07	3,26	0,42	0,12	9,38	8,52	0,74	0,08	0,04
Canarias	61,15	58,53	2,19	0,35	0,09	70,43	67,40	2,54	0,40	0,10	9,27	8,87	0,35	0,05	0,01
Cantabria	62,83	60,22	2,22	0,31	0,08	66,60	63,81	2,38	0,32	0,09	3,77	3,59	0,16	0,01	0,00
Castela e León	64,35	61,90	2,12	0,27	0,06	67,27	64,70	2,22	0,28	0,07	2,92	2,80	0,10	0,01	0,01
Castela A Mancha	59,21	57,04	1,93	0,21	0,04	63,02	60,43	2,28	0,26	0,05	3,81	3,39	0,35	0,05	0,02
Cataluña	76,89	73,25	2,99	0,51	0,14	80,78	76,97	3,11	0,53	0,17	3,89	3,72	0,13	0,02	0,02
C. Valenciana	65,93	63,24	2,27	0,33	0,08	72,63	69,36	2,76	0,42	0,10	6,70	6,12	0,48	0,08	0,02
Estremadura	57,38	55,38	1,74	0,22	0,04	63,39	61,17	1,92	0,26	0,04	6,01	5,79	0,18	0,04	0,00
Galicia	69,78	67,09	2,29	0,32	0,08	74,45	71,69	2,33	0,35	0,08	4,67	4,60	0,04	0,03	0,00
Madrid	76,36	72,62	2,91	0,59	0,24	81,12	77,24	3,05	0,58	0,26	4,76	4,62	0,14	-0,02	0,02
Murcia	59,20	56,58	2,23	0,31	0,08	63,90	60,67	2,74	0,37	0,11	4,70	4,09	0,51	0,06	0,03
Navarra	63,40	59,66	3,03	0,55	0,16	67,60	63,99	2,89	0,54	0,17	4,20	4,33	-0,13	-0,01	0,01
País Vasco	70,13	66,16	3,29	0,55	0,14	64,41	60,74	2,99	0,52	0,15	-5,73	-5,42	-0,29	-0,03	0,01
A Rioxa	69,30	65,77	3,06	0,40	0,06	71,56	67,77	3,25	0,45	0,08	2,26	2,00	0,19	0,05	0,02
Ceuta	42,88	41,03	1,62	0,21	0,02	44,69	42,96	1,47	0,21	0,05	1,81	1,93	-0,14	0,00	0,02
Melilla	45,35	43,52	1,69	0,12	0,02	61,33	59,72	1,45	0,14	0,02	15,98	16,20	-0,24	0,02	0,00

Fonte: Elaboración propia a partir de INE

Atendendo á evolución dende o ano 2008, Galicia é unha das Comunidade Autónomas con menor incidencia da crise financeira de 2008. Así, no caso das microempresas a caída da densidade empresarial en Galicia entre os anos 2008 e 2013 é a menos acusada de toda España, e no caso das pequenas e medianas empresas, tan só Asturias, Castela e León, Estremadura e País Vasco, ademais de Ceuta, presentan un mellor comportamento. Pola contra, durante a expansión económica posterior, Galicia presenta unha medra inferior á media española, salientando que no caso das microempresas seis comunidades Autónomas presentan unha medra superior á galega e que entre as pequenas empresas tan só Baleares, Navarra e País Vasco, ademais de Ceuta e Melilla presenta unha medra inferior á galega.

No concernente á estrutura sectorial, os datos correspondentes a un de xaneiro de 2021 reflicten a desigual distribución das empresas segundo tamaño e sector. Dunha banda, as microempresas representan o 85,2% das empresas da industria manufactureira, fronte ao 96,5% no caso da construción. A hostalería e as actividades profesionais, científicas e técnicas son as que presentan o menor tamaño empresarial, dado que o 97,9% destas empresas teñen menos de dez persoas traballadoras. Asemade, o 11,8% das empresas manufactureiras teñen entre 10 e 49 persoas traballadoras (10% no caso do resto das actividades industriais), fronte ao 3,2% da construción ou o 2,3% nas actividades comerciais.


Figura 30: Distribución porcentual das empresas segundo sector e tamaño 2021



Fonte: INE, Directorio central de empresas - DIRCE

As maiores porcentaxes de microempresas atópanse no sector servizos (77,1%), fundamentalmente no comercio (22,9%), hostalería (11,2%) e actividades profesionais (11,3%). A construción representa o 14,1% en tanto que a industria manufactureira supón o 5% das microempresas. O peso relativo da industria manufactureira aumenta a medida que crece o tamaño empresarial, pasando do 21,6% no caso das pequenas empresas ata o 32,3% no das grandes empresas. O comercio reduce o seu peso relativo dende o devandito22,9% ata o 11% no caso das medianas empresas, ascendendo ata o 11,4% entre as grandes empresas.

Figura 31: Distribución porcentual das empresas segundo tamaño e sector 2021



Fonte: INE, Directorio central de empresas - DIRCE

Desagregando a análise a nivel provincial, a **Táboa 13** recolle a estrutura empresarial a 1 de xaneiro de 2021. Ao igual que no caso galego e español, o tecido empresarial caracterízase polo reducido tamaño das empresas activas, presentando as catro provincias galegas un tamaño inferior á media española. Ourense é a provincia co menor tamaño medio, xa que o 97% das empresas nesta provincia teñen menos de dez persoas traballadoras, situándose no extremo oposto Pontevedra cun 96%. Pola contra, Lugo é quen presenta o menor peso relativo das medianas e grandes empresas, que en conxunto representan o 0,3% das empresas activas na provincia, a metade do rexistrado na Coruña e Pontevedra.


Táboa 13: Tecido empresarial en Galicia 2021. Distribución segundo tamaño e provincia

	España	Galicia				
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
		(número de empresas)				
Tecido empresarial	3.366.570	194.657	80.233	24.059	22.322	68.043
Microempresas	3.224.370	187.541	77.258	23.319	21.660	65.304
Empresas pequenas	117.534	6.022	2.483	659	573	2.307
Medianas empresas	19.994	927	400	68	75	384
Gran emrpesa	4.672	167	92	13	14	48
		(total tecido empresarial = 100)				
Tecido empresarial	100	100	100	100	100	100
Microempresas	95,78	96,34	96,29	96,92	97,03	95,97
Empresas pequenas	3,49	3,09	3,09	2,74	2,57	3,39
Medianas empresas	0,59	0,48	0,50	0,28	0,34	0,56
Gran emrpesa	0,14	0,09	0,11	0,05	0,06	0,07
		(total Galicia = 100)				
Tecido empresarial		100	41,2	12,4	11,5	35,0
Microempresas		100	41,2	12,4	11,5	34,8
Empresas pequenas		100	41,2	10,9	9,5	38,3
Medianas empresas		100	43,1	7,3	8,1	41,4
Gran emrpesa		100	55,1	7,8	8,4	28,7

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Atendendo á súa evolución dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, a **Figura 32** amosa como o impacto da primeira recesión foi máis acusado na provincia de Pontevedra nos catro grupos de empresa considerados, acadando en 2014 o nivel máis reducido de todo o período considerado (2015 no caso das empresas de máis de 200 traballadores). Asemade, ao considerar a evolución ata o ano 2020, cómpre resaltar que a devandita provincia de Pontevedra supera o nivel precrise no caso das microempresas a partir do ano 2018, o que contrasta coa evolución das empresas pequenas, cuxa redución é a máis acusada en Galicia (33,2% menos que en 2008). No caso das grandes empresas, tamén Lugo presenta en 2010 e 2020 un número de empresas superior ao de 2008 ao pasar de 11 a 15 empresas de máis de 200 traballadores

Figura 32: Evolución do tecido empresarial en Galicia 2008-2020. Distribución segundo tamaño e provincia. (Base 2008 = 100)




Eurorrexión e rexións metropolitanas

A pesar de que os datos a nivel de Eurorrexión e de áreas metropolitanas tan só permiten diferenciar entre empresas sen traballadoras, empresas entre 1 e 9 traballadores e empresas con 10 ou máis, as táboas seguintes permiten observar o reducido tamaño do tecido empresarial nas dúas rexións metropolitanas galegas consideradas e a súa comparación en España e Portugal. *Eurostat* considera 23 rexións metropolitanas en España e tres en Portugal, entendidas como unha rexión NUT3

(provincia en España) ou unha combinación de rexións que representan todas as aglomeracións de cando menos 250.000 habitantes.

Dunha banda, o número de microempresas mantense relativamente estable a partir do ano 2012, situándose en torno ao 95,9%. Con todo, as empresas sen persoas traballadoras acada os seus valores máis elevados entre 2018 e 2020, situándose no último ano no 62,9% fonte ao 32,9% no caso das empresas de un a nove traballadores.

Figura 33: Evolución do tecido empresarial na Eurorrexión Galicia—Norte de Portugal 2008-2020. Distribución segundo tamaño




	Eurrexión			Galicia			Norte de Portugal		
	0	de 1 a 9	10 ou máis	0	de 1 a 9	10 ou máis	0	de 1 a 9	10 ou máis
	(tecido empresarial = 100)			*(tecido empresarial = 100)*			*(tecido empresarial = 100)*		
2008	61,5	33,7	4,8	51,0	44,5	4,5	67,5	27,5	5,0
2009	61,9	33,5	4,6	52,9	43,0	4,1	67,2	27,9	4,9
2010	61,1	34,3	4,6	53,3	42,8	3,9	65,7	29,3	5,0
2011	61,3	34,3	4,4	54,5	41,9	3,6	65,3	29,8	4,9
2012	60,5	35,3	4,2	52,7	43,9	3,4	65,2	30,1	4,7
2013	60,4	35,5	4,1	53,2	43,6	3,2	64,8	30,6	4,6
2014	60,7	35,2	4,1	54,7	42,2	3,2	64,4	30,9	4,7
2016	61,8	33,9	4,2	56,0	40,7	3,3	65,3	29,8	4,8
2017	62,0	33,7	4,3	55,2	41,3	3,4	66,0	29,2	4,8
2018	62,6	33,1	4,3	55,9	40,7	3,3	66,4	28,7	4,9
2019	63,0	32,7	4,3	56,3	40,3	3,4	66,6	28,6	4,8
2020	62,9	32,9	4,2	55,5	41,2	3,3	66,8	28,5	4,7

Fonte: Eurostat

Con todo, existe unha importante diferencia entre o acontecido na Rexión Norte de Portugal e na Comunidade Autónoma. Así, a rexión portuguesa presenta unha porcentaxe de empresas sen persoas traballadoras significativamente máis elevado que en Galicia, ao representar no último ano analizado o 66,8% fronte ao 55,5% en Galicia; en consecuencia a importancia relativa das empresas de 1 a 9 persoas traballadoras ascende no norte de Portugal ata o 28,5% fronte ao 41,2% en Galicia. Pola contra, o norte de Portugal presenta unha maior importancia relativa das empresas con 10 ou máis traballadores, cun 4,7%, medio punto máis que en Galicia cando no ano 2008 este diferencial descendía a dúas décimas.

No concernente á análise das áreas metropolitanas, os datos de *Eurostat* amosan que no ano 2019, último ano publicado, tan só o 3,4% das empresas en A Coruña e o 3,8% das empresas da área de Vigo tiña 10 ou máis traballadores, porcentaxe inferior á media española e portuguesa, que se sitúa en 4,0% e 4,1%, respectivamente. Esta porcentaxe sitúa á Coruña como a cuarta rexión metropolitana con menor tamaño empresarial, tan só por diante de Granada, onde tan só o 3,2% das empresas teñen dez ou máis traballadores, e Málaga e Oviedo, cun 3,3%. Asemade, entre as dúas áreas galegas estaría Santa Cruz de Tenerife, co 3,7%. Vitoria e Guipúzcoa son as que presenta unha maior porcentaxe de empresas con 10 ou máis traballadores, co 6,1% e 5,3%, respectivamente, seguidas de Bilbao e Pamplona, co 4,7%. No ámbito da Eurorrexión Galicia-norte de Portugal, o 4,4% das empresas da área metropolitana de Oporto ten 10 ou máis traballadores asalariados.

Figura 34: Tamaño empresarial 2019. Rexións metropolitanas consideradas




Fonte: Eurostat

Atendendo á evolución ao longo do período analizado, entre os anos 2008 e 2013 as distintas rexións metropolitanas presentaron unha redución da importancia relativa das empresas de 10 ou máis traballadores. Vigo atópase entre as áreas con maior redución, descendendo o peso relativo desde o 5% de 2008 ata o 3,5% do ano 2013; en tanto que na área metropolitana da Coruña a minoración foi de 1,2 puntos (4,5% e 3,3%, respectivamente), o que contrasta con tan só 0,3 puntos na rexión metropolitana de Oporto (4,5% e 4,2%, respectivamente). Comparado co resto das rexións metropolitanas españolas, tan só Murcia, cun descenso de 1,8 puntos, e Zaragoza e Valencia, con 1,6 puntos menos, presentan unha redución do peso relativo das empresas de dez ou máis traballadores superior ao rexistrado no caso de Vigo.

Fronte ao devandito descenso, tanto Vigo como A Coruña presentan unha medra da importancia relativa de empresas sen asalariados e un descenso no caso de empresas de 1 a 9 traballadores, ao contrario do que acontece na rexión metropolitana de Oporto. En concreto, como recolle a **Figura 35**, en 2008 o 53,2% das empresas da rexión

metropolitana da Coruña non tiñan traballadores fronte ao 55% do ano 2013, cando en Vigo pásase do 47,8% ata o 51,4% entre os dous anos considerados. En Oporto o peso relativo das empresas sen traballadores é significativamente superior, descendendo dende o 68,1% do ano 2008 ata o 65,1% de 2013.

Figura 35: Evolución do tamaño empresarial 2008-2019. Rexións metropolitanas consideradas



Fonte: Eurostat, consulta o 3-XI-2022

Coa recuperación económica, aumenta lixeiramente o peso relativo das empresas de 10 ou máis traballadores nas rexións metropolitanas galegas e na de Oporto, reducíndose no caso das empresas sen persoas traballadoras asalariadas. Dunha banda, no ano 2019 o 57,5% das empresas da rexión metropolitana da Coruña non tiña traballadores, dous puntos máis que en Vigo, situándose esta porcentaxe no 67,4% no caso de Oporto. Doutra banda, as empresas de un a nove traballadores representan en Vigo o 40,8% das

empresas activas reflectidas en Eurostat, 4,4 puntos menos que no ano 2013, descendendo esta porcentaxe ata o 39,1% na Coruña e o 28,2% en Oporto (2,6 e 2,2 puntos menos que no ano 2013, respectivamente).

2.3. Empresa e forma xurídica

Nos puntos anteriores presentábase as características do tecido empresarial galego en función do seu tamaño e a estrutura sectorial, facíase unha comparación tanto coa Unión Europea e as principais economías, como co resto das comunidades autónomas e a Eurorrexión. Neste apartado considéranse as características do tecido empresarial segundo a súa forma xurídica, as persoas físicas son predominantes. Son 58,6% do total galego no ano 2021, case tres puntos máis que no conxunto do Estado.

Como se aprecia na Táboa 14, a evolución seguida polas persoas físicas ao longo do período 2008-2021 segue un comportamento procíclico, rexistrándose un descenso no período de crise, aumentando pola contra entre os anos 2014 e 2019 coincidindo coa recuperación e expansión económica. Con todo, entre os dous extremos da serie considerada o número de persoas físicas redúcese un 2,3%, acadando as 114.082 empresas.

Táboa 14: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo condición xurídica

	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades responsabilidade limitada	Sociedades colectivas	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
2008	203.374	116.791	3.999	64.918	12	5.944	940	10.380	390
2009	201.263	114.396	3.905	64.956	12	5.955	923	10.717	399
2010	198.874	112.233	3.730	64.672	11	5.925	904	11.001	394
2011	196.535	110.042	3.700	64.190	11	5.987	893	11.294	415
2012	194.511	107.432	3.647	64.475	10	6.069	898	11.559	418
2013	192.998	106.274	3.465	64.613	9	5.906	900	11.405	423
2014	191.745	104.146	3.346	64.960	9	6.137	921	11.802	421
2015	195.595	106.741	3.222	65.508	9	6.385	930	12.370	426
2016	197.538	109.345	3.089	65.431	8	6.512	920	11.810	418
2017	198.923	113.295	2.937	65.217	7	6.601	918	9.529	414
2018	200.801	114.001	2.884	66.288	6	6.708	912	9.590	407
2019	200.972	115.737	2.444	64.903	6	6.710	917	9.853	400
2020	197.813	115.612	2.199	61.891	6	6.751	947	10.011	394
2021	194.657	114.082	2.062	60.603	4	6.630	956	9.927	391

(Total tecido empresarial = 100)

	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades responsabilidade limitada	Sociedades colectivas	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
2008	100	57,4	2,0	31,9	0,0	2,9	0,5	5,1	0,2
2009	100	56,8	1,9	32,3	0,0	3,0	0,5	5,3	0,2
2010	100	56,4	1,9	32,5	0,0	3,0	0,5	5,5	0,2
2011	100	56,0	1,9	32,7	0,0	3,0	0,5	5,7	0,2
2012	100	55,2	1,9	33,1	0,0	3,1	0,5	5,9	0,2
2013	100	55,1	1,8	33,5	0,0	3,1	0,5	5,9	0,2
2014	100	54,3	1,7	33,9	0,0	3,2	0,5	6,2	0,2
2015	100	54,6	1,6	33,5	0,0	3,3	0,5	6,3	0,2
2016	100	55,4	1,6	33,1	0,0	3,3	0,5	6,0	0,2
2017	100	57,0	1,5	32,8	0,0	3,3	0,5	4,8	0,2
2018	100	56,8	1,4	33,0	0,0	3,3	0,5	4,8	0,2
2019	100	57,6	1,2	32,3	0,0	3,3	0,5	4,9	0,2
2020	100	58,4	1,1	31,3	0,0	3,4	0,5	5,1	0,2
2021	100	58,6	1,1	31,1	0,0	3,4	0,5	5,1	0,2

(Base total tecido empresarial 2008 = 100)

	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades responsabilidade limitada	Sociedades colectivas	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros
2008	100	100	100	100	100	100	100	100	100
2009	99,0	97,9	97,6	100,1	100,0	100,2	98,2	103,2	102,3
2010	97,8	96,1	93,3	99,6	91,7	99,7	96,2	106,0	101,0
2011	96,6	94,2	92,5	98,9	91,7	100,7	95,0	108,8	106,4
2012	95,6	92,0	91,2	99,3	83,3	102,1	95,5	111,4	107,2
2013	94,9	91,0	86,6	99,5	75,0	99,4	95,7	109,9	108,5
2014	94,3	89,2	83,7	100,1	75,0	103,2	98,0	113,7	107,9
2015	96,2	91,4	80,6	100,9	75,0	107,4	98,9	119,2	109,2
2016	97,1	93,6	77,2	100,8	66,7	109,6	97,9	113,8	107,2
2017	97,8	97,0	73,4	100,5	58,3	111,1	97,7	91,8	106,2
2018	98,7	97,6	72,1	102,1	50,0	112,9	97,0	92,4	104,4
2019	98,8	99,1	61,1	100,0	50,0	112,9	97,6	94,9	102,6
2020	97,3	99,0	55,0	95,3	50,0	113,6	100,7	96,4	101,0
2021	95,7	97,7	51,6	93,4	33,3	111,5	101,7	95,6	100,3

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

A figura de sociedades de responsabilidade é adoptada polo 31,1% das empresas galegas, o que supón 2,6 puntos menos que no conxunto de España, rexistrándose unha caída do 6,6% entre 2008 e 2021. Da devandita Táboa 14 despréndese que entre 2008 e 2014, polo impacto da crise económica e financeira, esta figura empresarial aumenta o seu peso relativo en contra do que acontece coas persoas físicas, reducíndose o seu peso relativo dende entón. A figura de sociedade anónima é adoptada polo 1,1% das empresas, experimentando unha acusada caída entre os dous extremos da serie analizada: 48,4% menos que no ano 2008.

Táboa 15: Tecido empresarial en España 2021. Distribución segundo forma xurídica

	Total	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidad limitada	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidad limitada	Persoas físicas
	(número)				(tecido empresarial = 100)		
España	3.366.570	60.510	1.134.632	1.879.120	1,8	33,7	55,8
Andalucía	531.160	4.829	165.335	324.254	0,9	31,1	61,0
Aragón	88.602	1.741	29.147	46.704	2,0	32,9	52,7
Asturias	67.573	1.120	17.793	41.589	1,7	26,3	61,5
Balears	98.120	1.786	33.788	53.454	1,8	34,4	54,5
Canarias	147.999	1.731	47.994	89.561	1,2	32,4	60,5
Cantabria	38.636	575	10.317	24.486	1,5	26,7	63,4
Castela e León	157.131	2.428	46.292	90.614	1,5	29,5	57,7
Castela A Mancha	127.673	1.562	40.819	74.579	1,2	32,0	58,4
Cataluña	622.967	13.668	214.519	335.696	2,2	34,4	53,9
C. Valenciana	368.044	3.894	130.319	202.774	1,1	35,4	55,1
Estremadura	66.386	696	16.137	42.038	1,0	24,3	63,3
Galicia	194.657	2.062	60.603	114.082	1,1	31,1	58,6
A Coruña	80.233	820	23.900	48.183	1,0	29,8	60,1
Lugo	24.059	163	6.777	14.514	0,7	28,2	60,3
Ourense	22.322	255	6.728	13.409	1,1	30,1	60,1
Pontevedra	68.043	824	23.198	37.976	1,2	34,1	55,8
Madrid	547.040	18.404	227.469	261.378	3,4	41,6	47,8
Murcia	95.294	1.026	31.757	53.399	1,1	33,3	56,0
Navarra	44.334	960	13.617	24.396	2,2	30,7	55,0
País Vasco	139.824	3.383	40.017	81.951	2,4	28,6	58,6
A Rioxa	22.357	515	6.625	12.250	2,3	29,6	54,8
Ceuta	3.749	76	1.001	2.380	2,0	26,7	63,5
Melilla	5.024	54	1.083	3.535	1,1	21,6	70,4

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas


Atendendo á distribución por comunidades autónomas, a **Táboa 15** amosa que Galicia sitúase en 2021 como a sexta Comunidade autónoma, xunto a Ceuta, con maior peso das empresas cuxa forma xurídica é a de persoas físicas. Pola contra, tan só Andalucía e Estremadura presentan un peso relativo inferior á rexistrada en Galicia (0,9% e 1,0%, respectivamente). No caso das sociedades de responsabilidade limitada Galicia ocupa

unha posición intermedia, presentando un total de sete comunidades. un peso relativo inferior ao galego.

Con respecto á súa evolución dende o ano 2008, cómpre resaltar o descenso superior ao 40% do número de sociedades anónimas en todas as Comunidades Autónomas, agás A Rioxa, co 39,9%, ademais de Melilla, cun 26%. O descenso porcentual máis acusado rexístrase no País Vasco e Andalucía, co 55,6% e 50,3%, respectivamente, situándose a continuación Galicia cunha redución do 48,4%. En contraste, a evolución das empresas cuxa forma xurídica é a de SRL e persoas físicas é desigual, rexistrándose unha redución en ambos os dous casos en seis autonomías, Asturias, Castela León, Castela A Mancha, Galicia, Murcia, e sobre todo o País Vasco, cunha caída do 11,7% e 19,5%, respectivamente. Pola contra, catro Comunidades presentan unha medra nas dúas formas xurídicas: Baleares, Cataluña, Madrid e Navarra.

A nivel provincial, a **Figura 36** amosa o predominio das empresas persoas físicas, que representan seis de cada dez empresas nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, situándose esta porcentaxe no 55,8% en Pontevedra. A segunda forma xurídica en importancia é a Sociedade de Responsabilidade Limitada, que supón o 34,1% das empresas activas en Pontevedra, porcentaxe que se sitúa en torno ao 30% nas provincias da Coruña e Ourense, superando lixeiramente o 28% en Lugo. Ao comezo da crise económica e financeira de 2008 tanto Pontevedra como A Coruña presentaban un peso relativo inferior no caso das persoas físicas, que concentraban nese ano o 55,2% e 60,1% do número de empresas activas en cada unha das provincias, en tanto que en Ourense e Lugo a importancia relativa das SRL era superior ao comezo da serie analizada (30,1% e 28,2%, respectivamente).


Figura 36: Tecido empresarial nas provincias galegas 2008, 2014, 2019 e 2021. Distribución segundo forma xurídica



Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Directorio Central de Empresas

No que atinxe á evolución ao longo do período considerado, a **Figura 37** representa a desigual evolución das distintas formas xurídicas. Dunha banda, as Sociedades Anónimas seguen unha evolución descendente continuada moi similar. Doutra banda, as Sociedades de Responsabilidade Limitada manteñen unha tendencia crecente ata o ano 2018 en todas as provincias agás Pontevedra, reducíndose de xeito significativo a partir dese ano. Por último, a evolución das empresas "persoas físicas" segue unha evolución procíclica, descendendo dende o inicio da crise de 2008 ata 2014, cando se acada o nivel mínimo nas catro provincias. No período de expansión económico o crecemento destas empresas prodúcese de xeito xeneralizado, sendo maio intenso na Coruña e sobre todo Pontevedra, que a partir de 2019 supera o nivel precrise.

Figura 37: Tecido empresarial en Galicia 2008-2021. Distribución segundo provincia e forma xurídica



Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Directorio Central de Empresas

Perspectiva de xénero

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa permiten aproximarse á realidade do tecido empresarial dende a perspectiva de xénero. Con este obxectivo considerarase o peso relativo da muller na ocupación en cada territorio considerado, tanto no concernente á poboación ocupada por conta allea como, especialmente, por conta propia. Dunha banda, a **Táboa 16** pon de manifesto a importancia relativa da ocupación feminina, diferenciando tanto o emprego por conta allea ou asalariado como por conta propia; doutra, a **Táboa** 17 presenta a desagregación entre persoas empresarias autónomas ou sen asalariados e persoas empregadoras.

Os datos recollidos na **Táboa 16** reflicten que o peso da ocupación feminina en Galicia é superior ao estimado para o conxunto do Estado. En concreto, na comunidade autónoma o peso da muller na ocupación aumenta entre os anos 2008 a 2014 en tres puntos e medio, pasando do 44% de 2008 ata o 47,5% en 2014. Esta porcentaxe mantense relativamente constante nos anos 2018 e 2021.

Cando se considera a desagregación entre poboación ocupada por conta propia e conta allea, cómpre salientar que mentres Galicia e España presentan un peso similar no caso da ocupación por conta allea, Galicia sitúase como a Comunidade autónoma con maior importancia relativa da ocupación feminina entre as persoas ocupadas por conta propia. En concreto, no ano 2021 o 40,7% das persoas ocupadas por conta propia en Galicia eran mulleres, porcentaxe tan só superado en Asturias, co 40,9%, lonxe do 34,3% no conxunto do Estado.

Táboa 16: Peso relativo do emprego feminino na poboación ocupada total, por conta propia e conta allea. Distribución segundo Comunidade Autónoma.

	Poboación ocupada				Poboación ocupada conta propia				Poboación ocupada conta allea			
	2008	2014	2019	2021	2008	2014	2019	2021	2008	2014	2019	2021
	(pob ocupada = 100)				*(PO conta propia = 100)*				*(PO conta allea = 100)*			
España	42,3%	45,6%	45,7%	46,1%	31,7%	33,6%	34,2%	34,3%	44,6%	48,1%	47,8%	48,4%
Andalucía	39,9%	43,4%	43,0%	43,4%	30,9%	31,4%	33,5%	34,0%	41,8%	46,2%	45,0%	45,3%
Aragón	42,2%	44,2%	45,0%	46,0%	30,9%	32,5%	31,9%	31,5%	44,7%	46,8%	47,5%	48,8%
Asturias	43,9%	47,2%	48,1%	47,6%	38,7%	42,5%	43,1%	40,9%	45,3%	48,3%	49,3%	48,9%
Balears	43,2%	46,8%	45,5%	46,3%	27,4%	34,5%	37,5%	37,2%	46,8%	49,8%	47,3%	48,6%
Canarias	41,9%	45,7%	45,8%	47,3%	31,4%	34,1%	33,4%	38,5%	43,4%	47,7%	47,8%	48,8%
Cantabria	42,5%	46,2%	45,9%	46,2%	37,4%	38,6%	33,8%	34,5%	43,7%	47,9%	48,2%	48,4%
Castela e León	40,2%	43,9%	44,5%	44,8%	30,0%	30,7%	31,0%	31,2%	43,1%	47,6%	47,5%	47,8%
Castela A Mancha	38,1%	40,9%	41,3%	41,5%	26,1%	30,4%	27,9%	29,8%	41,3%	43,4%	44,0%	44,0%
Cataluña	43,8%	47,4%	47,4%	47,4%	31,0%	34,2%	34,6%	34,6%	46,3%	50,1%	49,7%	49,7%
C. Valenciana	42,0%	44,9%	44,3%	45,5%	31,9%	32,4%	35,0%	33,6%	44,2%	47,8%	46,2%	48,0%
Estremadura	37,2%	41,5%	41,1%	42,2%	26,5%	31,5%	29,9%	30,5%	40,1%	44,1%	44,1%	44,8%
Galicia	44,0%	47,5%	47,6%	47,4%	40,9%	39,2%	40,5%	40,7%	45,0%	49,8%	49,3%	48,9%
Madrid	45,3%	47,7%	48,4%	49,0%	31,7%	34,3%	32,3%	31,6%	47,4%	49,6%	50,4%	51,4%
Murcia	40,7%	42,6%	42,4%	42,8%	29,5%	32,3%	31,8%	34,2%	43,1%	44,8%	44,3%	44,5%
Navarra	42,2%	45,6%	46,2%	47,9%	31,6%	32,4%	33,9%	37,1%	44,7%	48,8%	48,4%	49,8%
País Vasco	43,3%	47,1%	48,1%	48,5%	31,6%	34,9%	38,4%	37,9%	46,2%	49,4%	49,7%	50,2%
A Rioxa	40,6%	44,1%	47,3%	45,6%	27,4%	28,7%	31,0%	30,6%	44,1%	47,6%	50,4%	48,3%
Ceuta	32,8%	36,7%	39,9%	42,5%	29,8%	31,3%	32,5%	31,3%	34,1%	37,4%	41,2%	44,0%
Melilla	31,1%	39,1%	41,0%	43,1%	26,7%	31,0%	22,7%	32,0%	31,7%	40,2%	44,6%	45,2%

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

Por outra banda, cando se considera a poboación ocupada por conta propia, o peso da muller é significativamente superior ao do conxunto do Estado tanto no caso das persoas empresarias con asalariados como das persoas autónomas ou empresarias sen traballadores. En concreto, no ano 2021 o 38% das persoas empresarias con asalariados en Galicia eran mulleres, fronte ao 30,4% no conxunto do Estado, o que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma con maior peso relativo tras Asturias e País Vasco, co 42,9% e 41,1%, respectivamente.

No caso das persoas empresarias sen asalariados ou persoas traballadoras independentes, esta porcentaxe ascende en Galicia no último ano ata o 41,7%, máis de seis puntos por riba do estimado no conxunto de España (35,3%), o que a converte na C.A. coa porcentaxe máis elevada, situándose en segundo e terceiro lugar Asturias e Canarias, co 39,8% e 39,6%, respectivamente.


Táboa 17: Peso relativo do emprego feminino por conta propia. Distribución segundo persoas empresarias con asalariados e persoas empresarias sen asalariados ou persoas traballadoras independentes.

	Persoa empregadora				Empresario sen asalaridos ou traballador independente			
	2008	2014	2019	2021	2008	2014	2019	2021
	(Persoa empregadora = 100)				*(Persoa empresaria sen asalariados = 100)*			
España	25,3%	31,2%	30,2%	30,4%	32,5%	33,3%	35,3%	35,3%
Andalucía	23,8%	29,0%	29,7%	29,1%	31,6%	30,5%	34,9%	35,4%
Aragón	23,3%	31,0%	30,1%	29,1%	33,9%	32,8%	32,0%	31,5%
Asturias	34,3%	43,3%	45,9%	42,9%	39,6%	42,5%	42,6%	39,8%
Balears	22,5%	31,7%	33,8%	30,5%	29,7%	35,2%	38,1%	38,5%
Canarias	26,3%	40,0%	30,0%	31,8%	32,3%	30,2%	34,1%	39,6%
Cantabria	29,7%	32,2%	32,5%	26,5%	37,7%	40,7%	34,2%	36,5%
Castela e León	26,3%	27,1%	28,7%	28,2%	28,6%	30,8%	30,3%	31,5%
Castela A Mancha	17,2%	28,4%	23,3%	29,2%	25,4%	29,6%	28,9%	30,0%
Cataluña	26,3%	29,8%	28,5%	29,1%	31,6%	34,2%	35,9%	36,0%
C. Valenciana	24,3%	31,3%	31,5%	27,7%	33,4%	31,3%	36,8%	35,8%
Estremadura	20,4%	30,3%	23,0%	26,3%	26,4%	31,1%	31,3%	30,7%
Galicia	31,7%	33,4%	39,0%	38,0%	44,6%	41,5%	40,5%	41,7%
Madrid	27,0%	33,4%	26,5%	29,4%	31,7%	33,7%	34,8%	32,2%
Murcia	24,5%	30,3%	25,2%	27,1%	30,8%	31,5%	35,0%	37,2%
Navarra	26,9%	30,8%	27,9%	35,6%	33,4%	30,2%	35,3%	36,9%
Pais Vasco	22,2%	34,2%	35,4%	41,1%	32,7%	35,2%	39,4%	36,0%
A Rioxa	22,5%	23,0%	31,4%	22,9%	26,9%	31,1%	29,7%	33,6%
Ceuta	22,2%	16,7%	26,7%	25,0%	29,2%	34,6%	32,0%	35,0%
Melilla	42,9%	12,5%	10,5%	25,0%	22,2%	36,8%	28,0%	35,5%

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

Atendendo á súa evolución ao longo do período considerado, da **Figura 38** e da **Táboa 18** despréndese o desigual comportamento da ocupación feminina en Galicia e España. Dunha banda, o número de empresarias sen persoas asalariadas ou traballadoras independentes presenta en Galicia unha clara tendencia descendente entre 2008 e 2021, rematando este ano cunha redución do 27% respecto ao estimado en 2008, o que contrasta co acontecido en España que dende o ano 2019 supera xa o nivel precrise (4,9% superior no ano 2021). Doutra banda, no que ás mulleres empresarias con asalariados se refire, tanto España como Galicia presentan un descenso entre 2008 e 2013, se ben este foi moito máis acusado na Comunidade Autónoma, cunha redución do 24,3% fronte ao 10,3% no conxunto do Estado. Entre os anos 2018 e 2020 rexístrase tamén unha caída das mulleres empregadoras, sendo neste caso significativamente máis intensa en España, cunha redución de 12 puntos fronte aos 3 en Galicia. Tras o incremento do último ano, o número de empresarias con asalariados en Galicia é un 5,8% inferior ao estimado en 2008 fronte ao 2,8% no conxunto do Estado.

Figura 38: Poboación ocupada feminina en Galicia e España 2008-2021. Distribución segundo situación profesional



Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

En termos absolutos, os datos recollidos na EPA correspondentes ao ano 2021 reflicten que das 201.400 persoas empresarias en Galicia un total de 81.400 son mulleres, das que case sete de cada dez son empresarias sen asalariadas ou traballadoras independentes (55.400 mulleres), fronte ás 26.000 empresarias con persoas asalariadas. Atendendo á súa evolución entre os anos 2008 e 2021, o descenso do número de mulleres ocupadas por conta propia en 29.400 mulleres ven explicado fundamentalmente pola evolución das mulleres empresarias sen asalariados, cunha redución de 20.500 persoas entre os dous anos considerados, descendendo en 1.600 persoas no caso das empresarias con asalariados. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, a **Táboa 18** amosa o seu descenso, sendo especialmente significativo no caso das empresarias sen asalariados, que en 2021 representa o 7,5% do total estatal fronte ao 10,8% do ano 2008.

Táboa 18: Poboación ocupada feminina en Galicia 2008-2021. Distribución segundo situación profesional

	Poboación ocupada feminina en Galicia					Peso relativo Galicia / España				
	total	conta propia			conta allea	total	conta propia			conta allea
			empresarias con asalariados	empresarias sen asalariados				empresarias con asalariados	empresarias sen asalariados	
	(en miles de persoas)									
2008	528,9	114,2	27,6	75,9	414,1	6,1%	10,0%	9,4%	10,8%	5,5%
2009	524,6	107,2	29,5	70,7	417,2	6,3%	10,2%	9,8%	10,9%	5,7%
2010	501,8	98,0	22,5	68,9	403,7	6,0%	9,6%	7,8%	10,9%	5,5%
2011	502,7	98,7	23,5	69,4	403,9	6,1%	9,8%	8,7%	10,8%	5,6%
2012	492,6	99,4	23,3	71,1	393,2	6,1%	9,7%	8,6%	10,6%	5,6%
2013	475,8	93,1	20,9	67,7	382,7	6,1%	9,1%	8,0%	9,8%	5,6%
2014	473,7	85,7	21,8	59,7	387,9	6,0%	8,4%	8,0%	8,8%	5,6%
2015	479,0	84,7	24,4	57,0	394,3	5,9%	8,2%	9,1%	8,1%	5,6%
2016	491,7	90,2	22,2	65,3	401,3	5,9%	8,5%	7,9%	9,0%	5,5%
2017	501,4	92,4	23,2	65,6	408,8	5,9%	8,9%	8,0%	9,4%	5,4%
2018	515,0	88,5	25,8	58,9	426,5	5,9%	8,5%	8,6%	8,5%	5,5%
2019	521,2	87,8	25,6	58,2	433,4	5,8%	8,3%	8,9%	8,1%	5,4%
2020	505,3	83,4	25,0	55,8	421,8	5,8%	7,8%	9,4%	7,4%	5,5%
2021	513,8	84,8	26,0	55,4	428,7	5,6%	7,9%	9,1%	7,5%	5,3%

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

A **Táboa 19** recolle a distribución da poboación ocupada segundo grandes grupos de idade. No ano 2021, case dúas terceiras partes das mulleres empresarias sen asalariados teñen 45 ou máis anos (66,1%), ascendendo esta porcentaxe ata o 63,1% no caso das empresarias con asalariados (o 52,8% das mulleres ocupadas en Galicia están nesa franxa de idade). Ademais, as mulleres maiores de 45 anos representan o 43,2% do total de persoas empresarias sen asalariados nesa franxa de idade fronte ao 36,9% no caso das mulleres empresarias con persoas asalariadas. Comparado co peso relativo no ano 2014, redúcese o peso relativo no caso das empresarias sen asalariados (44,7% en 2014), aumentado pola contra en sete puntos no caso das empresarias con persoas asalariadas (29,7% en 2014).

No caso da poboación de 35 a 44 anos, das 146.300 mulleres ocupadas en Galicia nesa franxa de idade, 13.600 son empresarias sen asalariados ou traballadoras independentes, e 7.300 persoas empresarias con asalariados, o que significa en ambos

os dous casos o 39% do total de persoas empregadas nesa situación profesional. No ano 2014 o seu peso relativo era do 37,1% e 41,4%, respectivamente.

Táboa 19: Poboación ocupada por conta propia en Galicia. Distribución segundo grupos de idade

Poboación ocupada

	2008	2014	2019	2021	2008	2014	2019	2021
	(mulleres; en miles de persoas)				*(peso relativo das mulleres; %)*			
Total	501,8	473,7	521,2	513,8	45,4	47,5	47,6	47,4
16 a 24 anos	26,1	16,9	17,4	13,4	43,0	46,4	42,6	39,3
25 a 34	135,0	104,2	90,3	82,6	47,9	48,7	47,3	48,2
35 a 44	146,3	147,7	156,4	146,3	45,4	47,0	47,5	47,0
45 a 54	123,3	127,5	155,1	158,3	44,7	47,6	48,2	47,4
Maiores de 55	71,1	77,4	102,0	113,2	43,4	46,8	48,0	48,2

Persoas empresarias sen asalariados ou persoas traballadoras independentes

	2008	2014	2019	2021	2008	2014	2019	2021
	(mulleres; en miles de persoas)				*(peso relativo das mulleres; %)*			
Total	68,8	59,6	58,3	55,4	44,6	41,5	40,6	41,7
16 a 24 anos	0,7	1,0	0,5	0,2	26,9	35,7	27,8	11,8
25 a 34	9,0	8,6	6,0	5,0	38,0	38,4	37,5	42,7
35 a 44	17,8	14,9	14,7	13,6	44,8	37,3	37,1	39,0
45 a 54	21,1	17,5	19,3	18,4	46,0	41,3	42,4	43,7
Maiores de 55	20,2	17,6	17,8	18,2	47,8	48,8	43,7	42,7

Persoas empresarias con asalaridos

	2010	2014	2019	2021	2010	2014	2019	2021
	(mulleres; en miles de persoas)				*(peso relativo das mulleres; %)*			
Total	22,5	21,9	25,6	26,0	31,6	33,6	38,9	38,0
16 a 24 anos		0,2	0,1	0,1		50,0	50,0	12,5
25 a 34	3,4	3,9	2,7	2,0	35,8	52,0	45,0	51,3
35 a 44	6,4	6,5	8,4	7,3	30,2	33,9	41,4	39,0
45 a 54	7,8	7,0	7,6	8,5	35,5	33,7	36,2	35,4
Maiores de 55	4,9	4,3	6,8	8,1	27,4	24,9	37,2	38,6

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa


2.4. Empresa e sector exterior

A crise económica do ano 2008 provocou unha importante contracción da demanda interna, ao tempo que reforzou ou impulsou a actividade exportadora da empresa galega. No sexenio 2008-2013 a actividade económica galega presenta unha contracción media anual do 1,5% impulsada pola caída da demanda interna, que detrae 3,5% ao crecemento agregado do PIB, o que contrasta co comportamento do sector exterior, que aporta 2,0 puntos. No período de recuperación e crecemento comprendido entre os anos 2014 e 2109, o crecemento medio do PIB ven motivado por unha achega positiva

tanto da demanda interna como externa. Tras a saída da devandita crise económica e financeira, o crecemento medio anual do PIB ascende a 2,3%, dos que 1,5 puntos porcentuais corresponde á demanda interna, e os 0,8 puntos restantes á demanda externa. Pola contra, nos seis anos anteriores á crise económica o sector exterior detraía 1,1 puntos ao crecemento do PIB fronte á contribución de 4,3 puntos no caso da demanda interna.

A crise económica orixinada pola irrupción da pandemia traduciuse fundamentalmente nunha drástica contracción da demanda interna, sendo tamén negativa a aportación da demanda externa. No ano 2020 a demanda interna detrae 7,9 puntos ao crecemento agregado do PIB fronte ao punto no caso do sector exterior.

Figura 39: Evolución do PIB en Galicia 2008-2021. Achega da demanda interna e externa




Fonte: IGE, Contas Económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

A vocación exportadora do tecido empresarial mantense e acrecéntase no período de expansión económica, como amosa o cadro macroeconómico de Galicia. As ventas fóra de Galicia, tanto ao resto das comunidades autonómas. como a terceiros países, sitúanse en 2021 un 24% por riba do nivel precrise, mentres que a recuperación da actividade económica aínda non é completa, ao situarse un 0,9% do PIB real de 2008. En

termos nominais, cando se consideran tan só as relacións con terceiros países, o valor das vendas ao exterior superan un no ano 2013 nun 19,2% ao valor precrise, sendo esta porcentaxe do 41,4% no ano 2019. O forte incremento dos prezos no ano 2021 fixo que o valor total das exportacións superaran nun 60,5% o importe rexistrado no ano 2008.


Figura 40: Evolución do PIB galego 2008-2021. Compoñentes da demanda seleccionados



Fonte: IGE, Contas Económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Este dinamismo exportador Galicia provocou unha medra significativa do peso relativo das exportacións sobre o PIB. As contas económicas trimestrais publicadas polo IGE amosan que as exportacións acadan ao comezo da crise de 2008 o 47,9% do PIB galego, porcentaxe que ascende ata o 52,8% no ano 2103. Coa saída da crise económica en 2014, o peso das exportacións mantense lixeiramente por baixo do 53% no ano 2019 (52,6%), aumentando nos dous anos seguintes ata o 57,7% do ano 2021. Estes datos sitúanse significativamente por riba da media española así como do conxunto da Unión Europea e dos países da zona euro (**Figura 41)**.

Figura 41: Peso relativo das exportacións no PIB 2008, 2013, 2019 e 2021



Fonte: Eurostat

A partir dos datos do valor das exportacións a terceiros países aportados polo ICEX e a Contabilidade rexional do INE, ponse de manifesto o desigual peso entre as distintas comunidades. Nos catro anos considerados, Navarra sitúase como a Comunidade Autónoma con maior peso das exportacións situándose Galicia como a terceira. Ao inicio da crise económica e financeira de 2008 as vendas galegas supuñan o 27% do PIB medrando ata o 34,8% en 2013 (en Navarra ascende a 34,4% e 43,2%, respectivamente). Tras manterse relativamente constante esta porcentaxe entre 2013 e 2019, a irrupción da COVID e o forte incremento dos prezos explica un novo incremento da importancia relativa das exportacións que se sitúa en 2020 no 35,5%do PIB (46,3% en Navarra) e en torno ao 40% en Galicia no ano 2021.

Táboa 20: Peso relativo das exportacións no PIB 2008, 2013, 2019 e 2020. Distribución segundo CC.AA.

	2008	2013	2019 (P)	2020 (A)
Navarra	34,4%	43,2%	48,8%	46,3%
Aragón	24,1%	27,6%	35,1%	37,9%
Galicia	27,0%	34,8%	34,6%	35,5%
Murcia	15,8%	35,2%	33,4%	33,2%
País Vasco	30,4%	33,5%	34,4%	31,7%
Cataluña	24,3%	30,7%	31,1%	31,2%
C. Valenciana	17,9%	25,0%	27,2%	27,8%
Castela León	17,0%	23,8%	24,5%	24,1%
España	17,1%	23,1%	23,4%	23,5%
A Rioxa	15,2%	20,0%	21,5%	21,0%
Cantabria	18,1%	20,7%	18,5%	19,3%
Andalucía	11,1%	19,2%	19,3%	18,5%
Castela - A Mancha	8,1%	13,5%	17,7%	18,3%
Asturias	13,3%	18,5%	20,3%	18,2%
Madrid	10,9%	16,0%	12,9%	13,6%
Estremadura	6,9%	9,8%	10,3%	11,3%
Baleares	5,4%	3,2%	5,4%	6,1%
Canarias	5,2%	6,7%	5,6%	4,5%
Melilla	0,7%	2,5%	1,2%	1,2%
Ceuta	0,2%	0,2%	0,6%	0,9%

Fonte: Elaboración propia a partir de ICEX e INE

- **Perfil da empresa exportadora galega**

O tecido empresarial galego que sae ao exterior presenta, entre outras, dúas grandes tendencias: o incremento da base exportadora, entendida como o número de empresas que venden os seus produtos en terceiros países, e a forte concentración empresarial das ventas a terceiros países.

O número de empresas exportadoras case se duplica entre os anos 2008 e 2021, pasando das 4.907 empresas ata as 9.360 do último ano. Non obstante, esta evolución positiva ten de ser matizada tento en conta que unha porcentaxe moi importante das empresas exportadoras realizan unha actividade volátil e cunha contía reducida. Dunha banda, o número de empresas que inician ou reinician a súa actividade exportadora no

ano de referencia case se triplica (multiplícase por 2,8) acadando as 5.430 empresas, o que representa o 58% das empresas exportadoras (39,9% no ano 2008). Ao mesmo tempo, o número de empresas que interromperon a súa actividade exportadora, é dicir, non exportan no ano de referencia pero si o facían no anterior, ascende a 3.191 empresas, cifra tan só inferior á rexistrada en 2019 e 2020 (1.773 empresas no ano 2008). Doutra banda, redúcese de xeito significativo a importancia relativa do número de empresas cuxas exportación superan os 50.000 euros. Como reflicte a **Táboa 21**, no ano 2021 tan só o 27,5% das empresas exportadoras venden ao exterior produtos por valor de 50.000 ou máis euros, cando ao comezo da crise económica e financeira de 2008 superaba o 45%.

Con todo, para valorar o comportamento do tecido empresarial exportador é necesario facer referencia ás empresas exportadoras regulares, que son aquelas que empresas que teñen exportado de xeito continuado nos últimos catro anos. Con carácter xeral, o número de empresas exportadoras regulares aumenta de xeito continuado ao longo dos catorce anos considerados, ascendendo en 2021 a 2.564 empresas, 528 máis (25,9%) que ao comezo da crise financeira de 2008. Neste caso, a importancia relativa de empresas cunhas ventas a terceiros países superior a 50.000 euros ascende ata o 67,2% do total de empresas exportadoras regulares, porcentaxe que se sitúa por riba do 70% entre os anos 2008 e 2014.

Táboa 21: Base exportadora en Galicia 2008-2021

	2018				2019				2020				2021				%2021 /Total	
	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	% NºExp.	% Valor
Automóviles	37	3.953.196	#######	1	38	4.012.436	#######	1	35	5.647.301	#######	1	35	6.228.262	#######	1	0,4	24,6
Confección femenina	111	3.525.862	31.765	2	109	3.719.811	34.127	2	111	3.021.061	27.217	2	109	3.851.279	35.333	2	1,2	15,2
Combustibles y	40	1.748.955	43.724	3	44	1.423.871	32.361	3	42	730.804	17.400	5	46	1.265.490	27.511	3	0,5	5,0
Equipos, componentes y accesorios de	200	1.080.431	5.402	4	208	1.089.961	5.240	4	200	1.115.724	5.579	3	204	810.849	3.975	4	2,2	3,2
Conservas de pescado y marisco	104	711.541	6.842	6	103	690.980	6.709	6	106	833.122	7.860	4	114	784.830	6.885	5	1,2	3,1
Confección masculina	48	1.062.094	22.127	5	49	1.024.812	20.915	5	48	550.484	11.468	6	47	733.531	15.607	6	0,5	2,9
Moluscos y crustáceos e invertebrados	124	601.587	4.852	7	128	612.746	4.787	7	136	503.436	3.702	7	132	726.677	5.505	7	1,4	2,9
Tejidos para confección	75	413.680	5.516	9	79	470.474	5.955	8	76	376.560	4.955	9	76	568.191	7.476	8	0,8	2,2
Productos de fundición de aluminio									54	314.144	5.818	12	53	511.813	9.657	9	0,6	2,0
Pescados congelados	137	422.229	3.082	8	140	427.208	3.052	11	142	387.910	2.732	8	142	408.198	2.875	10	1,5	1,6
Semimanufacturas de madera	57	305.820	5.365	12	60	304.191	5.070	13	61	283.272	4.644	13	60	394.836	6.581	11	0,6	1,6
Otros productos no comprendidos en otro sector	600	241.109	402	14	636	240.540	378	15	691	248.934	360	14	1.066	358.599	336	12	11,4	1,4
Productos de fundición de acero									71	218.084	3.072	15	70	352.635	5.038	13	0,7	1,4
Calzado	37	406.197	10.978	10	37	436.298	11.792	10	46	329.138	7.155	11	45	348.523	7.745	14	0,5	1,4
Otros productos químicos	64	182.419	2.850	20	67	319.590	4.770	12	67	330.062	4.926	10	66	319.808	4.846	15	0,7	1,3
Material eléctrico	100	343.773	3.438	11	112	448.303	4.003	9	116	190.035	1.638	17	110	249.415	2.267	16	1,2	1,0
Productos de fundición de hierro									120	148.729	1.239	19	128	240.604	1.880	17	1,4	1,0
Pizarra y sus manufacturas para	36	182.631	5.073	19	36	194.997	5.417	20	31	197.914	6.384	16	30	209.356	6.979	18	0,3	0,8
Productos semielaborados de	41	225.722	5.505	15	41	163.671	3.992	21	43	123.162	2.864	23	44	204.475	4.647	19	0,5	0,8
Materias primas para	S.E.	S.E.	S.E.	13	S.E.	S.E.	S.E.	19	S.E.	S.E.	S.E.	22	S.E.	S.E.	S.E.	20	0,0	0,8
SUBTOTAL	**1.232**	**15.650.137**	**12.703**		**1.280**	**15.778.262**	**12.327**		**1.365**	**15.685.068**	**11.491**		**1.527**	**18.757.674**	**12.284**		**16,3**	**74,2**

El % / Total, se calcula sobre el Total de Exportadores resultante de su selección
Fonte: ICEX


Fonte: ICEX, Perfil de los exportadores españoles

No caso das empresas exportadoras regulares, considérase que inician ou reinician a súa actividade exportadora cando exportan no ano de referencia e nos tres anos anteriores, pero non no cuarto. Pola súa banda, empresas regulares que interrompen a súa actividade son aquelas que non exportan no ano de referencia pero si nos catro anos anteriores consecutivos. En 2021 un total de 272 empresas reinician a actividade exportadora fronte as 228 que a interrompen.

No que se refire á concentración dos exportadores regulares, Galicia caracterízase por unha elevada concentración nun reducido número de empresas. No ano 2021 as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 45,5% das exportacións galegas, porcentaxe que ascende ata o 52,2% no caso das dez primeiras empresas. Como se aprecia na **Figura 42**, estas porcentaxes son lixeiramente inferiores ás estimadas de media no período 2008-2013, co 47,3% e 55,0%, respectivamente.


Comparado co resto das comunidades autónomas., Galicia sitúase como a quinta comunidade autónoma con maior grado de concentración tras as dúas Comunidades insulares, Asturias e Castela e León. Neste senso, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran o 69,4% das exportacións en Baleares e o 50,8% en Canarias, situándose esta relación no 48,6% en Asturias e no 47,3% en Castela e León. Cataluña é a que presenta a menor concentración. As cinco primeiras empresas acollen o 12,9% do valor total das súas vendas a terceiros países, situándose esta porcentaxe por baixo do 20% en Castela A Mancha, A Rioxa e a Comunidade Valenciana. En Navarra e Aragón, as dúas comunidades con maior peso relativo das exportacións no seu Valor Engadido Bruto (VEB), as cinco primeiras empresas exportadoras regulares concentran o 39,2% e 37,5% do valor total, respectivamente.

Figura 42: Porcentaxe acumulada de exportación por número de exportadores (ordenados por volume de exportación) en Galicia e España. 2008-2021



Fonte: ICEX, Perfil de la empresa exportadora en España

Figura 43: Porcentaxe acumulada de exportación por número de exportadores (ordenados por volume de exportación) en Galicia e España. 2008-2021



Fonte: ICEX, Perfil de la empresa exportadora en España

Esta elevada concentración do tecido empresarial exportador queda reflectida na análise das empresas exportadoras segundo percentiles. Así, no ano 2021 o primeiro dez por cento das empresas exportadoras concentran en Galicia o 91,44% do valor das exportacións, porcentaxe lixeiramente superior á media española. Ao considerar as seis comunidades autónomas. con maior peso relativo das exportacións no PIB recollidas na **Táboa 22**, tan só o País Vasco presenta unha concentración similar (91,38%), sendo esta relación do 83,13% en Murcia fronte ao 85,18% de Navarra, 88,78% en Aragón e do 89,16% en Cataluña.

Por último, cómpre facer referencia á **distribución sectorial** do tecido empresarial exportador. No ano 2021, tres de cada catro empresas exportadoras regulares en Galicia pertencía ao sector de produtos industriais e tecnoloxía (78,7% en España) representando o valor das vendas o 59,6%, máis de oito puntos inferior á media española (67,9%). É importante resaltar o maior peso relativo en Galicia do sector agroalimentario e de bebidas, que supoñen acollen o 19,7% e 8,5% das empresas exportadoras regulares fronte ao 13,7% e 4,5% no conxunto de España, respectivamente.

Desagregando a análise sectorial, entre os principais sectores exportadores o que conta cun maior número de empresas exportadoras regulares están o de equipos, compoñentes e accesorios de automóbiles, con 204 empresas, peixe conxelado, con 142 moluscos e crustáceos, con 132, e produtos de fundición de ferro, con 128.

Táboa 22: Evolución do nº de exportadores por sectores ICEX

	2018			2019			2020			2021			%2021 /Total	
	Nº Exp.	Exportación	Media	Nº Exp.	Exportación	Media	Nº Exp.	Exportación	Media	Nº Exp.	Exportación	Media	% NºExp.	% Valor
1-Agroalimentarios	493	2.730.951	5.540	510	2.783.959	5.459	508	2.759.316	5.432	506	3.073.175	6.074	5,4	12,2
2-Bebidas	210	68.190	325	216	97.516	452	214	107.976	505	217	126.263	582	2,3	0,5
3-Bienes de consumo	473	6.339.792	13.403	465	6.660.712	14.324	473	5.075.193	10.730	488	6.558.616	13.440	5,2	26,0
4-Productos industriales y tecnología	1.752	12.081.263	6.896	1.793	12.000.051	6.693	1.796	12.284.883	6.840	1.929	14.435.451	7.483	20,6	57,1
TOTAL	**2.497**	**21.248.123**	**8.510**	**2.551**	**21.581.253**	**8.460**	**2.520**	**20.264.810**	**8.042**	**2.564**	**24.238.757**	**9.454**	**27,4**	**95,9**
El % / Total, se calcula sobre el Total de Exportadores resultante de su selección														
Un mismo Exportador puede Exportar por más de un sector.														
Fonte: ICEX														

Táboa 23: Ranking dos 20 principais Sectores ICEX

	2018				2019				2020				2021				%2021 /Total	
	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	Nº Exp.	Exportación	Media	Rk	% Nº Exp.	% Valor
Automóviles	37	3.953.196	106.843	1	38	4.012.436	105.590	1	35	5.647.301	161.352	1	35	6.228.262	177.950	1	0,4	24,6
Confección femenina	111	3.525.862	31.765	2	109	3.719.811	34.127	2	111	3.021.061	27.217	2	109	3.851.279	35.333	2	1,2	15,2
Combustibles y lubricantes	40	1.748.955	43.724	3	44	1.423.871	32.361	3	42	730.804	17.400	5	46	1.265.490	27.511	3	0,5	5,0
Equipos, componentes y accesorios de	200	1.080.431	5.402	4	208	1.089.961	5.240	4	200	1.115.724	5.579	3	204	810.849	3.975	4	2,2	3,2
Conservas de pescado y marisco	104	711.541	6.842	6	103	690.980	6.709	6	106	833.122	7.860	4	114	784.830	6.885	5	1,2	3,1
Confección masculina	48	1.062.094	22.127	5	49	1.024.812	20.915	5	48	550.484	11.468	6	47	733.531	15.607	6	0,5	2,9
Moluscos y crustáceos e invertebrados	124	601.587	4.852	7	128	612.746	4.787	7	136	903.436	3.702	7	132	726.677	5.505	7	1,4	2,9
Tejidos para confección	75	413.680	5.516	9	79	470.474	5.955	8	76	376.560	4.955	9	76	568.191	7.476	8	0,8	2,2
Productos de fundición de aluminio									54	314.144	5.818	12	53	511.813	9.657	9	0,6	2,0
Pescados congelados	137	422.229	3.082	8	140	427.208	3.052	11	142	387.910	2.732	8	142	408.198	2.875	10	1,5	1,6
Semimanufacturas de madera	57	305.820	5.365	12	60	304.191	5.070	13	61	283.272	4.644	13	60	394.836	6.581	11	0,6	1,6
Otros productos no comprendidos en otro sector	600	241.109	402	14	636	240.540	378	15	691	248.934	360	14	1.066	358.599	336	12	11,4	1,4
Productos de fundición de acero									71	218.084	3.072	15	70	352.635	5.038	13	0,7	1,4
Calzado	37	406.197	10.978	10	37	436.298	11.792	10	46	329.138	7.155	11	45	348.523	7.745	14	0,5	1,4
Otros productos químicos	64	182.429	2.850	20	67	319.590	4.770	12	67	330.062	4.926	10	66	319.808	4.846	15	0,7	1,3
Material eléctrico	100	348.773	3.488	11	112	448.308	4.003	9	116	190.035	1.638	17	110	249.415	2.267	16	1,2	1,0
Productos de fundición de hierro									120	148.729	1.239	19	128	240.604	1.880	17	1,4	1,0
Pizarra y sus manufacturas para	36	182.631	5.073	19	36	194.997	5.417	20	31	197.914	6.384	16	30	209.356	6.979	18	0,3	0,8
Productos semielaborados de aluminio	41	225.722	5.505	13	41	163.671	3.992	21	43	123.162	2.864	23	44	204.475	4.647	19	0,5	0,8
Materias primas para papel	S.E.	S.E.	S.E.	13	S.E.	S.E.	S.E.	19	S.E.	S.E.	S.E.	22	S.E.	S.E.	S.E.	20	0,0	0,8
SUBTOTAL	1.232	15.650.137	12.703		1.280	15.778.262	12.327		1.365	15.685.068	11.491		1.527	18.757.674	12.284		16,3	74,2

A %/Total, calcúlase sobre o Total de Exportadores

Fonte: ICEX

2.5. Aspectos financeiros

Nesta sección a atención desprázase cara os principais rateos económicos e financeiros facilitados pola Axencia Tributaria na súa estatística de contas anuais non consolidadas do imposto de sociedades. Como indica na súa metodoloxía[2], os rateos empréganse dende unha perspectiva agregada ou macroeconómica xa que se constrúen para cada grupo de empresas a partir das magnitudes contables agregadas do grupo en estudio.

Os indicadores estrutúranse en dous grande apartados; o primeiro inclúe os que aportan información sobre a rendibilidade da empresa, e serven especificamente para a análise económica. Estes indicadores son a taxa de valor engadido, a taxa de gasto de persoal,


[2] https://sede.agenciatributaria.gob.es/AEAT/Contenidos_Comunes/La_Agencia_Tributaria/Estadisticas/Publicaciones/sites/sociedadest2/2020/doc365dc8a9470b72eee4c27ca98f40e556d2e44426.html

a marxe bruta de explotación e as rendibilidades económica e financeira. O segundo grupo inclúe os orientados cara a análise financeira, centrándose en indicadores que miden o grado de solvencia ou insolvencia das empresas, permitindo comprobar se o financiamento por razón dos seus custos é correcta para manter un desenvolvemento estable en condicións de rendibilidade adecuada: rateo de tesourería, a rateo fondo de maniobra e en terceiro lugar a rateo de endebedamento.

Atendendo aos devanditos indicadores económicos correspondentes ao exercicio de 2020, último exercicio publicado, a Táboa 24 reflicte que Galicia presenta no último ano unha capacidade de xeración de rendas por unidade de produto inferior á media española, situándose a taxa de valor engadido en 25,77% fronte ao 26,28%. Esta taxa de valor engadido defínese como a porcentaxe que representa o valor engadido respecto á produción. Ao longo do período de análise considerado, este parámetro presenta en Galicia sempre valores inferiores á media española agás nos anos 2017 e 2018.

Ao mesmo tempo, a proporción dos gastos de persoal respecto ao valor engadido, que mide a participación do emprego asalariado no reparto da renda xerada na empresa, ascende en Galicia ata o 55,39%, o que supón nove puntos por baixo da media española. Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a comunidade autónoma co valor da taxa de gastos de persoal máis reducido. A partir do ano 2013 esta taxa presenta unha tendencia descendente ata o ano 2019, aumentando ao mesmo tempo o diferencial con respecto á media española, situándose en 2019 no 43,3%, case 17 puntos inferior ao valor no conxunto do Estado (60,2%). No último ano considerado este indicador ascende ata os devanditos 55,4%, o valor máis elevado dende o ano 2015 (64,3% en España).

Figura 44: Evolución das taxas de valor engadido, gasto de persoa e marxe bruto de explotación 2008-2020 en Galicia e España



Fonte: Agencia Tributaria

Táboa 24: Indicadores económicos e financeiros nas Comunidades Autónomas 2020.

	Ratios económicos					Ratios financeiros		
	Taxa do Valor Engadido	Taxa de Gastos de Persoal	Marxe Bruto de Explotación	Rendibilidade Económica	Rendibilidade Financeira	Ratio de Tesourería	Ratio de Fondo de maniobra	Ratio de Endeuda mento
España	26,28	64,34	9,87	2,54	3,60	138,82	12,00	107,63
Andalucía	24,36	73,68	6,74	2,28	3,96	128,25	14,06	162,03
Aragón	22,65	67,23	7,68	3,46	5,52	174,93	27,62	92,84
Asturias	24,21	77,01	5,84	6,91	10,78	138,18	11,37	74,11
Baleares	28,13	85,14	4,62	0,22	-1,12	134,38	10,06	107,01
Canarias	27,83	75,21	7,41	0,72	0,15	149,46	14,73	80,11
Cantabria	23,36	71,77	7,14	6,82	13,38	154,82	21,17	125,01
Castela e León	23,95	65,19	8,64	4,40	8,20	144,77	20,12	117,11
Castela A Mancha	23,31	69,61	7,36	3,75	7,99	136,41	21,42	151,74
Cataluña	25,84	69,88	8,49	3,18	4,51	149,50	14,46	84,92
C. Valenciana	24,55	70,34	7,51	3,58	5,98	148,94	19,84	99,22
Galicia	25,77	55,39	11,86	4,49	6,22	156,24	15,82	59,57
Madrid	28,42	57,07	12,74	1,94	2,26	134,53	9,62	118,55
Murcia	22,97	67,01	7,86	4,02	7,09	160,20	25,12	108,73
País Vasco	29,58	57,17	13,46	2,50	3,39	93,81	-1,35	95,15


Fonte: Agencia Tributaria

O terceiro indicador económico fai referencia á marxe bruta de explotación (MBE), que se define como a proporción que o resultado bruto de explotación representa respecto á cifra de negocios e é a medida básica da rendibilidade de explotación dende a óptica da empresa. No ano 2020, a MBE sitúase en Galicia no 11,86%, dous puntos por riba do estimado no conxunto de España, situándose como a terceira Comunidade Autónoma con maior porcentaxe tras o País Vasco e Madrid, cun 13,46% e 12,74%, respectivamente. Dende o ano 2013 este indicador mantense por riba da media española, acadándose os diferenciais máis elevados nos anos 2019 e 2018, cando as MBE acada o 17,6% e 16,7%, respectivamente.

No que as rendibilidades económica ou rendibilidade de investimento (REC) e a rendibilidade financeira (RF) se refire, en ambos os dous casos Galicia presenta valores superiores á media estatal, situándose entre as comunidades coas rateos máis elevados (terceira e sexta, respectivamente). Dunha banda, a rendibilidade económica é a porcentaxe que representa o beneficio económico ou operativo (antes de pagar os intereses das débedas, é dicir, os gastos financeiros) co capital total investido (activo

real). Como reflicte a **Figura 45** a rendibilidade económica descende no período 2008-2012, iniciando en 2013 unha tendencia crecente ata o ano 2019, que supera o 13% (4,6% en España). No último ano o indicador descende ata o 4,5%, dous puntos máis que no conxunto do Estado), porcentaxe a se sitúa como a terceira C.A. co REC máis elevada tras Asturias, cun 6,9%, e Cantabria, co 6,8%.

Figura 45: Evolución da rendibilidade económica e financeira en Galicia e España 2008-2020.



Fonte: Agencia Tributaria

A rendibilidade financeira é a porcentaxe que representa o resultado antes de impostos respecto aos recursos propios netos (patrimonio neto). Pode considerarse como a medida da rendibilidade dende a perspectiva do propietario ou accionista ao incluír a

totalidade dos resultados, con independencia da súa orixe. En 2020 este indicador sitúase en 6,2% (3,6% no conxunto de España), sendo a sexta Comunidade Autónoma coa rendibilidade máis elevada tras Cantabria (13,4%), Asturias (10,8%), Castela e León (8,2%), Castela A Mancha (8,0%) e Murcia (7,1%). Ao igual que acontece no caso da FEC, Galicia mantén unha tendencia crecente dende o ano 2013 ata o ano 2019, cando acada o 13,6%, trece puntos máis que no conxunto do Estado.


Atendendo á distribución segundo sector económico, a **Táboa 25** reflicte que os sectores servizos a empresa e servizos sociais son os que presentan a taxa de valor engadido máis elevada, con 67,7% e 59,5%, respectivamente. As ramas de actividade coa taxa de gastos de persoal máis elevada é de outros servizos persoas e de ocio, cun 98,4%, servizos sociais, co 88,1%, e entidades financeiras e de seguros, co 84,0%. No extremo oposto, as actividades con menor taxa de gastos de persoal son as de industria extractiva, enerxía e auga, co 35,7%, e servizos a empresas, co 38,2%. A Figura 46amosa a evolución deste dous indicadores tomando como referencia os valores de 2008, 2014, 2019 e 2020.

Táboa 25: Rateos económicos e financeiros en Galicia 2020. Distribución segundo sector económico

	Ratios económicos					Ratios financeiros		
	Taxa do Valor Engadido	Taxa de Gastos de Persoal	Marxe Bruto de Explotación	Rendibilidade Económica	Rendibilidade Financeira	Ratio de Tesourería	Ratio de Fondo de maniobra	Ratio de Endeuda mento
Total tecido empresarial	25,77	55,39	11,86	4,49	6,22	156,24	15,82	59,57
Agricultura	22,20	63,46	8,57	3,02	4,23	161,52	22,47	76,36
Industria extractiva, enerxía auga	43,73	35,74	29,43	5,20	7,82	134,67	7,86	109,96
Industria	18,74	68,90	5,92	3,53	7,63	128,08	21,74	164,52
Costrución	33,95	63,17	12,94	2,18	2,54	170,92	18,64	61,41
Comercio	20,08	47,31	10,81	7,91	12,70	158,31	23,19	69,46
Información e comunicacións	46,61	66,95	16,20	0,00	-5,48	174,24	19,65	189,74
Entidades financeiras e seguros	40,86	84,04	7,46	0,62	-0,76	396,99	23,03	31,41
Servizos a emrpesas	67,68	38,23	45,40	4,40	4,82	179,55	7,22	25,84
Servizos sociais	59,53	88,09	8,76	2,86	3,97	134,97	13,49	80,40
Outros servicios personais e de ocio	38,92	98,42	0,68	-1,98	-4,08	117,41	3,59	61,87

Fonte: Agencia Tributaria

Figura 46: Evolución da taxa de valor engadido e taxa de gastos de persoal en Galicia. Distribución segundo sectores



Fonte: Agencia Tributaria

No concernente ás rendibilidades económica e financeira, o sector de comercio, reparacións e transporte é quen presenta as taxas máis elevadas, co 7,91% e 12,90%, respectivamente, situándose a continuación o subsector de industria extractiva, enerxía e auga, con 5,2% e 7,8%, respectivamente. Como se aprecia na devandita **Táboa 25**, as rendibilidades económica e financeira son negativas no caso do sector de outros servizos persoais e de ocio, con -2,0% e -4,1%, respectivamente. Asemade, a rendibilidade financeira nos sectores de información e comunicación e no de entidades financeiras e de seguros tamén é negativa, cun -5,5% e -0.8%, respectivamente.

No que atinxe á evolución das taxas financeiras, Galicia presenta un rateo de tesourería e fondo de manobra superior á media española, sendo inferior no caso da rateo de endebedamento. O rateo de tesourería (RT) mide as posibilidades de facer fronte ás obrigas de pago a curto prazo, e se define como a porcentaxe que representa a suma do activo corrente respecto do pasivo corrente. O rateo de fondo de manobra (RFM) é o montante de recursos financeiros permanentes necesarios para poder levar a cabo con normalidade as operacións de natureza corrente (un valor negativo supón que parte do inmobilizado se financia con débedas a curo prazo). O terceiro indicador, o rateo de endebedamento, é o cociente que relaciona as débedas totais cos recursos propios netos; unha taxa elevada cando se acude maioritariamente a fontes externas de financiamento de investimentos.

No ano 2020 a RT sitúase en 156,2%, ascendendo o rateo de fondo de manobra ata o 15,8% e a rateo de endebedamento ao 59,6%. A **Figura 47** amosa a evolución destes tres indicadores ao longo do período 2008-2020, salientando a tendencia descendente da rateo de endebedamento, que en 2020 presenta o valor máis reducido, situándose a continuación Asturias, co 74,1% (107,6% no conxunto do Estado). Asemade, o valor desta ratio en Galicia é a terceira máis baixa de todas as comunidades autónomas tan só por detrás de Aragón, con 174,9%, e Murcia, con 160,2% (en España sitúase no 138,8% no último ano).

Figura 47: Evolución dos rateos financeiros en Galicia e España 2008-2020.



Fonte: Agencia Tributaria

3. DINÁMICA EMPRESARIAL

A reactivación da actividade económica en 2021 tradúcese nunha medra interanual do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia, que remata o ano con 81.366, o que supón unha medra de 1.835 empresas en relación á mesma data do ano anterior. Con todo, non logra compensar a destrución empresarial motivada pola pandemia, de xeito que a finais de 2021 hai en Galicia 919 empresas inscritas menos que antes da pandemia. Asemade, Galicia, en contraste co que acontece en España, non logra superar o nivel previo á crise económica de 2008 ao contar con 6.106 empresas menos (-7%).

No que á dinámica empresarial se refire, cómpre mencionar que no ano 2021 constituíronse un total de 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 21,6 sociedades no conxunto do Estado, o que supón o diferencial máis elevado dende o inicio da crise económica e financeira de 2008. En contraste, o índice de rotación, definido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, presenta en 2021 o valor máis elevado dende o ano 2008, acadando en Galicia un valor de 43,9, o que contrasta co descenso no conxunto de Estado ata as 33,2 sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Neste último caso, o diferencial aumenta ata os 10,5 puntos, cifra tan só superada en 2013 con 11,5 puntos.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador fundamental da dinámica empresarial. No conxunto do ano 2021 o número de debedores concursados en Galicia ascende a 462 (un 16,1% superior ao ano anterior; 64 máis), dos que 229 son persoas físicas sen actividade empresarial, 48 son persoas físicas con actividade empresarial e as restantes 172 son empresas. Este incremento ven explicado, fundamentalmente, pola evolución das persoas físicas sen actividade empresarial, con 59 debedores concursados máis, fronte ás catro empresas concursadas máis en relación ao ano anterior.

3.1. Empresas inscritas na Seguridade Social

Tras a forte caída do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social no ano 2020 por mor do impacto da COVID (-3,3%, porcentaxe tan só inferior ao rexistrado en 2012), a reactivación da economía en 2021 tradúcese nunha medra interanual do número de empresas do 2,3%, sendo esta taxa de variación cinco décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado.

A 31 de decembro de 2021, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia ascende a 81.366, o que supón unha medra de 1.835 empresas en relación á mesma data do ano anterior. Tendo en conta a evolución ao longo dos últimos anos, cómpre indicar en primeiro lugar que o incremento interanual non logra compensar a destrución empresarial motivada pola pandemia, de xeito que a finais de 2021 hai en Galicia 919 empresas inscritas menos que ao inicio da pandemia. Asemade, cadro 3.2.1., o número de empresas inscritas en Galicia a 31 de decembro de 2021 é significativamente inferior ao rexistrado na mesma data de 2008 (6.106 empresas menos), o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado, onde o número de empresas inscritas é similar en ambas datas.

Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma con maior crecemento do número de empresas en termos absolutos, tras Andalucía, Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e Canarias, o que contrasta coa análise en termos relativos, onde tan só A Rioxa, País Vasco, Aragón e Navarra presentan taxas de variación interanuais inferiores á galega. Pola contra, ao analizar a evolución nas diferentes Comunidades Autónomas entre os anos 2008 e 2021, Galicia é a terceira Comunidade cunha maior perda de empresas en termos absolutos, por detrás de Cataluña e Castela e León. En termos porcentuais, a redución dun 7% en Galicia a sitúa como a sexta comunidade con maior descenso tras Asturias, Castela e León, Cantabria, Aragón e País Vasco.

As catro provincias galegas presentan en 2021 unha medra do número de empresas con traballadores inscritos na Seguridade Social, se ben esta evolución positiva é desigual entre as provincias do interior e as da costa. Dunha banda, Pontevedra presenta o maior

incremento tanto en termos absolutos como relativos, con 905 empresas máis, un 3,1% respecto ao ano anterior; seguido da Coruña, con 853 empresas máis (2,6%). Doutra banda, Ourense presenta o menor dinamismo, cunha medra interanual de tan só un 0,7% (70 empresas), situándose esta porcentaxe no 0,9% en Lugo (98 empresas máis). Tras esta evolución aumenta a concentración empresarial na Coruña e Pontevedra, que acollen o 79,1% das empresas inscritas (33.990 e 30.358 empresas, respectivamente).

Táboa 26: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2008	87.472	1.332.090	6,57	-2,4	-5,3
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8


		2020	2021	21/20	21/20 (%)
Galicia		79.531	81.366	1.835	2,3
	A Coruña	33.137	33.990	853	2,6
	Lugo	11.152	11.250	98	0,9
	Ourense	9.378	9.448	70	0,7
	Pontevedra	29.453	30.358	905	3,1

(1) Empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social

Figura 48: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: taxa de variación anual.



(1) Variación sobre igual período ano anterior

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social

Fronte a este incremento interanual nas catro provincias galegas, se a comparación se realiza coa situación rexistrada en 2008 ningunha provincia acadou o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Ourense, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase aínda un 10,8% por baixo (1.143 empresas menos), situándose a continuación Lugo, cun descenso do 7% (843 empresas menos). En termos absolutos, no ano 2021 hai inscritas na provincia de Pontevedra 2.180 empresas menos que en 2008, o que supón unha caída do 6,7%, en tanto que na Coruña este descenso foi de 1.956 empresas (-5,4%.).

Dende un punto de vista sectorial, o 73,8% das empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia pertencen ao sector servizos (60.069), seguido da construción, que acolle un 10,4% das empresas (8.498), da industria, cun 8,7% (7.063) e do sector primario, cun 7% (5.736). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector primario (8,7% en España), sendo do 73,4% o peso do sector servizos, do 10% o da construción e do 8% o do conxunto das ramas industriais.

En relación ao ano anterior, tanto Galicia como España presentan unha medra do número de empresas con traballadores inscritas, sendo as taxas de variación in- teranual máis elevadas no conxunto de España. Xunto a esta evolución, aumenta o número de empresas no sector primario galego, descendendo pola contra no sector industrial, ao contrario do que acontece en España.

As taxas de crecemento máis importantes corresponden ao sector da construción, cunha medra do 2,9% en Galicia fronte ao 4,7% en España; situándose a continuación os servizos, con incrementos do 2,7% e 3,3%, respectivamente. O sector primario galego experimenta un incremento do 1,1% das empresas inscritas, o que contrasta coa caída rexistrada no conxunto do Estado. Finalmente, o sector industrial presenta en Galicia unha redución do seu número de empresas (-0,3%) aumentando pola contra un 0,5% en España.

No que respecta á titularidade das empresas, e ao igual que acontecía no ano anterior, a 31 de decembro de 2021, o 60,8% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 39,2% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 62,7% no caso das persoas xurídicas e no 37,8% no das persoas físicas. Na mesma data de 2008, as persoas xurídicas representaban o 61,3% en Galicia fronte ao 65,5% en España.

Táboa 27: Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia						España					
	2008	2013	2019	2020	2021	21/20	2008	2013	2019	2020	2021	21/20
Total	87.472	80.118	82.285	79.531	81.366	2,3	1.332.090	1.246.167	1.340.415	1.295.656	1.332.390	2,8
Primario	1.206	5.182	5.744	5.672	5.736	1,1	13.164	107.283	116.108	117.104	115.745	-1,2
Industria	9.382	7.425	7.219	7.087	7.063	-0,3	138.285	107.158	108.262	105.955	106.453	0,5
Construción	13.427	8.160	8.206	8.258	8.498	2,9	182.402	104.175	126.261	126.842	132.857	4,7
Servizos	63.457	59.351	61.116	58.514	60.069	2,7	998.239	927.551	989.784	945.755	977.335	3,3
Total	87.472	80.118	82.285	79.531	81.366	2,3	1.332.090	1.246.167	1.340.415	1.295.656	1.332.390	2,8
Persoa física	33.843	32.551	33.163	31.197	31.869	2,2	459.283	476.936	511.878	482.429	497.534	3,1
Persoa xurídica	53.629	47.567	49.122	48.334	49.497	2,4	872.759	769.231	828.537	813.227	834.856	2,7

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social

3.2. Altas e baixas. Taxa de rotación

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situacións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

Táboa 28: Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2021

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituidas	3.944	1.713	364	354	1.513	102.205
Anónimas	14	8	-	-	6	409
Limitadas	3.829	1.660	359	344	1.466	99.159
Outras	101	45	5	10	41	2.637
Amplían capital	1.179	532	111	136	400	28.389
Anónimas	42	24	3	4	11	1.374
Limitadas	1.106	490	105	131	380	26.341
Outras	31	18	3	1	9	674
Extinción	1.732	839	192	149	552	34.181
Anónimas	51	24	4	5	18	1.860
Limitadas	1.576	751	181	137	507	30.422
Outras	105	64	7	7	27	1.899
Capital subscrito						
	(en miles de euros)					
Sociedades	209.551,2	89.240,0	23.141,6	17.034,2	80.135,4	5.063.079,1
Anónimas	10.216,9	4.423,8	-	-	5.793,1	448.343,0
Limitadas	185.890,4	83.681,2	23.115,2	16.908,2	62.185,8	4.533.405,7
Outras	13.443,9	1.134,9	26,4	126,0	12.156,6	81.330,4
Capital desembolsado						
	(en miles de euros)					
Sociedades	209.306,1	88.994,9	23.141,6	17.034,2	80.135,4	4.946.843,0
Anónimas	10.171,7	4.378,7	-	-	5.793,1	336.929,7
Limitadas	185.890,4	83.681,2	23.115,2	16.908,2	62.185,8	4.533.405,7
Outras	13.243,9	935,0	26,4	126,0	12.156,6	76.507,5
Capital desembolsado das que amplían capital						
	(en miles de euros)					
Sociedades	972.441,9	467.567,5	26.996,1	50.015,2	427.863,1	28.131.619,1
Anónimas	284.370,8	275.734,5	198,2	578,1	7.860,1	11.444.722,3
Limitadas	644.742,6	149.172,8	26.633,9	49.432,4	419.503,6	16.109.281,1
Outras	43.328,4	42.660,2	164,0	4,7	499,5	577.615,7


Fonte: Registro Mercantil Central

En relación ás actas de constitución de sociedades, tras o forte descenso experimentado no ano 2020 (-16,4%; 628 empresas constituídas menos), a reactivación da actividade económica reflíctese tamén nunha medra do número de sociedades constituídas en Galicia. Este incremento foi do 23,4% na Comunidade Autónoma, porcentaxe catro puntos e medio inferior á rexistrada no conxunto do Estado (27,9%). Tras esta evolución en Galicia constituíronse no último ano un total de 3.944 sociedades mercantís, 747 máis que no ano anterior, o que representa o 3,9% do total de sociedades constituídas en España nese ano, o valor máis reducido dende o ano 2008 (5,1%). O 75,6% das sociedades mercantís constituídas ao longo do ano 2021 en Galicia pertencen ao sector servizos, das que o 24,2% son actividades de comercio por xunto e ao retallo e o 11,2% servizos de comidas e bebidas.

No que atinxe á evolución nos últimos anos, cómpre mencionar en primeiro lugar que o número de empresas constituídas no ano 2021 é superior ao nivel de 2019 tanto en Galicia como en España, se ben a C. Autónoma presenta un menor dinamismo (3,1% e 7,6%, respectivamente). Pola contra, se a comparación realízase co acontecido en 2008, Galicia e España presenta unha creación de empresas inferior á estimada no co-mezo da crise económica e financeira; en concreto, o número de empresas constituídas en Galicia é un 28,3% inferior ás constituídas nese ano, situándose esta taxa de variación no -4,7% no conxunto do Estado. En termos absolutos, en 2021 constituíronse 1.560 sociedades menos que no ano 2008, sendo este diferencial de 747 sociedades en relación ao ano anterior.

Tendo en conta a caída rexistrada en 2020, o número de sociedades constituídas aumenta no último ano nas catro provincias galegas, presentando tan só A Coruña unha medra superior á media autonómica. En con- creto, o número de constitucións de sociedades aumenta na Coruña un 30,9% (404 empresas máis) cando no ano anterior descendera un 18,7%. En Pontevedra o incremento interanual foi do 21,4%, (-14,9% no ano anterior), o que supón 267 sociedades máis, presentando a provincia de Ourense o menor dinamismo, cunha medra do 10,6% (-12,8%), 34 empresas máis. En Lugo a taxa de variación interanual foi do 13%

Figura 49: Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-21




Fonte: Registro Mercantil Central

Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.713 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.513 sociedades, o que supón o 81,8% de todas as sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.

Este comportamento positivo tamén se mantén considerando a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes. En concreto, no ano 2021 constitúense en Galicia un total de 14,7 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 11,8 do ano anterior. A pesar desta mellora relativa, o diferencial con respecto á media española aumenta significativamente no último ano, cando a taxa de creación de empresas en España se sitúa en 21,6 sociedades. En 2021 este diferencial é de 6,9 puntos

o valor máis elevado dende o ano 2008 (23,3 sociedades en España e 19,9 en Galicia nese ano).

Figura 50: Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-21



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitnates

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolución de empresas fronte ao de novas constitucións.

Fonte: Registro Mercantil Central

O indicador de creación de sociedades mercantís aumenta nas catro provincias galegas. Dunha banda, Pontevedra mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,1 sociedades creadas en 2021 por cada 10.000 habitantes (13,2 no ano anterior). Lugo, presenta a taxa máis reducida con 11,2 empresas por cada 10.000

habitantes (9,8 noano precedente). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 15,3 sociedades por cada 10.000 habitantes (11,7 no ano 2020) e en Ourense, nas 11,6 sociedades (10,4 no ano anterior).

A pesar do incremento do número de sociedades constituídas, o seu capital subscrito volve a reducirse en 2021. Neste último ano, tras unha caída interanual do 40,6%, o capital subscrito acada os 209,6 millóns de euros, 143 millóns menos que no ano anterior. Esta forte caída contrasta co rexistrado no conxunto de España onde o capital subscrito medra un 0,4% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución, o capital medio subscrito redúcese un 51,8%, pasando de a 110.284,7 euros en 2020 ata os 53.131,64 euros do último ano (49.538,47 euros no conxunto do Estado).

A caída no capital subscrito en Galicia é consecuencia da redución na subscrición de capital das empresas constituídas nas provincias da Coruña e, en menor medida, Pontevedra. En concreto, na Coruña o descenso foi de 144,2 millóns de euros (-61,8%), e de 21,5 millóns en Pontevedra (-21,1%). Pola contra, en Lugo o capital subscrito aumenta en 14,6 millóns e en Ourense, en 8 millóns (171% e 89,5%, respectivamente). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 42,6% do capital subscrito, fronte ao 38,2% en Pontevedra; sendo estas porcentaxes do 11% e 8,1% en Lugo e Ourense.

No que ten que ver coas sociedades mercantís que ampliaron o seu capital, tralo descenso experimentado no ano anterior tanto en Galicia como no conxunto de España, no ano 2021 rexistrouse un incremento no seu número, sendo este menos acusado en Galicia. Tras unha medra interanual do 14% na Comunidade Autónoma (15% no conxunto do Estado), en 2021 rexistráronse en Galicia 1.179 ampliacións, manténdose o seu peso relativo no total estatal no 4,2%. Tras o devandito incremento, o capital desembolsado nestas ampliacións rexistrou en Galicia unha medra significativamente superior á acadada no conxunto do Estado, cunha taxa de variación interanual do 97,8% e 49,8%, respectivamente (no ano anterior descendera un 29,7% na C.A. e un 23,3% en España). Tras esta evolución, o capital desembolsado nas diferentes ampliacións das sociedades galegas ascende ata os 972,4 millóns de euros, o 3,5% do total estatal.

O número de sociedades que amplían capital redúcese tan só na provincia de Pontevedra, con seis sociedades menos que en 2020 (-1,5%), o que contrasta co descenso xeneralizado do ano anterior. A provincia da Coruña rexistra o maior incremento en termos absolutos, con 112 sociedades máis que no ano anterior (26,7%), por diante de Ourense, con 33 sociedades máis (32%) e Lugo, con 6 máis (5,7%).

No que respecta ao capital desembolsado por estas sociedades que amplían capital en 2021, a provincia de Lugo foi a única que, tras o incremento experimentado en 2020, rexistra no ano 2021 unha redución do capital desembolsado (-36%; 15,2 millóns menos). A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior incremento de capital, cunha medra interanual de 261,3 millóns de euros (157%), por diante da Coruña, con 206,8 millóns (79,3%) e Ourense, con tan só 27,8 millóns máis (124,8%).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia aumenta un 40,3% en 2021, o que supón 501 máis que no ano anterior, para situarse nas 1.732 empresas. No conxunto do Estado este incremento foi do 21,7% polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia no total estatal aumenta ata o 5,1%, sete décimas máis que no ano anterior. O número de sociedades extinguidas aumenta en todas as provincias, manténdose A Coruña como a provincia con maior número de extincións, con 839 extincións, 267 máis que en 2020 (46,7%), por diante de Pontevedra, que rexistra 552 extincións, 126 máis que no ano anterior (29,6%), e Lugo e Ourense rexistran 192 e 149 extincións, 45 e 63 máis que no ano anterior, respectivamente.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) aumenta en Galicia no último ano para situarse nas 43,9 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, o valor máis elevado dende o ano 2008. A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o índice de rotación descende ata o 33,4, o que supón unha redución de 1,7 sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Este indicador mantense por riba da media española dende o ano 2009, ascendendo o diferencial ata os 10,5 puntos no ano 2021, cifra tan só superada en 2013 con 11,5 puntos.

A nivel provincial, todas as provincias galegas presentan un índice de rotación superior á media estatal. Un ano máis Lugo rexistra o valor máis elevado do índice de ro- tación, cun total de 52,7 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido da Coruña con 49. Pontevedra é a provincia que presenta o valor máis reducido, con 36,5 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, situándose en Ourense en 42,1

3.3. Taxas de creación e mortalidade empresarial

A consideración das taxas de creación e mortalidade empresarial, definidas como o número de empresas creadas ou desaparecidas por cada mil empresas activas, permiten facer unha comparación máis homoxénea entre territorios. A análise parte da comparativa a nivel europeo, para o que se terán en consideración os datos publicados en Eurostat, que ofrece información harmonizada de nacementos e de mortes de empresas, en vez de considerar as altas e baixas administrativas. (García Perea, 2020)[3].

A principal dificultade da análise da creación e mortalidade empresarial a nivel europeo ven dada pola ausencia dunha serie temporal que permita analizar a súa evolución ao longo do período de tempo considerado neste estudio. Asemade, os últimos datos publicados refírense ao ano 2020, no caso da creación de empresas, e ao 2018 no que a mortalidade empresarial se refire.

A **Táboa 29** reflicte que a taxa de creación de empresas en España descendeu en 2020 ata as 7,52 empresas por cada cen empresas activas, o que significa unha das taxas máis reducidas dos vinte países da UE dos que se dispón de datos. Tan só Austria, con 5,72

[3] Eurostat parte do concepto de stock de empresas que se obtén sumando o conxunto de empresas activas ao final do ano e as empresas que cesaron a súa actividade ao longo do mesmo. Un nacemento ou morte empresarial acontece cando unha empresa comeza ou cesa a súa actividade, excluíndose das altas e baixas do DIRCE as altas e baixas das unidades legais por mor de fusións, escisións e reestruturacións internas. Tamén se exclúen os cambios puros de actividade ou de forma legal, e non se contabilizan as empresas que retoman as súas actividades dentro dos dous anos seguintes ao cese previo.

empresas creadas por cada cen activas, Italia, con 6,84 empresas creadas, e Suecia, con 6,85 empresas creadas, presentan unha taxa inferior á española, rexistrándose en Lituania e Malta as taxas máis elevadas con 17,99 e 14,18 empresas, respectivamente.


Táboa 29: Demografía empresarial en Europa. Taxa de creación e mortalidade empresarial. Taxa de rotación

	Taxa creación			Taxa mortalidade		Taxa de rotación	
	2011	2018	2020	2011	2018	2011	2018
Bulgaria	10,92	11,29	8,97	11,72	12,17	22,64	23,46
República Checa		9,35	8,08		8,27		17,62
Dinamarca	11,85	10,96	11,17	10,66	10,17	22,51	21,13
Estonia		12,43	12,19		11,01		23,44
España	8,19	10,23	7,52	9,50	8,00	17,69	18,23
Francia	10,96	10,79	11,11	6,16	4,72	17,12	15,51
Croacia	7,35	9,52	9,37	11,66	7,85	19,01	17,37
Italia	6,74	7,37	6,84	6,77	7,48	13,51	14,85
Letonia		12,58	12,35		11,10		23,68
Lituania	24,45	19,13	17,99	14,22	18,39	38,67	37,52
Hungría	9,94	13,34	10,85	13,99	8,62	23,93	21,96
Malta		15,43	14,18		10,73		26,16
Países Baixos		10,05	10,27		5,43		15,48
Austria	8,47	7,05	5,72	6,65	6,19	15,12	13,24
Polonia		13,10	10,32		10,98		24,08
Portugal	12,68	15,74	12,22	16,25	12,58	28,93	28,32
Romania	12,98	11,48	11,00	16,07	9,06	29,05	20,54
Eslovaquia	14,34	12,60	10,37	13,80	9,58	28,14	22,18
Finlandia	8,60	8,23	8,98	7,60	6,74	16,20	14,97
Suecia		6,53	6,85		5,54		12,07

Fonte: Eurostat (Consulta 7 decembro 2022)

Atendendo á evolución ao longo da década 2011-2020 a Figura 51 reflicte, en primeiro lugar, a elevada taxa de creación de empresas en Portugal en comparación con rexistrado en España ao longo do período considerado, ao contrario do que acontece con Italia. En segundo lugar, hai que mencionar o significativo impacto da crise orixinada pola COVID, cun descenso xeneralizado na taxa de creación de empresas, sendo esta caída máis acusada en Portugal e España fronte Francia e Italia.

Figura 51: Evolución da taxa de creación de empresas en España, Francia, Italia e Portugal 2011-2020




Fonte: Eurostat (Consulta 7 decembro 2022)

No concernente á taxa de mortalidade empresarial, en España desaparecen oito empresas por cada cen empresas activas en 2018, o que a sitúa nunha posición intermedia respecto dos países considerados. Lituania lidera o ranking de países con maior taxa de mortalidade empresarial, con 18,4 empresas por cada cen empresas activas, superando o 12% no caso de Bulgaria e Portugal. No extremo oposto están Francia, co 4,7% das empresas activas no ano 2018, situándose Países Baixos e Suecia cunha porcentaxe en torno ao 5,5% das empresas.

Tras esta evolución, a taxa de rotación de empresas, entendida como a suma das taxas de creación e mortalidade de empresas, ascende no ano 2018 ata as 18,2 empresas cifra lixeiramente superior á rexistrada no ano 2011 (17,7 empresas). Como reflicte a devandita **Táboa 29**, Lituania presenta os valores máis elevados, con 37,5%, superando a Portugal e Malta, con 28,3% e 26,2%, respectivamente. No extremo oposto, en Austria e Suecia este indicador acada un valor de 13,2% e 12,1%, respectivamente.

Figura 52: Evolución da taxa de mortalidade empresarial en España, Francia, Italia e Portugal 2011-2020



Fonte: Eurostat

Cando se descende na análise a nivel de Comunidades Autónomas en España segundo a metodoloxía empregada por Eurostat, a **Táboa 30** amosa que no ano 2020 a taxa de creación de empresas descende en Galicia ata as 6,3 empresas creadas por cada cen empresas activas, o que supón 1,2 puntos por baixo da media española. Este dato convértea nunha das comunidades con menor taxa de creación empresarial, superando tan só a Castela e León, A Rioxa e Aragón, que non superan as 6 empresas creadas por cada cen empresas activas. No extremo oposto, Baleares e Andalucía son as autonomías coas taxas máis elevadas, con 8,7 empresas por cada cen empresas activas, superando tamén as 8 empresas na Comunidade Valenciana e Murcia.

No concernente á mortalidade empresarial, Galicia presenta valores inferiores á media española, descendendo en 2018 (último dato publicado) ata o 7,3% das empresas activas, cando no conxunto do Estado esta rateo é de oito empresas por cada cen empresas activas. Neste caso, tan só tres comunidades autónomas presentan unha destrución empresarial inferior á galega, situándose en 6,8 empresas por cada cen

activas en Aragón, 6,9 empresas en Aragón e 7 en Castela e León. Fronte a estes valores, Andalucía e Murcia presentan unha taxa superior ás 9 empresas por cada cen activas, situándose en 11,4 empresas en Ceuta.


Táboa 30 Demografía empresarial en España. Taxa de creación e mortalidade empresarial. Taxa de rotación. Distribución segundo CC.AA.

	Taxa creación			Taxa mortalidade		Taxa de rotación	
	2011	2018	2020	2011	2018	2011	2018
España	8,19	10,23	7,52	9,50	8,00	17,69	18,23
Galicia	7,74	8,68	6,33	8,41	7,26	16,15	15,94
Asturias	8,02	8,85	6,37	8,89	7,84	16,91	16,69
Cantabria	7,50	8,80	6,31	8,88	7,35	16,38	16,15
País Vasco	5,58	7,58	6,93	9,40	7,54	14,98	15,12
Navarra	6,65	8,23	6,73	7,96	6,83	14,61	15,06
A Rioxa	7,39	7,47	5,67	8,38	7,41	15,77	14,88
Aragón	7,45	8,03	5,95	8,92	6,88	16,37	14,91
Madrid	7,95	10,63	7,50	8,39	8,02	16,34	18,65
Castela e León	7,06	7,72	5,63	7,87	6,95	14,93	14,67
Castela-A Mancha	7,75	9,40	6,90	9,19	7,82	16,94	17,22
Estremadura	7,56	9,65	6,38	8,45	7,48	16,01	17,13
Cataluña	8,52	9,85	7,37	9,85	7,72	18,37	17,57
C. Valenciana	8,79	11,44	8,43	10,32	8,27	19,11	19,71
Baleares	8,74	11,62	8,74	10,38	8,01	19,12	19,63
Andalucía	9,10	11,88	8,73	10,68	9,18	19,78	21,06
Murcia	8,49	10,57	8,05	10,54	9,38	19,03	19,95
Ceuta	8,77	9,68	7,54	9,98	11,42	18,75	21,10
Melilla	10,75	14,62	7,76	10,21	8,35	20,96	22,97
Canarias	9,13	11,85	7,73	10,10	7,53	19,23	19,38

Fonte: Eurostat

Atendendo á súa evolución ao longo do período analizado neste apartado, a **Figura 53** recolle a evolución dos tres indicadores en Galicia e España, que se manteñen sempre por baixo do nivel estatal. Cómpre resaltar que a taxa de creación empresarial redúcese nos anos 2019 e 2020, sendo esta caída máis acusada na Comunidade Autónoma. A taxa de rotación empresarial ascende en Galicia ata o 15,9% no ano 2018 fronte aos 18,23% no conxunto do Estado, sendo este diferencial o máis acusado de toda a serie analizada.


Figura 53: Demografía empresarial en Galicia e España 2011-2020. Taxas de creación e mortalidade empresarial. Taxas de rotación.



Fonte: Eurostat

Por último, no que fai referencia á análise da demografía empresarial na Eurorrrexión Galicia-Norte de Portugal, a **Figura 54** representa a evolución dos tres indicadores seleccionados. Tanto a taxa de creación como de mortalidade empresarial é superior no norte de Portugal que en Galicia, ascendendo a primeira a 11,80 empresas por cada cen empresas activas fronte ás 6,33 en Galicia, en tanto que a taxa de mortalidade sitúase no ano 2018 en 11,39 empresas por cada cen empresas activas (7,26 empresas en Galicia). Deste xeito, a taxa de creación de empresas no conxunto da Eurorrexión é de 9,90% fronte a unha taxa de mortalidade de 9,89 empresas por cada cen activas no ano 2018.

Figura 54: Demografía empresarial na Eurorrexión Galicia Norte de Portugal 2008-2020. Taxas de creación e mortalidade empresarial. Taxas de rotación.



Fonte: Eurostat

3.4. Taxa de supervivencia

A análise do comportamento da taxa de supervivencia aos tres anos (datos publicados por *Eurostat*) complementa a información recollida no punto anterior. Como se reflicte na **Táboa 31**, aos tres anos da súa creación sobrevive en Galicia o 58,7% das empresas, porcentaxe que se sitúa case catro puntos por riba da media española (54,9%) en 2020. Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma coa taxa máis elevada tras A Rioxa e Navarra, cun 59,6%; Cantabria, co 59,4%; e Navarra, co 59,3%. No ano 2020 o número de empresas que se crearon en Galicia tres anos antes e que sobreviven ascende a 10.155 empresas, o que representan o 4,8% do total de empresas dese ano en Galicia, porcentaxe que a sitúa lixeiramente por baixo do peso relativo no conxunto do Estado (5,0%). Esta porcentaxe sitúa á Comunidade Autónoma nunha posición intermedia, presentando as porcentaxes máis elevadas Baleares e Cataluña, co 5,5% e 5,3%, respectivamente (ademais de Ceuta, co 5,6%, e Melilla, cun 5,4%).

Atendendo á súa evolución ao longo do período recollida na **Táboa 31**, a taxa de supervivencia aos tres anos mellora en Galicia en 1,1 puntos ao pasar do 57,6% no ano 2014 ata os devanditos 58,7%, incremento que se sitúa por baixo do rexistrado no conxunto do Estado, que ascende ata os 2,5 puntos (52,5% no ano 2014). Entre as demais CC.AA. cómpre resaltar o incremento de 5,8 puntos experimentado en Cantabria (53,6% en 2014 e 59,4% no ano 2020), sendo esta medra de 4,6 puntos en Canarias (47,4% e 52% nos dous anos considerados). Pola contra, o País Vasco presenta unha acusada redución da taxa de supervivencia empresarial aos tres anos (6,8 puntos), ao pasar dende o 66,4% de 2014 ata os 59,6% no ano 2020.

Táboa 31: Supervivencia empresarial aos tres anos en España, 2014, 2019 e 2020.

	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia			Taxa de supervivencia			% empresas de 3 anos sobre o total		
	2014	2019	2020	2014	2019	2020	2014	2019	2020
España	151.000	205.174	184.568	52,47	56,00	54,93	4,40	5,48	4,98
Galicia	9.403	11.598	10.155	57,60	58,39	58,66	4,49	5,31	4,79
Asturias	3.217	3.806	3.439	53,34	55,89	55,19	4,42	5,07	4,68
Cantabria	1.674	2.808	2.043	53,62	62,53	59,41	4,16	6,63	4,89
País Vasco	6.397	7.115	7.045	66,44	60,10	59,64	4,02	4,59	4,58
Navarra	1.722	2.053	2.105	58,37	54,91	59,33	3,77	4,28	4,42
A Rioxa	993	1.585	1.046	55,47	65,28	59,57	4,05	6,49	4,34
Aragón	4.015	5.549	4.186	55,82	61,00	58,12	4,24	5,61	4,34
Madrid	22.941	31.173	31.078	53,44	55,74	55,07	4,25	5,14	5,16
Castela e León	6.830	7.979	6.903	54,95	58,67	56,64	4,02	4,57	4,06
Castela-A Mancha	5.413	6.803	6.317	49,77	53,06	54,07	3,99	4,82	4,55
Estremadura	2.800	3.765	3.546	52,64	56,49	54,20	4,04	5,08	4,90
Cataluña	29.480	43.854	35.945	52,97	58,85	57,02	4,67	6,33	5,26
C. Valenciana	16.507	22.058	20.561	49,25	53,49	52,81	4,46	5,39	5,05
Baleares	4.138	6.547	6.089	49,56	54,11	52,56	4,37	5,86	5,51
Andalucía	24.423	33.441	30.026	49,70	53,28	52,39	4,65	5,69	5,12
Murcia	4.316	5.550	5.164	51,37	54,04	52,50	4,45	5,20	4,86
Ceuta	183	239	233	52,59	52,64	54,06	4,59	5,69	5,62
Melilla	228	285	305	51,24	47,90	51,78	5,18	4,74	5,36
Canarias	6.320	8.966	8.382	47,42	52,30	51,99	4,38	5,25	5,02
Portugal	54.575	76.999	77.683	--	46,21	44,20	5,37	6,41	6,55
Rexión norte	19.387	25.022	25.011	--	49,44	47,52	5,72	6,29	6,26

Fonte: Eurostat

Atendendo á distribución segundo sectores, a **Táboa 32** amosa que o transporte e almacenamento presenta as taxas máis elevadas nos tres anos considerados, superando en todos eles o 70%, situándose a continuación o sector industrial, que en 2020 ascende a 67,5%. Con todo, no último ano o número de empresas activa creadas tres anos antes representa tan só o 3,6% das empresas industriais e o 3,8% das empresas de transporte e almacenamento (453 e 489 empresas activas en 2020, respectivamente). Pola contra, o sector da hostalería é quen presenta as taxas de supervivencia máis reducidas; no último ano tan só o 49,3% das empresas creadas tres anos antes sobrevive (1.124 empresas activas).

Táboa 32: Supervivencia empresarial aos tres anos en Galicia, 2014, 2019 e 2020. Distribución segundo sectores

	Empresas creadas tres anos antes e que sobreviven no ano de referencia			Taxa de supervivencia			Empresas con tres anos de vida		
	2014	2019	2020	2014	2019	2020	2014	2019	2020
					(%)		(en % sobre o total de empresas)		
Total tecido empresarial	9.403	11.598	10.155	57,6	58,4	58,7	4,5	5,3	4,8
Industria	462	509	453	66,9	61,9	67,5	3,5	3,8	3,6
Construción	1.210	1.578	1.330	56,2	56,8	60,3	3,7	5,0	4,4
Comercio e reparación vehiculos de motor	2.341	2.674	2.231	57,2	58,5	58,6	4,3	5,3	4,6
Transporte e almacenamento	405	507	489	70,9	72,8	70,7	3,2	4,0	3,8
Hostalería	1.113	1.281	1.124	45,6	49,3	49,3	5,0	6,0	5,6
Información e comunicacións	136	181	191	56,0	58,2	62,8	5,7	6,1	6,5
Actividades financeiras e de seguros, agás sociedades de investimento	660	918	802	65,7	70,7	69,3	5,9	6,8	5,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas; servizos auxiliares	1.568	1.845	1.681	58,5	56,8	56,5	5,1	5,3	4,9
Educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	758	1.004	893	61,7	60,2	56,2	5,6	6,0	5,3
Actividades artísticas, ocio e entretemento; outros servizos	750	1.101	961	61,7	59,1	58,8	4,8	5,3	4,7

(1) Industria, construción e servizos agás empresas de seguros e sociedades de investimento

Fonte: Eurostat

Asemade, cando se considera a Eurorrexión Norte de Portugal, a devandita táboa 32 amosa que a rexión norte de Portugal presenta unha taxa de supervivencia significativamente inferior á media galega, situándose en 2020 no 47,5%, máis de trece puntos por baixo. Con todo, cómpre mencionar que en 2020 o número de empresas creadas tres anos antes e que sobreviven ascende a 25.011 empresas, o que representa o 6,3% das empresas activas, porcentaxe que se sitúa en Galicia no 4,8%.

Por último, cómpre facer referencia á supervivencia empresarial segundo tamaño. Os datos de Eurostat tan só publican datos rexionais para o total de empresas, empresas sen asalariados, empresas de 1 a 9 traballadores e aquelas con máis de 10 traballadores. Como se observa na **Táboa 33**, a taxa de supervivencia aumenta a medida que aumenta o tamaño empresarial, aumentando en Galicia dende o 57,2% no caso das empresas sen traballadores ata o 63,7% entre aquelas entre 1 e 9 traballadores e o 80% nas de máis de 10 traballadores. Nos tres casos considerados Galicia presenta unha taxa superior á media española.

Táboa 33: Supervivencia empresarial aos tres anos en España, 2014, 2019 e 2020. Distribución segundo tamaño empresarial

	Empresas sen traballadores			Empresas de 1-9 traballadores			Empresas 10 ou máis traballadores		
	2014	2019	2020	2014	2019	2020	2014	2019	2020
España	49,84	53,82	52,90	61,90	63,05	62,15	70,28	80,78	78,65
Galicia	55,54	56,75	57,20	64,70	63,66	63,66	74,42	82,19	80,00
Asturias	50,64	54,82	53,42	62,88	59,42	61,41	72,73	77,78	80,77
Cantabria	50,51	60,14	58,19	65,61	69,33	63,56	62,50	86,36	88,24
País Vasco	60,67	52,08	52,02	78,26	77,19	75,83	83,72	88,30	93,06
Navarra	54,95	50,19	53,28	66,92	70,39	74,42	84,00	91,67	72,73
A Rioxa	54,23	63,77	58,30	59,78	69,64	63,71	85,71	100,00	88,89
Aragón	53,41	58,73	56,23	64,77	67,99	64,97	75,00	84,62	89,74
Madrid	50,96	53,61	52,84	63,90	64,11	64,75	75,82	80,47	80,75
Castela e León	52,70	56,30	54,75	63,71	67,15	63,60	76,12	91,84	83,61
Castela-A Mancha	47,36	51,25	52,80	60,00	58,94	58,59	57,38	82,19	69,14
Estremadura	50,35	55,72	52,79	61,23	59,04	59,58	87,50	75,00	86,67
Cataluña	50,54	56,54	55,07	62,80	66,67	65,34	65,93	81,24	79,94
C. Valenciana	46,37	51,63	51,03	59,51	59,40	58,73	66,52	75,55	76,31
Baleares	47,78	52,71	51,66	55,15	58,38	55,63	67,31	74,34	63,33
Andalucía	47,19	51,62	50,81	58,24	58,20	:	64,47	80,25	:
Murcia	49,36	51,87	50,48	:	61,06	:	:	79,31	:
Ceuta	54,34	49,86	54,44	:	61,90	52,44	:	:	:
Melilla	49,45	44,40	49,10	:	62,83	:	:	:	:
Canarias	44,16	49,85	49,73	56,40	58,51	58,50	76,53	81,90	81,67

4. CONDICIONANTES DA DINÁMICA EMPRESARIAL

4.1. O contexto galego

Trala exhaustiva revisión feita nos apartados precedentes sobre o principais indicadores sobre a actividade económica e empresarial existentes, resulta de interese prestar atención aos diferentes aspectos que condicionan a realidade cotián das empresas galegas dende o seu nacemento.

Con esta finalidade realizouse una revisión da literatura existente sobre o tema, tanto no eido académico como en informes de carácter profesional ou sectorial. Cómpre destacar un traballo neste particular que é o realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE, 2021) sobre o tamaño empresarial en Galicia.

Con carácter xeral, os factores determinantes do desenvolvemento empresarial identificados poden clasificarse en tres grandes grupos: institucionais, tecnolóxicos e organizacionais; segundo teñan en consideración influencias do entorno, a función de produción, ou o proceso de control e funcionamento interno.

Os **factores institucionais** actúan como incentivos ou desincentivos do investimento e o crecemento das empresas, podendo mencionar entre estes ao marco legal, fiscal e financeiro. O marco institucional dunha economía, medido en termos de funcionamento do seu sistema xudicial, protección dos dereitos de propiedade, transparencia, eficiencia do goberno e seguridade favorece a dinámica empresarial. En concreto, a seguridade xurídica nas relacións comerciais favorece a cooperación entre empresas constantándose, como sinalan Mielgo (2015) ou García-Posada (2013), os beneficios da eficacia xudicial e a calidade e o desenvolvemento institucional.

No marco legal, e nomeadamente no que atinxe á calidade regulamentaria, o exceso de carga burocrática supoñen unha complexización e importantes trabas para as empresas. Por este motivo, deberíase mellorar moito en todo o referido á complexidade administrativa porque neste eido estamos aínda lonxe dos países líderes. Segundo o *Global Competitiveness Index de 2022* (Foro Económico Mundial, 2022), España ocupa a

posición 114 de 141 países analizados no que respecta a carga regulamentaria gobernamental fronte á posición 96 de Portugal, 65 de Francia, 21 do Reino Unido, 15 de Alemaña e 14 de Estados Unidos

O marco fiscal tamén pode desempeñar un papel destacado. A inspección fiscal ás empresas españolas tende a ser máis intensa nos tramos superiores a seis millóns de euros de facturación, o que provoca que moitas das que se atopan preto da barreira prefiren non cruzala (Almunia e López-Rodríguez, 2012). Neste eido, outro elemento a considerar é a complexidade do sistema tributario, derivada do número de leis, os procedementos fiscais e a comunicación coa administración; elementos que desincentivan o crecemento das empresas.

Con respecto ao sistema financeiro, o seu grao de desenvolvemento afecta positivamente ao desenvolvemento das empresas. Así, a maior diversidade e acceso a fontes de financiamento as empresas terán maior facilidade para acometer diferentes investimentos. Os datos que proporciona o Foro Económico Mundial no seu último informe sobre competitividade (Foro Económico Mundial, 2020), España ocupa o posto 26º con respecto ás 141 economías analizadas, fronte ao posto 25º de Alemaña, ao 14º de Francia e ao 7º do Reino Unido. O problema vese agravado para o caso das PeMEs, en leste mesmo informe España ocupa o posto 40º do ranking das 141 economías estudadas, pola súa parte Francia ocupa o posto 38º, Alemaña o posto 7º e Reino Unido o 16º.

Se nos referimos aos **factores organizacionais** das empresas, a *calidade da xestión interna* é un dos aspectos fundamentais tal e como sinalan autores como Bloom e Van Reenen (2010). A literatura amosa a influencia do investimento en investigación e desenvolvemento e innovación (I+D+i) na empresa, a profesionalización da xestión, a delegación da capacidade de decisión a niveis máis baixos da xerarquía empresaria e as relacións cooperativas entre capital e traballo. España caracterízase por empresas de tamaño máis reducido e cun crecemento máis limitado ao doutros países da súa contorna, onde a *calidade do recurso empresarial* podería ser un dos seus determinantes (Arribas, Olaverri e Galdeano, (2016). Os niveis formativos dos

empresarios, as competencias e capacidades profesionais e o nivel de implantación de prácticas avanzadas de xestión son factores relevantes para explicar os problemas de crecemento e nos que se observan importantes carencias nas empresas. En concreto, nas empresas máis pequenas é común que os sistemas de xestión sexan tradicionais e estean ligados á propiedade (Gutiérrez e Mundet, 2020).

Os **factores tecnolóxicos** son aqueles que teñen que ver coas funcións de produción e a eficiencia técnica. Estes factores son específicos de cada sector de actividade xa que logo cada un deles posúe unhas características propias en canto á estrutura da oferta e da demanda, os investimentos necesarios e a regulación. Asemade, a existencia de vantaxes competitivas incide na dinámica das empresas, na medida que son un elemento chave na xeración de rendibilidade e tamaño, así como na concentración de cota de mercado (Newbert, 2008). Esas vantaxes poden derivarse de efectos de rede, eficiencia en custos, culturais ou de recursos de xeito que as empresas que non innovan poderían quedar obsoletas e acabar por desaparecer permanecendo só no mercado as grandes compañías.

A importancia da innovación empresarial levan a Mathison, Gándara, Primera e García (2007) a afirmar que esta se configura como un factor crucial para lograr vantaxes competitivas. Así pois, contar cunha contorna favorable (tanto desde un punto de vista tecnolóxico como de infraestruturas) incidirá de forma positiva tanto no nivel de actividade que pode lograr unha empresa como no abaratamento de custos. A conxunción destas dúas variables permitiría ampliar o mercado e estar en mellores condicións. Neste sentido, os datos que proporciona o Foro Económico Mundial no seu informe sobre competitividade anteriormente citado e referidos a adopción de TIC España ocupa o posto 19º de 141 casos analizados fronte ao posto 36º de Alemaña, 31º do Reino Unido, 28º de Francia e 27º de Estados Unidos (Foro Económico Mundial, 2020).

Co obxectivo de facilitar o traballo posterior, a Táboa 34 recolle a xeito de resumo os que poderían ser considerados como factores determinantes do desenvolvemento empresarial detallando segundo o marco de actuación.

Táboa 34: Factores determinantes do desenvolvemento empresarial.

Dimensión	Marco
Institucional	Institucional e regulamentario
	Fiscal e financeiro
	Mercados e factores competitivos
Organizacional	Organizacional
Tecnolóxico	Tecnolóxico e innovador

De seguido, para cada un dos marcos recollidos enuméranse os principais aspectos que poderían ser incluídos dentro de cada un deles.

Táboa 35: Factores de calidade institucional e regulamentarios con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas.

Factores	Orde (1-3)
Calidade do sistema xudicial (lentitude da xustiza)	
Protección dos dereitos de propiedade	
Transparencia no funcionamento das institucións	
Eficiencia do goberno	
Condicións de seguridade (do estado de dereito, cidadá, cooperación forzas de seguridade, ciberseguridade, persecución do delito…)	
Carga regulamentaria e burocrática (exceso)	
Elevada protección legal do investidor	
Existencia de limiares regulamentarios (materia laboral e de divulgación de información)	

Táboa 36: Factores fiscais e financeiros con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas.

Factores
Limiares fiscais
Inspección fiscal máis estrita en empresas de maior tamaño
Bonificacións e exencións

Discriminación fiscal para empresas de maior tamaño
Complexidade alta do sistema tributario
Dispoñibilidade de fontes e acceso ao financiamento
Nivel de concentración bancaria elevado
Grao de desenvolvemento do sistema financeiro
Custo actual do financiamento

Táboa 37: Factores competitivos con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas.

Factores
Tamaño limitado do mercado no que vende a empresa
Nivel de eficiencia da empresa
Prácticas empresariais que limitan a competencia
Barreiras de entrada (naturais, legais, técnicas e comerciais)
Insuficiente dispoñibilidade de man de obra cualificada
Maior flexibilidade do mercado laboral
Redución das figuras de contratación
Dispoñibilidade de *inputs* produtivos
Elevada competencia no mercado no que actúa a empresa

Táboa 38: Factores organizacionais con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas.

Factores
Nivel de gasto de I+D+i.
Profesionalización da xestión dos propietarios/directivos
Delegación da capacidade de decisión
Participación dos traballadores no accionariado da empresa
Nivel formativo do empresariado
Competencias e capacidades profesionais dos xestores
Características do fundador (idade, experiencia, vocación do empresario)
Implantación e prácticas avanzadas de xestión
Propiedade familiar
Participación de investidores institucionais na propiedade
Carencia dunha estrutura organizativa axeitada
Existencia de espírito emprendedor

Táboa 39: Factores tecnolóxicos con incidencia no desenvolvemento (creación e crecemento) das empresas.

Factores
Nivel de investimento mínimo elevado
Complexidade da actividade
Condicións técnicas de produción
Sector de actividade
Vantaxes competitivas que permitan gañar dimensión (Custos, diferenciación, ...)
Contorna tecnolóxica avanzada e infraestruturas de calidade

Este traballo de resumo e recompilación permitiu a elaboración dun cuestionario que foi distribuído entre as organizacións que forman parte do CES Galicia para que achegasen a súa valoración sobre a situación específica para o caso galego. Nomeadamente, solicitouse pola súa parte unha priorización das diferentes dimensións, así como unha identificación dos principais factores para cada unha das dimensións e marcos proporcionados.

Os resultados permitiron a realización da segunda fase do traballo de campo de carácter cualitativo, que consistiu na realización de entrevistas sectoriais con diferentes empresas seleccionadas do tecido empresarial galego. Esta técnica coñecida como "focus group" é habitual neste tipo de traballos e achegan un complemento á información cuantitativa previa.

A principal vantaxe deste tipo de técnica consiste en facilitar á comunicación do moderador cos participantes, así como a flexibilidade para mover a discusión procurando identificar e comprender as percepcións e valoracións. Deste xeito é posible extraer ideas e opinións significativas, non sendo o seu obxectivo chegar a un consenso ou acordo sobre o tema.

Neste caso permitiu dispor de unha visión con maior grado de detalle de cara á elaboración de propostas e recomendacións máis concretas e específicas.

4.2. A dinámica empresarial. Resultados do cuestionario.


O cuestionario remitido indagaba sobre a valoración das organizacións enquisadas sobre os cinco factores presentados no epígrafe anterior: o marco institucional e regulamentario; o marco fiscal e financeiro; o entorno de mercado e factores competitivos; os factores organizacionais e, finalmente, os factores tecnolóxicos. Dábase unha escala crecente de valoración do 1 ao 5 comezando pola valoración "nada relevante" (1) para rematar con "moi relevante" (5). Esta escala tipo *Likert* permite dispoñer de un valor central de referencia sobre o cal é posible bascular as valoracións favorables (por riba do mesmo) fronte ás opinións non favorables (por baixo).

O principal resultado que se pode extraer a moi alta valoración das cinco dimensións sinaladas. Todas son sinaladas maioritariamente como relevantes ou moi relevantes por parte das persoas enquisadas. En concreto, un 40% das respostas apunta como moi relevante os factores fiscais e financeiros, así como os relativos ao mercado e competencia. Se o cómputo se refire á valoración como relevante (puntuación 4 máis puntuación 5) sobresae o marco institucional e regulamentario onde un 80% das respostas danlle esta valoración.

No extremo baixo das valoracións, só un 20% das respostas categorizan aos factores do entorno de mercado e factores competitivos como nada relevante, de xeito que esta dimensión é a que amosa unha maior heteroxeneidade nas valoracións recollidas, dando idea de que é a que incorpora no seu seo factores máis variados. Polo que se refire ao marco fiscal e financeiro, malia contar tamén con unha valoración global favorable, é o que ten unha maior porcentaxe de cualificacións neutras ("nin relevante nin non relevante") sumando un 40% do total.

Polo que atinxe ao **marco institucional e regulamentario** en canto aos principais *items* sinalados cómpre destacar os referentes á calidade do sistema xudicial, á eficiencia do goberno e, de xeito moi especial, ao exceso de carga regulamentaria e burocrática que padecen as empresas na nosa contorna.


Figura 55: Valoración do marco institucional e regulamentario.



Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa realizada.

En canto ao **marco fiscal e financeiro,** as repostas ao cuestionario sinalan ás inspeccións fiscais máis estritas a medida que a empresa crece en tamaño xunto coa dispoñibilidade de fontes e acceso ao financiamento como principais aspectos dentro de esta dimensión.


Figura 56: Valoración do marco fiscal e financeiro.



Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa realizada.

Concernente ao entorno de **mercado e factores competitivos**, son tres os aspectos salientados na enquisa. En primeiro lugar, as diferentes barreiras de entrada, tanto naturais como legais, xunto coas técnicas ou comerciais; de seguido, figura a insuficiente dispoñibilidade de man de obra cualificada e, finalmente, pode extraerse como item relevante neste eido a elevada competencia no mercado no que actúa a empresa.


Figura 57: Valoración do entorno de mercado e factores competitivos.



Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa realizada.

Os **factores organizacionais** máis destacados nos resultados da enquisa foron os referidos ás competencias e capacidades profesionais dos xestores e á carencia dunha estrutura organizativa axeitada. A continuación figura como destacado a exxistencia de espírito emprendedor como característica destacable.

Figura 58: Valoración dos factores organizacionais.




Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa realizada.

Finalmente, en canto aos **factores tecnolóxicos,** foi a dimensión na que seu unha maior variedade á hora de identificar o *item* con maior importancia. De feito, dos seis aspectos destacados so un deles (as condicións técnicas da produción) non foi posto en primeiro

lugar por ningunha das persoas que respostou. Os outros cinco factores (nivel de investimento mínimo, complexidade, sector de actividade, vantaxes competitivvas e contorna tecnolóxica avanzada e infraestruturas de calidade) foron identificados nalgunha resposta como o aspecto con maior importancia dentro de esta dimensión.

Figura 59: Valoración dos factores tecnolóxicos.



Fonte: Elaboración propia a partir da enquisa realizada.

4.3. A dinámica empresarial. Resultados dos *focus group*.

Para a realización dos grupos de traballo a primeira decisión que se tomou foi facer unha división entre empresas de grande tamaño fronte a pequenas e medianas empresas. As súas características e realidades totalmente diferenciadas facían aconsellables esta separación plantexando, xa de partida, dous grupos diferentes: grandes empresas vs. PeMEs.

Un segundo criterio de selección foi a inclusión da máxima representatividade dos diferentes sectores de actividade procurando que na selección final estiveran empresas do sector primario, da industria e do sector dos servizos. Asemade, e na medida do posible, procurouse un reparto territorial o máis representativo posible

Para a confección dos dous grupos procedeuse da seguinte maneira. En canto ao primeiro grupo, ao xa contar con experiencias previas de colaboración cos autores do

traballo, recorreuse a empresas que forman parte do Foro Económico de Galicia. Para o segundo grupo, solicitouse axuda á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) que amablemente facilitou os contactos de empresas dispostas a colaborar. A composición final dos diferentes grupos foi a recollida na Táboa 40.

Táboa 40: Composición dos Grupos de Traballo.

Empresa	Sector	Participante
Grupo 1: Empresas grandes		
Grupo Pérez Rumbao	Automoción	Emilio Pérez Nieto
Grupo REVI	Electricidade	Julio Iglesias
Casa Grande Xanceda	Alimentación	Guillermo Martínez
Megasa	Siderurxia	María Montalvo
Civis Global	Construción	Victor del Canto
Galuresa	Comercio polo miúdo de combustibles	Dolores Martínez
Grupo 2: PeMEs		
Esproagro	Enxeñería e servizos especializados	Rogelio Villar Gantes
Ideara Investigación	Consultaría	Arturo Bustelo
José Carlos Rodríguez Salgueiros	Márketing e promoción inmobiliaria	J. Carlos Rodríguez Salgueiros
Punto Cero	Servicios informáticos	Javier Pernas

A dinámica de traballo de ambos grupos foi idéntica. As sesión realizáronse de xeito virtual a través dunha plataforma de vídeo conferencia con intervencións abertas por parte dos participantes e baixo a moderación dun dos autores do Informe. Utilizouse como guión de traballo o cuestionario elaborado para a enquisa para facilitar a secuenciación. Dende estas liñas deixamos constancia do agradecemento a estes dez participantes pola súa inestimable axuda. Sen a súa colaboración con valiosas achegas e suxestión non tería sido posible realizar un traballo coma este.

A extracción de conclusións e resultados non resulta tan doada como no apartado precedente, porque as respostas eran totalmente abertas. En calquera caso, o primeiro trazo que podería ser destacado é a coincidencia, especialmente nalgunha das

dimensións, cos resultados da enquisa. Nomeadamente, os cinco factores foron sinalados como moi relevantes no desenvolvemento das empresas, non sendo posible con carácter xeral identificar algún deles como o máis importante.

Si se mencionou sobre este particular, a conveniencia de incluír unha sexta dimensión que englobara todo o referente á sostenibilidade como unha cuestión cada vez máis presente na realidade cotián das empresas. Deste xeito, a Táboa 34 a debería completarse cun sexto factor tal e como se recolle na Figura 60.

Figura 60: Factores determinantes do desenvolvemento empresarial.



Polo que atinxe ao **marco institucional e regulamentario**, como xa aparecera como resultado da enquisa, a crecente carga regulamentaria e burocrática á que teñen que facer fronte as empresas configúrase como un dos aspectos máis sinalados. De feito, poderíase afirmar que é unha das principais preocupacións de boa parte do empresariado galego en termos xerais.

Outro asunto sinalado polas empresas galegas ten que ver co funcionamento da xustiza, destacando aquí dúas cuestións: a lentitude e a seguridade. A primeira supón un claro motivo de preocupación polo que afectan os retrasos e dilatados prazos ao desenvolvemento das empresas. Por outra banda, a seguridade xurídica plantéxase como imprescindible para as decisións de investimento en condicións de certeza.

En definitiva, a procura dunha maior eficacia nos procedementos xudiciais sería algo moi desexable, para o que podería xogar un papel destacado unha maior simplificación dos mesmos, evitando duplicidades, potenciando os mecanismos de xanela única (que eviten ter que presentar solicitudes duplicadas para un mesmo trámite) e facendo un uso intelixente do silencio administrativo.

En canto ao **marco fiscal e financeiro,** unha das cuestións sinaladas nos grupos de traballo coincide co xa sinalado no apartado anterior cando se fala de exceso de burocracia. Tamén neste eido, referente aos trámites administrativos, foi comentado o feito de que non se están a aproveitar axeitadamente os beneficios que pode aportar a dixitalización. Máis aínda, nalgún caso a devandita dixitalización pode supoñer un atranco engadido en lugar de facilitar estes trámites.

Outro aspecto no que inciden os empresarios é a alta complexidade do sistema tributario que afecta a todas as empresas, pero especialmente ás de menor dimensión. Cómpre sinalar aquí o feito de que, malia estar considerando o caso galego, a lexislación aplicable nunha maioría dos casos excede a este ámbito ao se tratar de normativa estatal e, nalgúns casos, internacional. Nomeadamente, as grandes empresas sinalan a extremada dificultade de todo o referente á consolidación de contas que supón unha grande dificultade á hora de levala a cabo.

Un compoñente económico que aparece na valoración das empresas reside no custe asociado a certificacións ou trámites semellantes que son requiridos para determinados trámites ou o custe de profesionais especializados en finanzas e tributos. Asemade, a dispoñibilidade de fontes e acceso a financiamento é sinalado polas empresas pequenas como unha necesidade non cuberta, sobre todo no momento de emprender novos proxectos.

Finalmente, xurde un punto non recollido na enquisa inicial pero comentado nas sesións de traballo. Trátase da demanda por parte do empresariado dunha maior "sensibilidade" por parte da administración tributaria, á que lle piden un maior grao de empatía. Nomeadamente, foi comentado que a Hacienda debería aproveitar o feito de

conta con un persoal moi cualificado que podería ser de grade axuda para solventar dificultades de empresas o que redundaría en beneficio de todos. Na mesma liña cabería salientar a utilidade de facilitar a accesibilidade a liñas de axudas dispoñible por parte de diferentes organismos e administracións (IGAPE, SGRs, ...).

Os **mercados e factores competitivos** constituían a terceira dimensión analizada. Tratouse este do apartado que incluía aspectos máis heteroxéneos entre sí, o cal provocou unha maior diversidade de respostas.

En calquera caso, de ter que destacar un ítem sobre o particular, este viría dado pola escaseza de mano de obra cualificada. Esta limitación do mercado laboral, acrecentada nos últimos anos, supón unha das grandes eivas das empresas sendo contemplada como unha grande limitación no seu crecemento. Ao tempo vese agravada por unha e falta de flexibilidade no funcionamento do mercado.

Concretamente, mencionáronse como problemas actuais cuestións como a redución das formas de contratación (onde a desaparición do contrato por obra-servicio engade dificultades en moitos casos) ou os efectos da deslocalización sobre a man de obra. Paralelamente, a existencia de barreiras de entrada tamén foi considerado como un punto relevante que incide negativamente, sobre todo nalgúns sectores de actividade que precisan regulacións moi específicas.

A dispoñibilidade de *inputs* produtivos albíscase tamén como un factor determinante dentro desta dimensión que pode chegar a condicionar o desenvolmento empresarial, así como o grao de concentración de determinados sectores.

Finalmente, tamén dentro deste conxunto de factores, foi comentado a negativa evolución da demografía como condicionante xeral. É un feito evidentemente o claro envellecemento da poboación e a súa repercusión no mercado laboral. A pirámide poboacional estase invertendo o cal ves agravado por unha fuga de man de obra (moita dela moi cualificada) a outros mercados alleos á Galicia.

Concernente aos **factores organizacionais** houbo coincidencia en sinalar a importancia de profesionalización, á importancia da formación e a necesidade de contar con estruturas organizativas axeitadas. Así os dous primeiros aspectos estarían intimamente vencellados coa mellora das competencias e das capacidade profesionais como base para a adaptación ás novas necesidades empresariais. Pola súa parte, en canto ás estruturas organizativas, a delegación da capacidade de decisión segue a ser unha asignatura pendente por parte de boa parte do empresariado galego.

O referente a innovación tamén foi destacado, se ben quedou de manifesto que varía moito segundo o sector de que se trate a tamén do tipo de innovación considerada. En concreto, cando se fala de I+D+i bótase en falla unha maior atención cara a "i" e unha aplicación realista á realidade cotián das empresas (e tamén do territorio galego). En calquera caso, hoxe en día é innegable a clara correlación existente entre as empresas que máis innovan co maior grao de supervivencia empresarial.

Unha última cuestión resaltada foi a referente á importancia do espírito emprendedor. Máis aló do compoñente "sentimental" que pode ter esta cuestión, resulta certo que para o desenvolvemento e dinámica empresarial é un factor que sempre está presente dalgún xeito. Así, o legado ou "marca persoal" do fundador poder exercer unha influencia nos pasos futuros a seguir por unha empresa.

O último apartado era o referente aos **factores tecnolóxicos**. A tecnoloxía é un recurso fundamental para o crecemento empresarial ao favorecer a optimización dos procesos de produción e organización. Deste xeito, nos grupos de traballo salientouse o feito que os avances tecnolóxicos permiten ás empresas establecer vantaxes competitivas coas cales poden posicionarse no mercado, incrementar cota de mercado, así como alcanzar maiores niveis de produtividade.

Porén, unha importante limitación ven dada polo nivel de investimento mínimo que é preciso para acometer estes procesos o cal, en moitas ocasión, resulta moi elevado (sobre todo en determinados contornos). Quere isto dicir que sendo conscientes da importancia que ten levar a cabo este tipo de melloras, en ocasións as dificultades

financeiras non o permite. Ao tempo, non son solo compoñentes económicos os que limitan a implementación de novas tecnoloxías posto que non é estraño que exista un certo "medo" a súa adopción.

Unha derradeira cuestión comentada neste eido ten que ver coa necesidade de infraestruturas de calidade de cara a conseguir unha contorna tecnolóxica avanzada. Aquí a variabilidade segundo o sector que se trate é moi manifesta pero a idea consensuada é que a tecnoloxía está a chamada ser factor chave no futuro das empresas, cunha intelixencia artificial (IA) que cómpre incorporar canto antes aos procesos susceptible de poder facelo.

5. PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS

5.1. Consideracións xerais

O punto de partida desta última parte do traballo son os resultados dos dous exercicios demoscópicos desenvolvidos: a enquisa realizada sobre os determinantes do crecemento e consolidación das empresas e os *focus group* cunha selección de empresas de diferentes tamaños. A partir de ambos os dous, poden extraerse unha serie de propostas e recomendacións.

1. Con caracter xeral, pódese afirmar que existen tres factores cruciais para favorecer a dinámica das empresas: o apoio institucional, a aposta pola tecnoloxía, e a cualificación do persoal. Xa que logo, é fundamental perseverar nas políticas sectoriais correspondentes.
2. No eido institucional, é preciso implementar medidas de modernización e racionalización da administración pública aos seus diferentes niveis, procedendo cunha revisión das normas e regulamentos de cara a unha diminución da carga burócrática á que teñen que facer fronte as empresas. A simplificación normativa (especialmente as fiscais, financeiras e laborais) é unha cuestión urxente a abordar.
3. No eido tecnolóxico, é moi importante incidir na cooperación entre empresas e entre estas e a universidade e os centros de investigación. O incremento de recursos e a reasignación dos investidos na actualidade deben procurar un equilibrio entre a promoción da ciencia básica e a ciencia aplicada. Coa innovación, o i pequeno do trinomio I+D+i, procúrase crear valor engadido a partir do coñecemento. Pola súa banda, a investigación e o desenvolvemento experimental buscan crear ciencia. A tecnoloxía sitúase a medio camiño entre ambas e é froito do traballo de empresas e comunidade científica.
4. No que atinxe á formación, resulta imprescindible facer unha análise dos novos perfís profesionais que se demandaran nun futuro próximo para elaborar unha

oferta formativa, tanto regulada como continua, acorde a estes perfís profesionais. En particular, a demanda de man de obra cualificada por parte das empresas e para a que teñen grandes dificultades ten queconstituír un dos principais eixos dos programas formativos a desenvolver.

5. Pola súa parte, os principais factores que limitan o crecemento das empresas son o exceso de burocracia, a falta de financiamento, a falta de persoal cualificado e as dificultades para acceder a axudas e subvencións. Complementariamente tamén son sinaladas outras cuestións como a existencia de barreiras de entradas, a deslocalización dos centros de decisión, o tamaño do mercado e o nivel de competencia.
6. En todo caso, as empresas en xeral mostran o seu interese en seguir medrando e consolidándose para o que deben contemplar estratexias tales como a diversificación do negocio, a internacionalización ou a fusión con outras empresas.

5.2. Propostas e recomendacións concretas vencelladas os distintos factores determinantes

5.2.1. Propostas e recomendacións vencelladas aos factores institucionais.

7. Facer unha avaliación da normativa na que a administración ten competencias para identificar aqueles aspectos que se poden simplificar ou a existencia de duplicidades. Obxectivo debera ser que as relacións administración empresa sexan máis áxiles e menos burocráticas. Este aspecto podería abordarse a través dunha comisión onde estivesen presentes tamén as empresas.
8. Automatizar os procesos vencellados ó cumprimento das obrigas legais por parte das empresas e que poidan supor un aforro de tempo e coste.
9. Elevar os limiares regulatorios en materia laboral e de divulgación de información, ou ben establecer unha maior progresividade entre os distintos

tramos. Porén, é certo que a capacidade da Administración Autonómica neste eido é reducida, ao pertencer ao eido normativo de competencia estatal.

10. Investir no sistema xudicial para gañar en calidade e axilidade.
11. Mellorar a interconexión a todos os niveis entre as administración que dispoñen de información empresarial, co obxectivo de diminuír o número de obrigas por parte das empresas.
12. Coordinar as diferentes estratexias sectoriais da Administración autonómica a medio prazo.

5.2.2. Propostas e recomendacións vencelladas ao marco fiscal e financeiro

13. Simplificar o sistema tributario. Suavizar as diferencias entre as obrigas fiscais para pequenas e grandes empresas aplicables en función dos distintos limiares existentes, ou, como alternativa, incrementar estes limiares.
14. Fomentar a participación doutros axentes que poidan ofrecer financiamento tanto dende o ámbito público coma o privado. En concreto, potenciar as plataformas de financiamento *on-line* para solventar o racionamento crediticio.

5.2.3. Propostas e recomendacións vencelladas aos factores competitivos e de mercado

15. Afortalar os encadeamentos produtivos en orixe, con especial atención naquelas actividades nas que Galicia conte cunha abundante dispoñibilidade de inputs produtivos.
16. Fomentar a internacionalización. Os programas de internacionalización poden axudar a paliar o problema do tamaño do mercado, de aí que a administración deba continuar destinando recursos a favorecer a expansión do mercado das empresas galegas.

17. Promover a reorientación cara novos perfís profesionais (tanto no eido da formación profesional coma na universitaria) sobre os que as empresas manifesten ter dificultades para cubrilos.
18. Analizar, xunto coas empresas que se queren expandir, as barreiras de entrada que se atopan nos distintos mercados para tratar de abordalas.
19. Incentivar estratexias cooperativas nas diferentes ordes de apoio ás empresas. Por exemplo, centrais de compras e subministros como mecanismo para capturar parte das vantaxes asociadas ao tamaño e tamén achegar empresas que poden ser suxeito de operacións corporativas.
20. Melloras na loxística ferroportuaria que van máis aló de investimentos en infraestruturas, como pode ser a coordinación de autoridades portuarias, e a adaptación dos servizos ás necesidades empresariais.

5.2.4. Propostas e recomendacións vencelladas aos factores organizacionais

21. Promover programas de formación específicos dirixidos ao empresariado: Deseño dunha oferta formativa en xestión empresarial para a mellora do capital humano da empresa, o reforzamento da estrutura empresarial e a a adquisición de competencias transversais. Os destinatarios preferenciais deberían ser os propietarios de empresas de reducida dimensión co obxectivo de incentivarlles a aumentar o seu tamaño facilitando este tránsito dende unha óptica interna e organizacional.
22. Implementar programas de mellora tecnolóxica no ámbito da xestión empresarial.
23. Incentivar o gasto en I+D+i nas empresas. Fomento da cooperación en I+D+i e tecnolóxica entre as empresas e, particularmente, entre empresas e universidades.
24. Dar pulo no eido educativo aos programas para fomentar a cultura emprendedora, a capacidade innovadora e a importancia do papel e valor do empresario para a sociedade e a economía.

5.2.5. Propostas e recomendacións vencelladas aos factores tecnolóxicos.

25. Promover investimentos para conseguir unha contorna tecnolóxica avanzada e infraestruturas de calidade en liña co establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2030.
26. Desenvolver un programa de captación de proxectos estratéxicos, fomentando o investimento directo estranxeiro como fonte de posibles grandes proxectos tecnolóxicos.
27. Impulsar as estratexias de dixitalización e automatización e, en particular, a formación en novas tecnoloxías, dixitalización e automatización. Reforzamento da estratexia de dixitalización de Galicia 2030 neste vector.
28. Deseñar medidas de acompañamento e financiamento nun primeiro momento naqueles casos onde as condicións técnicas de produción son complexas e o nivel de investimento mínimo requirido é elevado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS

Almunia, M., & Lopez-Rodriguez, D. (2012). The efficiency cost of tax enforcement: evidence from a panel of spanish firms.

Analistas Económicos de Andalucía (2004). *Tejido empresarial y factores de éxito Una aproximación al caso andaluz*. Junta de Andalucía

Arribas, E. H., Olaverri, C. G., & Galdeano, L. G. (2016). El tamaño de las empresas y la calidad del recurso empresarial:¿ causa o efecto?. Ekonomiaz: Revista vasca de economía, (90), 32-55.

Bello, W. (2002). *Deglobalization: ideas for a New World Economy*. Zed Books.

Bloom, N., & Van Reenen, J. (2010). Why do management practices differ across firms and countries?. Journal of economic perspectives, 24(1), 203-24.

CEPYME (2021). *Crecimiento empresarial. Situación de las PyMEs en España comparada con la de otros países europeos. Alternativas para facilitar el crecimiento de las pymes españolas*. Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa, Madrid.

CES (2005). *El proceso de creación de empresas y el dinamismo empresarial*. Informe 5/2005 Consejo Económico y Social

CES-Galicia (2017). *Por unha alianza no sector industrial galego.* Informe 01/2017. Consello Económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela.

CES-Galicia (2018). *Informe sobre o Brexit.* Informe 01/2018. Consello Económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela.

CES-Galicia (2019). *Informe de seguimento do sector manufactureiro galego.* Informe 02/2019. Consello Económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela.

CES-Galicia (2021). *Memoria socieconómica de Galicia 2021.* Consello Económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela.

CES-Galicia (2022). *Galicia 2030: unha dixitalización 4.0 para unha sociedade 5.0.* Informe 01/2022. Consello Económico e Social de Galicia. Santiago de Compostela.

Comisión Europea (2014). Reglamento (UE) nº 651/2014 de la Comisión, de 17 de junio de 2014, por el que se declaran determinadas categorías de ayudas compatibles con el mercado interior en aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado. Dispoñible en https://www.boe.es/doue/2014/187/L00001-00078.pdf

Foro Económico Mundial (2020). The Global Competitiveness Report. How Countries are Performing on the Road to Recovery. Disponible en https://www3.weforum.org/docs/WEF_TheGlobalCompetitivenessReport2020.pdf

Foro Económico Mundial (2022). IMD World Competitiveness Ranking (WCR). https://www.imd.org/news/updates/denmark-tops-economic-competitiveness-ranking/

García Perea, P. (2020). Análisis de la demografía empresarial en España a comienzos de 2019. *Boletín económico/Banco de España [Artículos], n. 2, 2020*.

Garcia-Posada, M., & Mora-Sanguinetti, J. S. (2013). Firm Size and Judicial Efficacy: Evidence for the new civil procedures in Spain. Documentos de Trabajo N.º 1303. Banco de España.

González Laxe. F., Armesto Pina, J.F., Sanchez-Fernandez, P.. (2022). Implicaciones de la Economía Mundial en Galicia. *Anuario 2022*. Foro Económico de Galicia

Guerrero, G. (2014). *The deglobalisation paradigm: a critical discourse on alternatives*. Systemic Alternatives.

Gutiérrez, D. M., & Mundet, H. B. (2020). La fiscalidad en España: ¿una limitación al desarrollo de las Pymes?. Cuadernos de Contabilidad, 21(51), 5.

IGAPE (2021). O tamaño empresarial en Galicia. Memoria do traballo. Instituto Galego de Promoción Económica – Universidade de Santiago de Compostela – Universidade de Vigo.

Mielgo, J. A. (2015). Una reflexión sobre el tamaño empresarial en España. Revista ICE, 885, 151-158.

Newbert, S. L. (2008). Value, rareness, competitive advantage, and performance: a conceptual-level empirical investigation of the resource-based view of the firm. Strategic management journal, 29(7), 745-768.

Romero, F. J. C., Tabuenca, A. G., & Martí, F. P. Perspectivas de los empresarios y de sus empresas sobre la fase de recuperación en España (2015). Francia, 64(58), 6.

Swyngedouw, E (2004). Globalisation or glocalisation? Networks territories and rescaling. Cambridge Review of International Affairs. 17(1).

Villalba, N (2009). Dinámica del tamaño empresarial en España y en la Unión Europea. Regularidades empíricas. Economía industrial, ISSN 0422-2784, Nº 374, 2009, págs. 163-178.

ANEXOS

ANEXO 1: ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

C.A: Comunidade Autónoma.

CC.AA.: Comunidades Autónomas.

CEG: Confederación de Empresarios de Galicia .

CES: Consejo Económico y Social.

CES-Galicia: Consello Económico e Social de Galicia.

CNAE: Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

EPA: Enquisa de Poboación Activa.

Eurostat: Oficina Estatística da Unión Europea.

I+D+i: Investigación, desenvolvemento e innovación.

IA: Intelixencia artificial.

ICEX: Instituto de Comercio Exterior.

IGAPE: Instituto Galego de Promoción Económica.

IGE: Instituto Galego de Estatística.

INE: Instituto Nacional de Estadística.

MBE: Marxe bruta de explotación.

PeME: Pequena e mediana empresa.

PIB: Produto Interior Bruto.

REC: Rendibilidade económica ou rendibilidade de investimento.

RF: Rendibilidade financeira.

RFM: Rateo de fondo de manobra.

RT: Rateo de tesourería.

SGR: Sociedade de Garantía Recíproca.

UE-27: Unión Europea.

VEB: Valor Engadido Bruto.

ANEXO 2: FONTES ESTATÍSTICAS

Directorio Central de Empresas (DIRCE)

Descrición

O DIRCE (*Directorio Central de Empresas*), como primeira das nosas fontes secundarias, é un sistema que permite reunir información de tódalas empresas españolas, e as súas unidades locais, ubicadas no territorio nacional.

Ilustración 1: Directorio central de empresas- páxina de inicio.



Fonte: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736160707&menu=ultiDatos&idp=1254735576550

Elaboración e periodicidade

Este directorio é elaborado polo INE (*Instituto Nacional de Estadística*) quen mantén un plan de acción específico, a través do denominado Proxecto PIDE (*Proyecto de Integración de Directorios Económicos*), ofrecéndonos datos dende o ano 1999.

Lévase a cabo con periodicidade anual, difundíndose durante o mes de decembro de cada ano, e sendo a referencia temporal dos datos o 1 de xaneiro do ano correspondente, xa que case a totalidade da información provén de declaracións ou inscricións activas en dita data.

Obxectivos

O seu principal obxectivo é posibilitar, gracias á mostraxe, a realización de enquisas de carácter económico. En concreto, este sistema permítenos obter:

- Datos do número de empresas e unidades locais en España, clasificadas en base a diferentes criterios: actividade económica principal, número de asalariados, forma xurídica e implantación xeográfica.
- Datos relativos á evolución das empresas, referentes ás altas, permanencias e baixas.
- Información demandada por organismos internacionais, como o EUROSTAT.

Metodoloxía

O DIRCE actualízase anualmente e, para iso, nútrese de fontes de diversa tipoloxía:

a) Tributarias: censo do Imposto de Actividades Económicas, retencións sobre as Rendas do Traballo Persoal, IVE, IS e IRPF.
b) Da Seguridade Social: rexistro de Contas de Cotización con traballadores, e de traballadores activos por Conta Propia.
c) Xurídicas: movementos do Rexistro Mercantil.
d) Estatísticas: enquisas estruturais e conxunturais de empresas.
e) Privadas.
f) Outras: Inventario de Empresas e Entidades Públicas, e ficheiros de sectorización da economía española.

O DIRCE cobre tódalas actividades económicas, excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico.

Unidade estatística

Rexístranse dous tipos de unidades: empresa e unidade local.

- A empresa defínese como unha organización sometida a unha autoridade reitora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación das dúas e constituída para exercer, nun ou diversos lugares, unha ou diversas actividades de produción de bens e servizos.
- A unidade local corresponde a unha empresa ou a unha parte desta, situada nunha localización xeográfica concreta e desde a cal se exercen actividades económicas por conta da empresa.

Variables de clasificación

➔ Número de asalariados: obtense prioritariamente a través das diversas enquisas económicas que leva a cabo habitualmente o INE e outros organismos. No resto de casos a información provén do número de asalariados rexistrados na seguridade social ou da proporcionada por vía fiscal do número de retencións practicadas.

➔ Condición xurídica da empresa: obtense a partir do primeiro carácter do número de identificación fiscal (NIF). As modalidades que presenta agrupáronse en:

- persoas físicas
- sociedades anónimas
- sociedades de responsabilidade limitada
- outras formas xurídicas

➔ Actividade económica principal: segundo a CCAE-2009

Resultados

O DIRCE presenta os seus resultados divididos en tres series:

a) Datos de empresas: resultados nacionais, autonómicos e provinciais

b) Datos por unidades locais: resultados nacionais, autonómicos e provinciais
c) Movementos do DIRCE, fluxos anuais: altas, permanencias e baixas de empresas por condición xurídica, actividade principal e estrato de asalariados.

Enquisa de Poboación Activa - EPA

Descrición

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, dirixida á poboación que reside en vivendas familiares do territorio nacional e cuxa finalidade é pescudar as características da devandita poboación en relación co mercado de traballo: ocupados, activos, parados e inactivos.

Ilustración 2: Enquisa de Poboación Activa - páxina de inicio



Fonte: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176918&menu=ultiDatos&idp=1254735976595

Elaboración e periodicidade

A EPA é unha investigación continua levada a cabo polo INE, de periodicidade trimestral dirixida ás familias que vén realizándose desde 1964.

A EPA realízase sobre unha mostra de 65.000 familias ao trimestre ou, o que é o mesmo, unhas 200.000 persoas. O período de referencia da información é a semana anterior á entrevista. Os resultados da EPA obtéñense un mes e medio despois de finalizar o traballo de campo.

Obxectivos

O obxectivo principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano, aportando datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos, inactivos) e obtendo clasificacións destas categorías segundo diversas características. Además, ao ser as definicións e criterios utilizados coherentes cos de organismos internacionais, permite a comparación con outros países.

Metodoloxía

A metodoloxía seguida, como xa mencionamos, consiste nunha enquisa trimestral, dirixida á poboación que reside en vivendas familiares, é dicir, as utilizadas todo o ano ou a maior parte del como vivenda habitual ou permanente. Exclúense, por tanto, os aloxamentos colectivos como hospitais, hoteis, orofanatos, cuarteis, conventos, etc.

A primeira enquisa que se realiza a cada familia faise de forma persoal por entrevistadores fixos do INE. As sucesivas enquisas pódense realizar por teléfono ou de forma persoal. Para esta enquisa, utilízase un cuestionario no que están reflectidas as preguntas que se formulan e a quén, segundo as respostas que van sendo dadas ao longo da entrevista.

Definicións

As definicións coas que traballa a EPA están baseadas nas recomendacións da Organización Internacional do Traballo (OIT). Podemos sinalar as seguintes:

- Vivenda familiar principal: toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual dun ou máis fogares.

- Fogar: grupo de persoas que residen xuntas nunha vivenda, ou parte da vivenda, e comparten os ingresos ou os gastos do fogar.
- Poboación economicamente activa: conxunto de persoas que fornecen man de obra para a produción de bens e servizos, ou están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción, a cambio de remuneración ou beneficio económico.
- Poboación ocupada: Son as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia. Pden encontrase en dúas situacións: traballando, ou con emprego pero sen traballar.
- Poboación parada ou desempregada: tódalas persoas de 16 anos ou maís, que cumpran simultanemante as seguintes condicións: sen traballo, en búsqueda de traballo e dispoñibles para traballar.
- Poboación economicamente inactiva, comprende as seguintes categorías: persoas que se ocupan do seu fogar, estudantes, xubilados ou prexubilados, persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación, persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, incapacitados para traballar, e ouras situacións.

Relacións analíticas a taxas

- ➢ Forza de traballo = persoas con traballo + persoas en busca dun traballo.
- ➢ Ocupados = persoas con traballo por conta allea + persoas con traballo por conta propia.
- ➢ Parados totais = parados que buscan un emprego asalariado + parados que queren establecerse pola súa conta.
- ➢ Activos = ocupados + parados.
- ➢ Poboación de 16 ou máis anos = activos + inactivos + poboación contada aparte.

- Taxa de actividade: cociente entre o número total de activos e a poboación total. Calcúlase para ambos os sexos e para cada un deles por separado.
- Taxa de emprego: cociente entre o número total de ocupados e a poboación total. Calcúlase para ambos os sexos e para cada un deles por separado.
- Taxa de paro: cociente entre o número de parados e o de activos. Calcúlase para ambos os sexos e para cada un deles por separado.
- Taxa de asalarización: cociente entre o número de asalariados e o número total de ocupados.
- Taxa de temporalidade: cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados .
- Taxa de traballo a tempo parcial: cociente entre o número de ocupados a tempo parcial e o número total de ocupados .

Resultados

Os resultados da EPA preséntanse trimestralmente na páxina do INE, e neles poden consultarse datos de:

- Poboación de 16 ou máis anos
- Poboación activa
- Poboación ocupada
- Poboación parada
- Poboación inactiva
- Fogares
- Poboación xuvenil
- Grandes municipios

Todos estes resultados, preséntanse a nivel nacional, autonómico e local.

Instituto de Comercio Exterior - ICEX

Descrición

ICEX España Exportación e Investimentos (en diante "ICEX") é unha entidade pública empresarial que ten como misión promover a internacionalización das empresas españolas para contribuír á súa competitividade e achegar valor á economía no seu conxunto, así como atraer investimentos exteriores a España.

Ilustración 3: Instituto de Comercio Exterior - páxina de inicio



Fonte: https://www.icex.es/icex/es/index.html

Organización e funcionamento

Esta entidade pública foi creada no ano 1982. Conta con 31 direccións territoriais e provinciais de comercio en España e 100 oficinas económicas e comerciais no estranxeiro.

Por outra banda, o ICEX colabora abertamente coas empresas, cámaras de comercio e organismos autonómicos para lograr unha maior internacionalización de España e os seus produtos. O ICEX ou España Exportación e Investimentos depende do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, e é xestionado pola Secretaría de Estado de Comercio.

Obxectivos

Os principais obxectivos deste organismo son:

- Mellorar a proxección internacional das empresas españolas, en particular, a visión das pemes.
- Lograr captar investimentos estranxeiros para España.

Servizos que ofrece ás empresas

Os servizos que ofrece o ICEX ás empresas son:

- ➔ Asesoramento en estratexias para aquelas empresas que queiran iniciarse na exportación. Para iso, o ICEX proporcionará asistencia na elaboración dun plan estratéxico.
- ➔ Ferramentas en liña para os trámites e documentación en cuestións de aduanas e exportación.
- ➔ Axuda para promocionar empresas no estranxeiro: Feiras internacionais, misións comerciais e campañas de promoción e publicidade.
- ➔ Encárgase de fomentar a participación das empresas españolas na adxudicación de contratos internacionais.
- ➔ Pon en contacto ás empresas españolas coas grandes cadeas e grupos de distribución tanto en Europa como en Estados Unidos.
- ➔ Organización de foros e encontros de cooperación empresarial.
- ➔ Asesoramento e formación a empresas en investimentos, custos e internacionalización.

Liñas de actuación e información:

No ICEX, podemos encontrar multitude de datos e informes, relativos á internacionalización empresarial, estos pódense buscar a través dos seguintes canais:

- ➢ Xanela Global:

- Servizo de asesoramento e información gratuíto para as empresas españolas no seu proceso de internacionalización, a través do teléfono e do correo electrónico.
- Este servizo está conformado por un equipo de especialistas con capacidade para resolver, de maneira eficaz, as consultas sobre: estratexias de internacionalización, mercados internacionais, oportunidades de negocio, contratos comerciais, programas de apoio, financiación internacional e trámites para a exportación.
- No ano 2021 resolveu máis de 53.000 consultas, o 35% delas respecto ó sector servizos (seguido do de productos industriais e tecnolóxico, e o agroalimentario).
- En canto a países, China é o país con máis consultas no último ano, xunto con Estados Unido e o Reino Unido.

➢ Xanela Global:

- Punto único onde se recompila toda a información relevante xerada sobre o Reino Unido e as repercusións do Brexit, para facela máis accesible a todas as empresas.
- Nesta xanela, inclúense todos os recursos do ICEX, da Oficina Económica e Comercial de España en Londres e outras unidades da Secretaría de Estado de Comercio.
- En 2021, recibíronse máis de 2.000 consultas neste servizo.

➢ Portal ICEX:

- Dirixido a empresas e institucións españolas, é o portal onde se ofrece toda a información da entidade relativa a programas, servizos propios e mercados exteriores así como oferta de actividades.
- Durante 2021, fortaleceuse a oferta dixital de produtos, servizos e contidos orientados ao asesoramento personalizado, á información, á formación en

internacionalización e á participación nunha seleccionada axenda de actividades virtuais.

➢ Estudios e informes sobre mercados e países:

- ICEX pon ao dispor das empresas españolas un fondo documental con información sobre mercados e países de máis de 4.500 documentos.
- A maior parte deles son elaborados pola rede de Oficinas Económicas e Comerciais de España no Exterior e o acceso dixital é público e gratuíto a través da rede de portais ICEX.

➢ Estatísticas de comercio exterior: permiten xerar análises personalizadas sobre a evolución do comercio exterior español, europeo e mundial de bens, para, entre outros aspectos, identificar potenciais oportunidades de negocio en calquera parte do mundo.

- A nivel español podemos consultar: ESTACOM, Perfil da Empresa Exportadora Española, e Análise do Comercio Exterior Español.
- A nivel europeo temos: EUROESTACOM, e Informes de Comercio Exterior Europeo.
- A nivel mundial acudimos aos Informes de Comercio Exterior Mundial.

Base de datos SABI (Rexistro Mercantil)

Descrición

O SABI (Sistema de Análise de Balances Ibéricos) é unha base de datos, que ten como fonte o Rexistro Mercantil. Trátase dunha ferramenta con información xeral e contas anuais de máis de dous millóns de empresas españolas e máis de 800.000 portuguesas. Resultando especialmente útil para a análise financeira e o márketing estratéxico. Caracterízase pola súa extensa cobertura e a facilidade de uso, e, entre outras opcións,

permíte exportar a información nos formatos máis comúns e consultar gráficos que ilustran cada balance e conta de perdas e ganancias.

Rexistro Mercantil

O Rexistro Mercantil, como mencionamos no apartado anterior, é de onde o SABI obtén a súa información. Trátase dunha institución administrativa na que se inscriben os feitos e actos relativos aos empresarios individuais e ás sociedades mercantís, co fin de dar publicidade aos mesmos de forma que poidan ser coñecidos polas persoas que contraten con eles. Así pois, a través del podemos ter acceso a información acerca da constitución de empresas no territorio, así como das súas contas anuais.

Ademais, a través da súa páxina web, temos aceso a multitude de trámites e consulta de información rexistral.

Ilustración 4 : Rexistro Mercantil- páxina de inicio



Fonte: https://www.registradores.org/el-colegio/registro-mercantil

Datos

No SABI, como xa mencionamos, poderemos encontrar os principais datos das empresas ubicadas no territorio ibérico. Entre eles, temos acceso aos seguintes:

- Datos económicos: vendas, cocientes financeiros, balances e contas de perdas e ganancias, entre outros.
- Datos sobre a empresa como contacto, razón social, CIF, localización, URL, directores ou número de empregados.
- Estruturas corporativas de empresas
- Datos bolsista
- Datos macroeconómicos
- Fusiones e adquisicións de compañías
- Estudos de mercado
- Informes sectoriais
- Clasificacións empresariais.

Funcións

A base de datos SABI, non é pública, senón que é necesario ter acceso a ela, a través dun usuario e unha contrasinal. Unha vez temos acceso, permítenos clasificar a información mediante diversos filtros, así como realizar búsquedas con varias criterios á vez. Gracias a todo isto, posibilita ás empresas levar a cabo funcións financieras e de crédito, como poden ser:

- Construción dun ficheiro permanente coa información de clientes e provedores que máis lle interesen.
- Análise de créditos adaptados a cada caso segundo preferencias.
- Elaboración de informes coa periodicidade establecida, segundo os esquemas elixidos.
- Posicionamento dunha empresa en comparación aos seus competidores.
- Identificación de candidatos para adquisicións de empresas, asociacións e fusións.
- Recibo de input para o futuro desenvolvemento do rating interno da empresa.